

XUVENTUDE 2013: UNHA ESTRATEXIA PARA A MOCIDADE GALEGA


III PLAN ESTRATÉXICO DE XUVENTUDE

ÍNDICE

1.- PRESENTACIÓN	Páx. 3
2.- MARCO NORMATIVO	Páx. 9
3.- RADIOGRAFÍA DA XUVENTUDE GALEGA	Páx. 20
4.- PRINCIPIOS REITORES	Páx. 59
4.1.- INFORMACIÓN, INTEGRACIÓN E PARTICIPACIÓN DA MOCIDADE	Páx. 60
4.2.- PROMOCIÓN EFECTIVA DOS DEREITOS DE LIBERDADE, IGUALDADE E DEMAIS DEREITOS SOCIAIS	Páx.61
4.3.- DISCRIMINACIÓN POSITIVA	Páx.61
4.4.- COORDINACIÓN E COLABORACIÓN.....	Páx.62
4.5. VISIÓN ESTRATÉXICA, OPERATIVIDADE E EFICACIA	Páx.63
5.- ÁMBITO DE APLICACIÓN	Páx. 64
6.- METODOLOXÍA	Páx. 75
7.- OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	Páx. 94
8.- EIXOS DE ACCIÓN PRIORITARIOS	Páx. 98
9.- SEGUIMENTO E AVALIACIÓN	Páx. 236
10.- ENTIDADES COLABORADORAS	Páx. 242

1.

PRESENTACIÓN



1.- PRESENTACIÓN

Dende a Xunta de Galicia, en nome do Presidente da Comunidade Autónoma, e tamén en representación da Consellería de Traballo e Benestar, cómpre expresar a necesidade de reactivar a operatividade da Comisión Interdepartamental de Xuventude co propósito de por en marcha un novo Plan Estratéxico de Xuventude que abranga toda a lexislatura, xa que dende o Plan que fora elaborado no ano 2004, non se considerou a oportunidade de redefinir a política de mocidade dende unha perspectiva global e interdepartamental.

E por iso que, sendo conscientes de que a xente moza é o futuro de Galicia, debemos favorecer a consolidación do protagonismo deste colectivo na vida política, económica, social e cultural da nosa comunidade autónoma, facilitándolles as condicións para o exercicio dunha cidadanía activa, tendo presente en todo momento, que corresponde aos poderes públicos instrumentar, fomentar e propiciar as condicións de aprendizaxe, oportunidade e experiencia que aseguren e faciliten o desenvolvemento do seu coñecemento, habilidades e competencias para xogar un papel activo tanto na sociedade civil como no mercado de traballo.

Neste contexto, o novo Plan Estratéxico de Xuventude, **Xuventude 2013: Unha estratexia para a mocidade galega**, eríxese pois, como un compromiso deste goberno a prol dos máis de 534.661¹ mozos e mozas da Comunidade Autónoma galega, de cara á consecución dun instrumento no que, material e formalmente, se recollan as accións políticas da Xunta de Galicia dirixidas á mocidade.

Destacar aquí, que este Documento Base non está pechado, este é un PLAN FLEXIBLE, aberto a alegacións e propostas de mellora, que pretende adaptarse á realidade de cada momento. Xuventude 2013: Unha estratexia para a mocidade galega, nace con capacidade de retroalimentación, co fin de mellorar en si mesmo e de ofrecer aos mozos e mozas da nosa Comunidade Autónoma unha resposta actualizada ás demandas cambiantes da sociedade. A través da Comisión Interdepartamental,

¹ Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE). 2009

vaise promover a actualización deste plan en tempo real e tendo en conta as aportacións dos diferentes axentes sociais implicados no seu desenvolvemento, desde agora mesmo ata o 2013.

Conceptualmente, a definición de mocidade como grupo de idade determinada é unha cuestión que suscita discusión pola meirande parte de sociólogos e expertos na materia, aínda que existan condicións e comportamentos que, en función da idade, pódense atribuír a todo o grupo.

En termos xerais, a mocidade defínese tradicionalmente como unha etapa da vida, unha fase ou ciclo vital, con características máis ou menos específicas de preparación ao tránsito ao mundo adulto².

Isto é, seguindo o informe “*Bases para una Política de Juventud*” do *Consejo de la Juventud de España* (2005), pódese definir a mocidade como unha construción histórica que trascende ó fenómeno demográfico e que evolucionou notablemente nas últimas décadas. É coa consolidación das sociedades industriais cando este concepto cobra peso, deixando de ser un mero tránsito á idade adulta e constituíndose como “un espazo de produción e reprodución social que xera os seus propios referentes culturais, políticos e sociais... é un feito multisectorial” (CJE, 2005:8).

Con esta idea, facemos referencia a que non obviamos que os mozos e mozas presentan diferenzas entre si, sen embargo ao mesmo tempo, enfréntanse ás mesmas circunstanciais sociais, culturais, económicas, etc., polo que este goberno considera tanto a especificidade como a diversidade do colectivo no momento de poñer en marcha este documento.

Este goberno asume que a evolución cara á idade adulta é cada día menos lineal e máis dilatada no tempo debido a diferentes causas: existencia dun modelo de socialización prolongado, a educación, a formación e as dificultades de acceso ao mercado de traballo.

² Jóvenes, derechos y ciudadanía. Fundamentación teórica y análisis cualitativo de una nueva frontera de derechos para los jóvenes.

A consecuencia diso é o retraso na emancipación, ademais da necesidade de redefinir as necesidades da mocidade nun intervalo de idades que comprende entre os 14 e os 30 anos.

A Xunta de Galicia non é allea á necesidade de investir na mocidade e capacitar a esta para que sexa posible aproveitar ao máximo o seu potencial:

- Investir nas persoas mozas significa aumentar os recursos para desenvolver os ámbitos das políticas que afectan á mocidade na súa vida cotiá (a educación, o emprego, a vivenda...).
- Pola súa banda, a capacitación da mocidade oriéntase a promover o potencial da xente moza para renovar a sociedade e facer factible así o acceso a maiores oportunidades.

Esta premisa que inspira o III Plan Estratéxico de Xuventude, Xuventude 2013: Unha estratexia para a mocidade galega, diríxese a todas as persoas mozas, en xeral, pero con especial incidencia por razóns de solidariedade, aos máis desfavorecidos e aos que teñan menos oportunidades. Deste xeito, establécense estratexias territorias implícitas en cada medida, tendo en conta desde cada programa e recurso, a distribución territorial da mocidade á que vai dirixida.

Polo seu contido, o Plan defínese polo seu carácter transversal e global, con intervención activa de todos os órganos de goberno, e outros axentes sociais con representación institucional na Xunta de Galicia, onde se desenvolven as principais políticas públicas dirixidas á mocidade galega, co propósito de promover as condicións óptimas para que a mocidade poida desenvolver as súas capacidades, aproveitar o seu potencial e participar directamente na sociedade. É por iso que, metodoloxicamente, podemos afirmar que o Plan Estratéxico de Xuventude, Xuventude 2013: Unha estratexia para a mocidade, é a consecuencia da aposta por un “método aberto de coordinación” para a elaboración conxunta do presente Plan.

Dende a Xunta de Galicia pártese dunha serie de premisas e liñas políticas en materia de xuventude que establecen a base sobre a que se enmarca este Plan. Así, as actuacións deste plan establecéronse garantindo a participación activa dos distintos sectores sociais, mediante un proceso de consulta e información á mocidade e ás entidades prestadoras de servizos a mozos e mozas. Por unha banda, realizouse unha campaña de comunicación do acceso público ao Documento a través da información a 20.000 mozos e mozas da base de datos da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, a 300 asociacións e entidades prestadoras de servizos a mocidade, a tódalas Oficinas Municipais de Información Xuvenil e a través da difusión do plan nas redes sociais. Por outra banda, levouse a cabo un proceso de consulta directo para obter información acerca da percepción da mocidade en relación a súa situación actual e futura, facendo especial fincapé nos problemas que lles preocupan, para coñecer o grado de información que teñen acerca das políticas, programas e recursos desenvolvidos pola Administración Autonómica, así como o seu grao de participación nos mesmos e, finalmente, saber as cuestións ou temas que máis lles interesan e preocupan. Este proceso de recollida e análise da información levouse a cabo cos 20.000 mozos e mozas que forman parte da base de datos da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, coa xente moza dos campamentos da DXXV e cos participantes no I Foro de Xuventude Galega no Exterior.

O Plan recolle máis de 254 medidas distribuídas en 9 eixos de acción que convivimos en diferenciar en eixos de acción transversais e eixos de acción específicos. Entre os primeiros recóllese a educación; o emprego; a creatividade e espírito empresarial; a vivenda e a saúde e o deporte. Na categoría de eixos de acción específicos, intégranse os eixos de acción que recollen as medidas competenciais atribuídas á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado (DXXV): información e formación; participación e asociacionismo; voluntariado xuvenil e mobilidade da mocidade. Non obstante, e aínda que o Plan deixe algún reto pendente, a resolución futura destes implicará novamente a colaboración de todos os axentes sociais. De calquera xeito, confiamos en que esta ferramenta, froito da participación conxunta, vaia abrindo o camiño para


que a mocidade poida desenvolverse activamente na sociedade que lles toca vivir en igualdade de condicións e oportunidades.

EIXOS		Nº TOTAL DE MEDIDAS	Nº TOTAL DE ORGANISMOS PARTICIPANTES*
Educación		56	52
Emprego		40	25
Creatividade e espírito empresarial		21	18
Vivenda		14	4
Saúde e Deportes		16	12
Propias da D.X.	Información e formación	46	16
	Participación e asociacionismo	23	12
	Voluntariado	15	16
	Mobilidade	23	12

* Enténdese por organismos participantes tanto os que fan a función de promotores como o resto de organismos colaboradores.

2.

MARCO NORMATIVO



2.- MARCO NORMATIVO

Dase conta, a continuación, do desenvolvemento normativo e marco decisorio (plans, programas, acordos...) que inspiran as políticas en materia de xuventude nos ámbitos autonómico, estatal e europeo ao estableceren un marco integral de ordenación nesta materia:

a) Ámbito Autonómico

No ámbito autonómico, o Estatuto de Autonomía de Galicia establece no seu artigo 27 as competencias exclusivas atribuídas á Comunidade autónoma galega en materia de:

- Fomento da cultura en Galicia, n.º 19,
- Promoción do deporte e a idónea utilización do lecer, n.º 22,
- Asistencia social, n.º 23,
- Promoción do desenvolvemento comunitario, n.º 24,

O Real Decreto 2434/1982, de 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma galega en materia de cultura, especifica (no seu anexo I.B.3.h) que esta asume as competencias no eido da promoción e organización de actuacións de animación sociocultural nos campos da arte, a artesanía ou turismo, dirixidas á xuventude, infancia, terceira idade e colectivos en risco de exclusión.

Polo Decreto 285/1989, de 16 de decembro, son asumidas as funcións e servizos que a Administración Xeral do Estado transfire á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción sociocultural para a xuventude e en materia de desenvolvemento comunitario.

De conformidade co exposto, en virtude da Lei galega 2/1987, de 8 de maio, creouse o Consello da Xuventude de Galicia (CXG) como entidade institucional representativa das organizacións xuvenís de Galicia, en defensa do asociacionismo xuvenil. En liña coa promoción da importancia da creación de órganos de participación, investigación e asesoramento no eido da xuventude, creouse polo Decreto 148/2008, de 26 de xuño, o Observatorio Galego da Xuventude, destinado á realización de estudos que permitan a aplicación de políticas de xuventude que respondan ás necesidades e inquedanzas deste colectivo.

No ámbito regulamentario, o Decreto 50/2000, de 20 de xaneiro, refundiu e actualizou nese momento a normativa vixente en materia de xuventude:

- O título I establece as condicións técnicas das instalacións xuvenís materializando así a necesidade existente ata o momento de regular os requirimentos mínimos (condicións hixiénico-sanitarias e de seguridade) que deberán cumprir estas instalacións destinadas ao desenvolvemento de actividades xuvenís no ámbito do lecer.
- O título II está integrado polas actividades de aire libre dirixidas á xuventude.
- No título III, articúlase a regulación dos programas de formación que se van a impartir nas escolas de tempo libre.
- No título IV do presente decreto está integrado polo censo de entidades xuvenís e no que se aborda o proceso de informatización dos datos relativos ás organizacións xuvenís e entidades prestadoras de servizos á xuventude.
- O título V regula a Comisión Interdepartamental de Xuventude, que é o órgano colexiado a quen lle compete conseguir unha efectiva coordinación de programas e dos departamentos da Administración autonómica, nas súas actuacións en materia de xuventude.
- O título VI, recolle a normativa que regula a Rede Galega de Documentación Xuvenil, configurada como un servizo público para a garantía do acceso á información da xuventude galega, condición básica para a plena participación deste colectivo na sociedade.

Na actualidade estase a traballar no texto do que será a futura Lei de acción voluntaria de Galicia. Non obstante, ata o momento, a actividade do voluntariado social está regulada pola Lei 3/2000 do 22 de decembro do Voluntariado de Galicia (modificada posteriormente pola Lei 3/2002, de 29 de abril, de medidas de réxime fiscal e administrativo).

No ámbito dos plans e/ou programas, a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia ven de presentar o Plan de Actuación Social de Galicia 2010-2013, sendo a primeira vez que un goberno galego pon en marcha un plan específico pensado para a organización e o deseño das políticas en materia social.

O Plan de Actuación Social de Galicia 2010-2013 desprégase mediante tres plans de actuacións concretos:

- Aposta pola recuperación demográfica de Galicia. Busca a implicación de todo o Goberno galego e a sociedade nun gran pacto pola recuperación demográfica de Galicia, a través de medidas de impulso aos nacementos e da conciliación.

Así mesmo, contempla as liñas a seguir para garantir unha posición activa da xuventude como motor do futuro de Galicia. Neste senso, O Plan “Aposta pola Xuventude” suscribe a visión da Unión Europea para a mocidade³: investimento na xuventude e capacitación da xente moza, sobre a cal sustenta a súa acción en cinco liñas xerais:

1. Crear máis oportunidades para a mocidade na educación e no emprego.
2. Mellorar o acceso á sociedade de toda a mocidade e a súa plena participación nela.
3. Potenciar a solidariedade mutua ente a sociedade e a xente moza.
4. Mellorar a calidade de vida da mocidade galega.
5. Fortalecer os instrumentos de xestión.

³ Unha estratexia da UE para a xuventude: investimento e capacitación. Un método aberto de coordinación renovado para abordar os desafíos e as oportunidades da mocidade. Comunicación da Comisión ao Consello, ao Parlamento Europeo e ao Comité das Rexións. Comisión das Comunidades Europeas, Bruxelas 27.04.2009. COM (2009) 200 final.

Articula, así mesmo, as súas accións en tres eixos estratéxicos:

- Eixo estratéxico 1: Correspóndese co cometido que nos ocupa, é dicir, o deseño e posta en marcha do Plan Estratéxico de Xuventude, Xuventude 2013: Unha estratexia para a mocidade galega.
- Eixo estratéxico 2: Desenvolvemento da Rede Territorial de Servizos para a Xuventude.
- Eixo estratéxico 3: Impulso das políticas transversais de xuventude.

- Plan de promoción e atención ao benestar das persoas (“Plan de Benestar”). O seu obxectivo é articular unha resposta áxil, organizada, eficaz e adecuada ás necesidades das persoas, atendendo á súa prevención e a súa atención. O plan contempla sete ámbitos: infancia e adolescencia, familia, xuventude, promoción da autonomía persoal, atención a persoas con dependencia, colectivos en risco de exclusión e voluntariado. Dentro do ámbito de xuventude desenvólvense os eixos citados no anterior plan.

Para lograr este obxectivo con eficacia é especialmente relevante a xestión da demanda e a xestión da oferta de servizos.

- Plan Sociolaboral de Galicia (“Plan Sociolaboral). Nace da identificación dun espazo común entre o Plan Autonómico de Emprego e o Plan de Benestar: estimulación do mercado laboral e atención ás necesidades das persoas.

O seu obxectivo é facilitar a dinamización do mercado dos servizos sociais en todos os seus ámbitos e facilitar, tanto a integración das persoas en risco de exclusión a través do acceso ao emprego que pode xerar este importante campo de actividade, como o desenvolvemento da forza laboral neste sector económico a través do fortalecemento da formación, cualificación e acreditación xunto ao estímulo ao ámbito empresarial que se desenvolve neste campo.

b) Ámbito Estatal

No ámbito estatal, a Constitución Española xa no seu artigo 9.2) encomenda aos poderes públicos a promoción das condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, eliminando os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social.

Respecto da xuventude no seu artigo 48) sinala que os poderes públicos promoverán as condicións para a participación libre e eficaz da mocidade no desenvolvemento político, social, económico e cultural.

Da lexislación estatal teñen especial relevancia as seguintes normas:

- Lei 18/1993, de 16 de novembro, de creación do Organismo Autónomo *Consejo de la Juventud de España*, constituíndose como fin principal do mesmo fomentar a participación da xuventude no desenvolvemento político, social, económico e cultural.
- Real Decreto 486/2005, de 4 de maio, polo que se aproba o Estatuto do organismo autónomo *Instituto de la Juventud*. Establecéndose como principios xerais de actuación no seu artigo 2.1.) os seguintes:
 - a) Promover a igualdade de oportunidades entre a xuventude.
 - b) Propiciar a participación libre e eficaz da xuventude no desenvolvemento político, social, económico e cultural.
 - c) Impulsar a colaboración cos restantes departamentos ministeriais e as demais Administracións públicas, con competencias que incidan sobre este sector de poboación.

Froito deste principio de traballo colaborativo, a finais do ano 2009, o *Instituto de la Juventud (INJUVE)* asinou un convenio coa Comunidade Autónoma de Galicia, para a promoción da igualdade de oportunidades da mocidade, mediante o desenvolvemento de programas de promoción da emancipación xuvenil, a través do

acceso ao emprego e a vivenda. Produto do devandito Convenio foi a posta en marcha da Oficina de Emancipación Xuvenil de Santiago de Compostela, que ten a súa sede no Centro Coordinador de Información.

O INJUVE será, a súa vez, o organismo encargado de desenvolver as prioridades, en materia de xuventude, fixadas no programa de traballo do *Consejo de la Unión Europea* para o período da Presidencia do Trío España, Bélxica e Hungría (18 meses), das que destacamos:

1. Implantación do Marco renovado de cooperación europea en materia de xuventude (2010-2018): Para o desenvolvemento e aplicación do citado texto, a Presidencia Europea fai fincapé na necesidade de desenvolver iniciativas transversais que incorporen a dimensión da xuventude noutras políticas e o inicio dun proceso de diálogo coa mocidade. Para elo, a primeiros do ano 2010 estableceuse un *grupo de trabajo nacional* que levou a cabo unha Consulta Nacional sobre o emprego na que a xente moza de toda España debateu sobre temas como a temporalidade no traballo, as becas de formación ou os problemas de mobilidade.
2. Presidencia do grupo de traballo de xuventude del Consejo de la Unión Europea: Fixáronse temas como a renovación do Pacto europeo para a xuventude, a integración da perspectiva da xuventude na futura Estratexia Europea 2020 e a inclusión activa da mocidade.
3. Business meeting: Encontros informais de directores de axencias nacionais do programa Juventud en Acción, onde se fai fincapé na necesidade de establecer nexos de unión entre as diferentes áreas políticas onde a xuventude está presente, asegurar a inclusión como prioridade tanto no programa como na presidencia española, fortalecer a xestión descentralizada do programa e establecer as diferenzas que poden existir entre os grupos de xente moza.

4. Conferencia da Unión Europea de xuventude sobre “O emprego xoven e inclusión social”: O emprego é o principal tema a tratar nas tres conferencias que terán lugar durante o Trío de Presidencias (España, Bélxica e Hungría), que se estruturan nos seguintes grupos de traballo: emprego xuvenil e impacto na emancipación dos xóvenes e das xóvenes; iniciativa empresarial e autoemprego da mocidade; condicións laborais e igualdade de condicións e oportunidades, conciliación da vida laboral e familiar, formación e educación, aprendizaxe permanente e mobilidade, innovación, creatividade e uso das novas tecnoloxías da comunicación e información; diálogo social, participación e dereitos dos traballadores e traballadoras e cohesión social e inclusión.

5. Reunión de directores xerais de xuventude dos Estados membros da Unión Europea: Na primeira parte da reunión dos directores xerais de xuventude da Unión Europea debateuse e intercambiáronse puntos de vista sobre a futura iniciativa da Unión Europea “*Youth on the move*” (Xóvenes en movemento). A continuación, nunha segunda fase, os representantes dos estados non membros, outras institucións europeas e distintas organizacións internacionais abordaron o tema da implementación da Resolución do Consejo relativa ao marco renovado para a cooperación europea no ámbito da xuventude para o período 2010-2028.

6. Reunión de directores xerais de xuventude da Unión Europea e altos responsables de xuventude de Iberoamérica: Tratáronse temas como a presentación da Resolución do Consejo de 27 de novembro de 2009, relativa ao marco renovado para a cooperación europea en materia de xuventude (2010-2018), presentación do Plan iberoamericano de cooperación e integración da xuventude, procesos de participación dos xóvenes na política de xuventude e indicadores de xuventude.

7. Seminario de alto nivel sobre políticas de xuventude dende unha perspectiva transversal: Contou coa participación de persoas representantes dos órganos directivos de distintos Estados membros para a exposición dos seus proxectos e iniciativas en materia de xuventude.

c) Ámbito Europeo

Unha vez percorrido o contexto normativo autonómico e estatal no cal se desenvolve e orienta o III Plan Estratéxico de Xuventude, Xuventude 2013: Unha estratexia para a mocidade galega, non podemos obviar as aportacións que dende o marco europeo se veñen desenvolvendo no eido da xuventude. As pretensións do III Plan Estratéxico de Xuventude, Xuventude 2013: Unha estratexia para a mocidade galega, inspíranse notablemente nas bases da Comunicación da Comisión Europea ao Consello, ao Parlamento, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións do 27 de abril do 2009, (COM 2009) titulada “Una estrategia de la UE por la juventud: Inversión y capacitación”. É na referida comunicación da Comisión das Comunidades Europeas na que se subliña a estratexia da Unión Europea para a mocidade:

A visión actual da UE para a xuventude parte dunha premisa fundamental: que o futuro de Europa depende da súa xuventude.

Trátase dun método aberto de coordinación renovado para abordar os desafíos e as oportunidades da xuventude ao crear as condicións favorables para que esta desenvolva as súas capacidades, aproveite o seu potencial, traballe, participe activamente na sociedade e se comprometa máis na construción de proxectos sociais.

Asemade, como resultado dunha consulta en toda Europa, establécese que os desafíos actuais que se lle plantexan á mocidade son os seguintes: a educación, o emprego, a integración social e a saúde.

Historicamente dende o ano 1988 aplícanse programas da UE destinados á mocidade:

- O programa *La Juventud con Europa* do ano 1988, tiña como finalidade principal potenciar o intercambio de mozos e mozas no territorio da Unión Europea.

- No ano 1996, pónese en marcha un programa de acción comunitario relativo ao servizo voluntario europeo para a mocidade, que, xunto co anterior, integrouse no *Programa Juventud*, que propuxo un debate a nivel europeo entre todos os estados membros sobre a necesidade dunha política de xuventude común.

- Na actualidade o *Programa La Juventud en Acción (2007-2013)* adopta como obxectivos prioritarios:

- Promover a cidadanía activa da mocidade.
- Potenciar a solidariedade e promover a tolerancia.
- Favorecer o entendemento mutuo entre mozos e mozas de países diferentes.
- Favorecer a cooperación europea no ámbito da xuventude.

O proceso político iniciouse co *Libro Blanco* de 2001 onde se recolleron unha serie de plantexamentos e orientacións para os Estados Membros con relación ás temáticas de maior interese para a xuventude, que é preciso ter en conta á hora de planificar actuacións que teñan á mocidade como colectivo obxectivo. As catro prioridades identificadas no *Libro Blanco* foron: participación, información, actividades de voluntariado entre a xente moza e maior comprensión e coñecemento da xuventude.

Outro fito importante nas políticas europeas de xuventude ven dado pola adopción por parte do *Consejo Europeo*, no ano 2005, do *Pacto Europeo para la Juventud*, sendo o obxectivo principal do mesmo mellorar a educación, a formación, a mobilidade, a inserción profesional e a inclusión social da mocidade europea facilitando, ao mesmo tempo, a conciliación entre a actividade profesional e a vida familiar.

A primeiros do 2010, coincidindo coa presidencia de España na Unión Europea, entra en vigor o Tratado de Lisboa e a resolución que aproba un marco renovado para a cooperación europea en materia de xuventude 2010-2018, establecendo como prioridade o emprego da mocidade.

As tarefas a desenvolver en materia de xuventude durante a presidencia do Trío (España, Bélxica e Hungría) establecéronse ao longo das reunións mantidas dende o ano 2008 ata 2010. Como resultado das mesmas elaborouse un plan de traballo onde se establecen as prioridades de traballo no contexto actual e os obxectivos a longo prazo, así como as cuestións concretas que abordará o *Consejo* da Unión Europea nos próximos 18 meses.


Cada un dos membros do Trío adoptan un tema específico para o seu período de mandato, sendo a inclusión social o tema de España. En relación a isto, na última reunión do *Consejo* (22 de abril de 2010), relativa á inclusión activa dos xóvenes: loita contra o desemprego e a pobreza, determináronse os seguintes obxectivos:

- Facilitar o acceso da mocidade ao mercado laboral e ofrecer oportunidades de maior seguridade no emprego en condicións de non discriminación.
- Ofertar un acceso mellorado a unha educación de calidade e facilitar unha transición sen obstáculos ao mercado laboral dende a ensinanza e a formación profesional ou dende o desemprego e a inactividade.
- Facilitar a conciliación da vida privada, familiar e laboral.
- Previr a pobreza e a exclusión social dos e das xóvenes, así como a perpetuación destes problemas dunha xeración a outra.

Para elo márcanse dous ámbitos de actuación específicos como son a educación e a formación e o emprego e o espírito empresarial, aspectos que se ven recollidos no III Plan Estratéxico de Xuventude, *Xuventude 2013: Unha estratexia para a mocidade galega* a través dos seus eixos de acción, tanto de forma específica no eixo de educación, emprego e no creatividade e espírito empresarial, así como nas actuacións propias da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

3.

RADIOGRAFÍA DA XUVENTUDE GALEGA



3.- RADIOGRAFÍA DA XUVENTUDE GALEGA

CARACTERÍSTICAS SOCIODEMOGRÁFICAS

En termos absolutos, en 2009, Galicia contaba con 470.870 persoas con idades comprendidas entre os 15 e 29 anos o que, en termos relativos, supón un 16,8% do total da poboación.

	Nº TOTAL MOZOS E MOZAS	HOMES	MULLERES
16,8% da poboación	470.870	239.777	231.093

Táboa 1. Número de mozos e mozas galegos. Fonte: INE. Padrón Municipal de Habitantes. 2009

❖ Distribución xeográfica.

En canto á distribución provincial da xente moza, atíbase unha maior concentración nas provincias de A Coruña (40,58%) e Pontevedra (36,64%). Pola súa banda, Ourense e Lugo apenas concentran, entre ambas, o 22,7% do total



Imaxe 1. Distribución da poboación moza por provincias. Fonte: INE. Padrón Municipal de Habitantes. 2009

Non obstante, a sociedade galega é unha sociedade cada vez máis envellecida, onde a importancia ou o peso da mocidade estase vendo superado pola presenza da xente maior. Segundo os datos do INE, no ano 2009, a xente de 65 ou máis anos representaba o 21,88% do total da poboación; máis de 5 puntos por encima con respecto á xuventude para o mesmo rango temporal.

❖ **Proxección da poboación.**

Así mesmo, as proxeccións da poboación parecen indicar que para 2017 a xuventude represente un pouco máis do 16,39% do total da poboación. Lembremos que hoxe en día esta cifra roza case o 18,35%. Pola contra, estímase que as persoas maiores de 65 anos pasen de ser un 21,88% a un 24,1% do total.

Galicia	2010	% sobre o total da poboación	2011	% sobre o total da poboación	2012	% sobre o total da poboación	2013	% sobre o total da poboación
14-30	503.120	18,35	483.835	17,61	466.567	16,96	451.337	16,39
Total poboación	2.742.129		2.746.352		2.750.028		2.753.045	

Táboa 2. Proxección da xuventude en Galicia. Fonte: IGE.

Analicemos tamén as proxeccións da poboación xuvenil para o período de vixencia do III Plan Estratéxico de Xuventude, *Xuventude 2013: Unha estratexia para a mocidade galega*. En termos relativos, a presenza de xuventude respecto da poboación total vai ir diminuíndo anualmente. Así, en 2013 estímase que a presenza da poboación xuvenil se sitúe case dous puntos por debaixo respecto do ano 2010.

ESTILOS DE CONVIVENCIA, EMANCIPACIÓN E VIVENDA

Segundo o Informe do segundo trimestre de 2009 realizado polo *Observatorio Joven de Vivenda en España*, máis do 60% da xuventude galega non estaba emancipada. Entre os que si o están, como é lóxico esperar, o maior número concéntrase no tramo de idade que vai dos 25 aos 29 anos, dado que a dependencia económica tamén é menor a estas idades. Parece ser que tamén, segundo os datos do Observatorio, a economía é o principal problema que está a limitar o acceso á vivenda da xente nova. Isto é así porque, a pesares de que a baixada do custo de acceso á vivenda en propiedade foi moito máis acusada en Galicia que noutras comunidades, dispoñendo dun único salario, e máis cando estes en moitos casos non son esaxeradamente elevados nin estables, o pago dunha hipoteca implicaría máis da metade da remuneración neta que percibe a xente moza na nosa comunidade.

Como referencia, o salario neto anual dunha persoa de 25 a 29 anos ascenda a 13.025,60 €, segundo os datos do OBJOVI.




Gráfico 1. Porcentaxe de xente moza emancipada. Fonte: Observatorio Joven de Vivenda en España (Segundo trimestre 2009).

Unha das principais razóns polas cales os mozos e mozas non abandonan a residencia familiar é a dependencia económica. Dito doutra forma, o 45% dos mozos e mozas galegos apuntan á independencia económica como a principal condición para a súa emancipación, sendo a segunda razón a de ir a vivir en parella (24%)




Gráfico 2. Motivo principal para deixar a vivenda familiar. Fonte: Xuventude Galega 2007. Informe de resultados

Recordemos, polo tanto que a gran maioría das persoas mozas galegas (63,89%) viven na casa cos seus pais. Neste senso, no que respecta á convivencia no ámbito familiar, as relacións adoitan ser boas. En termos xerais, sete de cada dez mozos e mozas afirman non discutir nunca cos seus proxenitores. Existen, non obstante, algúns “motivos de discordia”, como poden ser o traballo domestico (52,28%), os estudos (36,51 %), erguerse da cama cando a un lle apetece (31,25%), a hora de chegada (26,39%) ou os cartos (25,47%).




Gráfico 3. Motivos de discordia cos proxenitores. Fonte: Xuventude Galega 2007. Informe de resultados

FORMACIÓN E ESTUDOS

❖ Ensino non universitario.

Segundo os datos estimativos que nos ofrece a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o curso 2009-2010, o número de persoas matriculadas nos distintos niveis do ensino non universitario ascende a 108.858, co seguinte desglose:




Gráfico 4. Número de persoas matriculadas segundo os distintos niveis de ensino. Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Así mesmo, o número de matriculacións estimadas para o curso 2009-2010 en canto ás ensinanzas de adultos e educación especial ascende a 18.163 matriculacións . En termos relativos este dato representa máis do 16% do total de xente moza matriculada nas ensinanzas ordinarias.

❖ **Ensino universitario.**

En canto á poboación universitaria, a distribución do número de matriculacións de novo ingreso nas distintas ramas de coñecemento, segundo os datos do curso académico 2009-2010, foi a seguinte:




Gráfico 5. Porcentaxe de matrícula de novo ingreso no ensino universitario. Fonte: Ministerio de Educación (Estudio da oferta, demanda e matrícula de novo ingreso no curso 2009-2010).

❖ **Formación non regrada.**

No ámbito da formación chamada “non regulada”, no ano 2009 e segundo os datos ofrecidos polo IGE, 930 mozos e mozas con idades comprendidas entre os 17 e 24 anos estaban a formarse nas escolas obradoiro e casas de oficios. No caso dos obradoiros de emprego, o alumnado cifrábase en 543.




Gráfico 6. Número de alumnado matriculado en formación “non regulada”. Fonte: INE 2009 (Basados nos datos cedidos pola Consellería de Traballo e Benestar).

❖ Nivel de estudos.

En canto ao nivel de estudos da xuventude galega, pódese afirmar positivamente que a mocidade está moi ben preparada dende un punto de vista académico. Así, tal e como se apuntaba no Informe de resultados da xuventude galega, no ano 2007 máis do 86% do total da xente nova tiñan superado a ensinanza obrigatoria. Un 29,15% acadaron o bacharelato e un 13% estudos de formación profesional de segundo grao. En canto á formación universitaria, máis do 21% dos mozos e mozas participantes no estudo tiñan acadado estudos universitarios de primeiro ciclo, o 14,6% unha carreira e un 2,7% conseguiran especializarse mediante un master ou doutoramento. Así as cousas podemos tamén afirmar que a xuventude galega é consciente da necesidade, hoxe día, de dispor dun nivel formativo alto para poder “competir” no mercado de traballo. Neste senso, de entre os mozos e mozas que estaban a estudar no momento de implementación do estudo, un 68% dicían esperar acceder aos estudos universitarios, sendo a súa motivación principal o feito de “poder conseguir un bo traballo”.

SITUACIÓN LABORAL E INDEPENDENCIA ECONÓMICA.

❖ Taxa de desemprego.

Segundo os datos do informe presentado pola Consellería de Traballo e Benestar, en maio do ano corrente, o número de demandantes de emprego menores de 30 anos rexistrados nas oficinas de emprego é 52.646 persoas, o que constitúe o 23,03% da poboación parada.

	Nº TOTAL MOZOS E MOZAS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO	HOMES	MULLERES
23,03% do total da poboación parada	52.646	27.358	25.288

Táboa 3. Número de xente moza demandante de emprego. Fonte: IGE. Estatísticas mensuais publicadas pola Consellería de Traballo e Benestar (mes de maio 2010).

Se atendemos á evolución do paro rexistrado por persoas menores de 30 anos dende o ano 2007, o resultado é o seguinte:




Gráfico 7. Evolución do paro rexistrado en menores de 30 anos. Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

**Os datos fan referencia a un promedio anual*

Tal e como cabía de esperar a situación é tendente á alza, motivada pola situación de crise mundial que nos está tocando vivir. A falla de emprego continúa a ser unha das principais preocupacións manifestas pola xuventude. Neste senso, na procura de atallar esta situación, a Consellería de Traballo e Benestar está a deseñar xa ferramentas específicas que promovan o desenvolvemento de maiores oportunidades laborais para os mozos e mozas galegos como é o Plan de Emprego Xuvenil, as bases do cal se asentan no fomento da actividade emprendedora, o estímulo da inserción laboral ou a incentivación á contratación da xente moza.

Se comparamos a situación da Comunidade Autónoma galega co resto do Estado, segundo as cifras recollidas no boletín “Encuesta de la población activa (EPA). Cifras Jóvenes” editado polo INJUVE relativas ao primeiro trimestre de 2010, cifrábanse para o territorio español 1.579.500 mozos e mozas parados. Podemos concluír entón que máis do 31% da poboación parada en España é xente moza, case dez puntos por encima respecto desta situación na Comunidade Galega.

❖ Taxa de ocupación.

Se nos centramos agora na situación das persoas mozas ocupados, observamos que son 184.700 os galegos e galegas que se atopan nesta condición, dato que representa, en termos relativos, ao 16,83% da poboación ocupada. Se reparamos no sexo, son os homes os que rexistran unha maior ocupación, sobre todo, no tramo de idade que vai dos 25 aos 29 anos. É significativo tamén que no grupo de idade máis baixo, dos 16 aos 19 anos, o número de mulleres ocupadas é bastante inferior con respecto ao sexo oposto de igual idade, previsiblemente porque as mozas adoitan continuar cos seus estudos máis aló do ensino obrigatorio, momento no cal moitos mozos deciden incorporarse ao mundo laboral.

Grupos de idade	Total	Homes	Mulleres
16- 19 anos	7.900	4.700	3.200
20-24 anos	53.900	28.500	25.400
25-29 anos	122.900	61.300	61.600
	184.700	94.500	90.200

16,83% da poboación ocupada

Táboa 4. Número de xente moza ocupada por tramos de idade e sexo. Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa (1º trimestre 2010).

❖ Tipo de xornada laboral.

Segundo o informe de resultados elaborado polo Instituto Galego das Cualificacións referido ao segundo trimestre do ano 2010, destacamos que máis da metade das persoas mozas ocupadas teñen un contrato temporal a tempo completo .




Gráfico 8 Porcentaxe de xente moza que traballa segundo o tipo de contrato. Fonte: Instituto Galego das Cualificacións (Segundo trimestre 2010).

❖ Sectores e tipo de actividade.

En canto aos sectores ou tipo de actividade, a maioría da mocidade, declaran traballar como administrativos, axentes comerciais ou empregados de nivel medio. A segunda a actividade ven dada polo traballo cualificado na industria, construción, servizos ou explotacións agrarias.

❖ Ingresos.

No que respecta aos ingresos da xuventude galega, máis do 25% xente moza enquisada, afirmaron vivir exclusivamente dos seus ingresos. Un 23,76% a pesares de vivir principalmente do seu propio diñeiro, precisan dun pequeno apoio económico por parte de terceiras persoas, normalmente os pais. Noutro extremo, sitúanse aqueles que viven, de forma única, dos ingresos doutras persoas, case o 27% do total. Así as cousas, podemos concluír que máis da metade da mocidade galega é independentes economicamente.

LE CER E TEMPO LIBRE

No que se refire ao lecer e tempo libre, a media de horas semanais que a mocidade dedica ao lecer é de vinteseis, dúas horas menos que a media para o Estado (INJUVE, 2004). A idade resulta un factor determinante no disfrute do lecer, dado que a maior idade menor é o tempo de lecer, diminuindo en cinco horas o tempo adicado ao lecer na franxa de idade de 25 a 29 anos (23 horas adicadas ao tempo libre) con respecto aos e ás mozos e mozas de 15 a 19 anos (28,4 horas ocupadas no tempo libre).




Gráfico 9 Número de horas dedicadas ao lecer e tempo libre.
Fonte: Xuventude Galega 2007. Informe de resultados

❖ Periodicidade na que a mocidade acode a espectáculos e eventos culturais.

En relación á periodicidade coa que a xuventude acode a “Espectáculos e eventos culturais”, tales como cine, teatro, concertos de música clásica, moderna e orquestras, espectáculos deportivos, museos e espectáculos de paiasos, cómicos e de atraccións cabe salientar que sobre un 56% acoden algunha vez ao ano e que o 15,78% o faino cada mes.




Gráfico 10. Periodicidade na que a mocidade acoden a “Espectáculos e eventos culturais”. Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias. 2006.

Tendo en conta os datos do IGE, o 26,71 % dos mozos e mozas galegos acoden cada mes ao cine, seguido dun 16,91 % que o fai a espectáculos deportivos. Se temos en conta a periodicidade anual, os espectáculos que maior asistencia teñen son os concertos e orquestras (75,15 %), seguido da música moderna, tradicional ou solista (61,34%). Cabe sinalar que ao redor dun 30 % de mozos e mozas non asisten a espectáculos como teatro ou música clásica por carecer dese servizo preto do seu fogar.

	Cada semana	Cada mes	Algunha vez ao ano	Nunca, porque non dispoño de ese servizo preto do fogar	Nunca, por outros motivos
Cine	4,48%	26,71%	48,75%	7,17%	12,90%
Teatro		1,38%	28,45%	30,81%	39,37%
Música clásica		1,18%	15,06%	33,48%	50,28%
Música moderna, tradicional ou solista		5,63%	61,34%	16,07%	16,97%
Concertos de orquestras en verbenas		2,79%	75,15%	4,52%	17,54%
Museos e exposicións		4,56%	46,99%	21,03%	27,41%
Parques de atraccións ou similares		0,64%	50,52%	25,43%	23,41%
Monicreques, sesións de contacontos, circo, espectáculos de paiaos ou cómics		1,09%	33,33%	29,02%	39,39%
Espectáculos deportivos		16,91%	42,41%	12,85%	27,83%

Táboa 5. Frecuencia coa a mocidade acode a diferentes espectáculos e eventos culturais.
Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias.2006.

❖ Tipoloxía das actividades de lecer.

Segundo o *Informe Juventud en España 2008*, a xuventude ocupa o seu tempo de lecer en saír cos e cas amigos e amigas (98%), escoitar música (96%) e o uso do ordenador (74%). Algo moi similar observamos no Informe sobre a Xuventude Galega realizado no 2007, no cal nove de cada dez casos prefiren saír cos e cas amigos e amigas e escoitar música no seu tempo de lecer, seguido de ir de copas (nun 82,54 % no caso dos mozos e dun 77,43 % no caso das mozas) e do manexo do ordenador (aproximadamente un 75%). Por outra banda, as actividades as que menos adican o seu tempo libre a mocidade galega son a de colaborar con ONG ou asociacións (8,74 % no caso dos mozos e 9,62 % no caso das mozas), a de asistir a conferencias, coloquios ou ir a museos e exposicións.

Se temos en conta a variable sexo, atopámonos que as diferencias máis significativas serían nas actividades de facer deporte ou asistir a competicións, na que sete de cada dez mozos adicarían o seu tempo libre a esta actividade, fronte ás mozas que a ratio baixaría a tres de cada dez. Algo semellante acontece con xogar a videoxogos, consolas,... na que un 52,43 % dos mozos ocupan parte do seu tempo libre mentres que no caso das mozas redúcese a un 20,25%.




Gráfico 11. Actividades de lecer e tempo libre, segundo o sexo. Fonte: Xuventude Galega 2007. Informe de resultados.

Se temos en conta o factor idade, a pesar de non atopar grandes diferenzas en xeral, a non ser na actividade de xogar con videoxogos, consolas,... na que, a maior idade menor é a porcentaxe de adicación á mesma (51,02 % nos mozos e mozas de 15 a 19 anos e 27,27 % nos mozos e mozas de 25 a 29 anos), observamos que no caso de “facer deporte ou asistir a competicións”, “saír ou reunirse cos/as amigos/as”, “empregar o ordenador” e “escoitar música, CD,...”, na medida que a mocidade, ten maior idade menos tempo empregan neste tipo de actividades. Mentres que no caso das actividades “Beber, ir de copas ou discotecas”, “ir a concertos”, “ir a museos, exposicións,...”, “asistir a conferencias, coloquios...”, a maior porcentaxe de persoas que ocupan o tempo de lecer con este tipo de actividades serían a mocidade de entre 20 e 24 anos. Por último, actividades como “viaxar ou saír de excursións”, “ir ao cine ou ao teatro” e “colaborar en ONG ou asociacións” irían en aumento na medida que a xente moza vai cumprindo anos.




Gráfico 12. Actividades de lecer e tempo libre, segundo idade. Fonte: Xuventude Galega 2007. Informe de resultados

MEDIOS DE COMUNICACIÓN

❖ Número de horas que a mocidade adica a ver a televisión e escoitar a radio.




Gráfico 13. N° horas que a mocidade lle dedican a ver a televisión ou escoitar a radio, segundo o sexo. Fonte: Xuventude Galega 2007. Informe de resultados

Das 26 horas semanais que os mozos e mozas adican ao tempo libre, doce adícanas a ver a televisión, cifras moi similares á media española (cunha media de 12,5 horas. INJUVE 2004), e nove a escoitar a radio.

Non se atopan diferenzas significativas entre os mozos e as mozas no número de horas adicadas á semana a ver a televisión ou escoitar a radio.

Na franxa de idade de 15 a 19 anos a mocidade galega escoita de media a radio 6 horas á semana, aumentando o número de horas na medida que a mocidade vai cumprindo anos, achegándose a 12 horas semanais entre a franxa de 25 a 29 anos.

No caso da televisión a tendencia é á inversa, xa que a medida que os mozos e mozas cumpren anos adícanlle menos horas.




Gráfico 14. N° horas que a mocidade lle dedica a ver a televisión ou escoitar a radio, segundo a idade. Fonte: Xuventude Galega 2007. Informe de resultados

❖ Frecuencia na que len xornais e outro tipo de publicacións.

O 46,19 % da xente moza le a diario algún xornal e un 27,01 % algunha vez a semana, sendo tan só un 4,09 % da mocidade os que nunca le un xornal. No referente a outro tipo de publicacións diminúe ata un 7,12 % a xente moza que le a diario, seguido dun 22,55 % que o fai unha vez á semana, porcentaxe similar aos que o fan varias veces á semana (22,31 %), sendo un 11,18 % os que nunca len outro tipo de publicacións.




Gráfico 15. Frecuencia coa que a mocidade le un xornal. Fonte: Xuventude Galega 2007. Informe de resultados




Gráfico 16. Frecuencia coa que a mocidade le outro tipo de publicacións. Fonte: Xuventude Galega 2007. Informe de resultados

SAÚDE

❖ Percepción do estado de saúde.

Na actualidade enténdese por saúde “un recurso para a vida e non o obxectivo da vida”, no que, estar san é “a capacidade (...) para manter un estado de equilibrio apropiado á idade e ás necesidades sociais”. Segundo isto nunha enquisa nacional sobre saúde (INE: 2006), aproximadamente un 80% da xuventude española valora de forma positiva a súa saúde. Se temos en conta o *Informe Juventud en España 2008* a porcentaxe diminúe ata un 70% de mozos e mozas que perciben que teñen bo ou moi bo estado de saúde.

❖ Consumo de alcohol, tabaco e drogas.

▪ Idade media do primeiro consumo das diferentes sustancias.

Segundo o *Informe do Observatorio Español sobre drogas do 2007* os mozos e mozas comezan a consumir tabaco e bebidas alcohólicas ao redor dos 16 anos, continuando con sustancias como o cannabis, alucinóxenos ou anfetaminas entre os 18 ou 19 anos e outro tipo de sustancias (éxtases, heroína, outros opiáceos,..) ao redor dos 20 anos.




Gráfico 17. Idade media no comezo de consumo de diferentes sustancias. Fonte: Informe do Observatorio sobre drogas (2007).

▪ **Porcentaxe de consumo de alcohol.**

O 80% da mocidade galegas consume algún tipo de bebida alcohólica, da que tres de cada dez mozas e case catro de cada dez mozos afirma facelo 1 ou 2 veces á semana, sendo un 7,66% dos mozos e un 2,44 % das mozas os que fan un consumo diario de alcohol.




Gráfico 18. Porcentaxe de xente moza que consume alcol e a súa periodicidade, segundo sexo. Fonte: Xuventude Galega 2007. Informe de resultados.

En relación ás idades, a franxa de idade onde menor é o número de consumidores de alcohol é a de 15 a 19 anos (cun 21,94 % de mozos e mozas que declaran non consumir nunca alcohol), fronte aos mozos e mozas de idades comprendidas entre os 20 e 24 anos onde nove de cada dez son consumidores de alcohol.




Gráfico 19. Porcentaxe de xente moza que consume alcol e a súa periodicidade, segundo idade. Fonte: Xuventude Galega 2007. Informe de resultados

As mulleres acostuman a beber entre 1 e 4 copas na noite, mentres que os homes, nun 32,33%, habitúan beber máis de 4 copas cada noite.




Gráfico 20. Número medio de copas que bebe a mocidade nunha noite, segundo sexo. Fonte: Xuventude Galega 2007. Informe de resultados.

Se temos en conta a idade de consumo observamos que entre os 15 e 19 anos o máis habitual é o consumo de 1 ou 2 copas por noite (32,51 %), entre os 20 e os 29 a maior porcentaxe de persoas de consumo de copas nunha noite estaría entre 3 ou catro (31,64% na franxa de idade dos 20 aos 24 anos e 30,84% na franxa de idade dos 25 aos 29 anos).




Gráfico 21. Número medio de copas que bebe a mocidade nunha noite segundo idade. Fonte: Xuventude Galega 2007. Informe de resultados

❖ Tabaco.

Segundo datos facilitados pola Consellería de Sanidade no 2008 máis do 30% da mocidade galega é fumadora, aínda que só un 27% o fai a diario e un 6% faino esporadicamente. Mentras que un 60% nunca fumou e un 10% eran fumadores/as e agora deixáronno.

O maior número de persoas fumadoras atópase entre os 20 e 29 anos e, a pesar de que non hai que sinalar diferenzas significativas entre os homes e as mulleres á hora de consumir tabaco, podemos salientar que a porcentaxe de mulleres que fuma diariamente é tres puntos superior á dos homes.




Gráfico 22. Porcentaxe da mocidade fumadora. Fonte: Datos da Consellería de Sanidade (2008).

- ❖ **Cannabis e outras substancias.**
 - **Porcentaxe de consumo de cannabis e outras sustancias**

Na *Estrategia Nacional sobre drogas (2009-2016)*, a droga ilegal máis consumida en España é o cannabis, ocupando a cocaína o segundo o lugar entre as drogas ilegais, aínda que tamén se percibe unha tendencia á diminución do consumo dende o ano 2005. En Galicia, obsérvase que case se cuadriplica a porcentaxe de xente moza que consume cannabis fronte aos que consumen outro tipo de drogas, sendo superior o consumo nos homes (16,02% consumiron cannabis no último mes e 4,81% consumiron outro tipo de drogas) que nas mulleres (8,42% consumiron cannabis no último mes e un 1,49% outro tipo de drogas). Á hora de analizar a porcentaxe de xente moza que probou algunha vez o cannabis ou outro tipo de drogas, atopámonos que o dobre de mozos probaron o cannabis fronte a outro tipo de drogas, producíndose algo moi similar ao consumo no caso da diferenza entre sexos: o 20,10% dos homes probaron o cannabis fronte o 17,54% das mulleres e no caso doutro tipo de drogas a diferenza é maior (11,35% no caso dos homes e 6,24% cando nos referimos as mulleres).




Gráfico 23. Porcentaxe de consumo de cannabis e outras drogas segundo o sexo.
Fonte: Xuventude Galega 2007. Informe de resultados.

Se temos en conta as franxas de idade, comprobamos que a porcentaxe de xente moza que proba o cannabis dispárase a partir dos 20 anos, acadando preto dun 23% entre os 25 e 29 anos. En xeral, a tendencia é que a maior idade, maior é o consumo ou contacto coas diferentes drogas, a excepción do consumo de cannabis no último mes, no que a franxa de idade con maior porcentaxe de consumo é a de 20 a 24 anos cun 16%, mentres que as franxas de idade de 15 a 19 anos e de 25 a 29, atópanse ao redor dun 10%.




Gráfico 24. Porcentaxe de consumo de cannabis e outras drogas, segundo a idade. Fonte: Xuventude Galega 2007. Informe de resultados.

▪ **Motivos polos que a mocidade consume drogas.**

Á hora de analizar os motivos polos que a mocidade consume drogas atopámonos con que, no caso das mulleres, os motivos que teñen para consumir drogas serían principalmente buscar emocións (49,66%), curiosidade (42,44%), diversión (42,16%) e non ser menos que os amigos/as. Sen embargo, cuestións como relaxarse, por soidade ou gozar do sexo, non as consideran en gran parte motivos para chegar a consumir drogas. No caso dos varóns, atopamos razóns moi similares: diversión (52,92%), buscar emocións (49,66%), non ser menos que os amigos/as (35,64%), desinhibirse (39,81%) ou para evadirse dos problemas (39,69%), serían os motivos máis habituais que tería a xuventude para consumir drogas, mentres que gozar do sexo, relaxarse ou soidade son os motivos que menos alegan para xustificar o consumo.




Gráfico 25. Motivos polos que a mocidade consume drogas, segundo sexo. Fonte: Xuventude Galega 2007. Informe de resultados.

En relación á idade non se observan grandes diferenzas á hora de expoñer os motivos para o consumo de drogas, de todas formas salientamos que a “diversión” ou “non ser menos que os/as amigos/as” son razóns que na medida que a mocidade van cumprindo anos empregan menos para xustificar o consumo de drogas.




Gráfico 26. Motivos polos que a mocidade consume drogas, segundo idade. Fonte: Xuventude Galega 2007. Informe de resultados.

- Mensaxes e participación en actividades preventivas sobre o tabaco, abuso do alcohol e consumo de drogas.

A pesar de que a gran maioría da mocidade (87%) escoitaron bastantes ou moitas veces mensaxes preventivas, a metade deles non participaron nunca nunha actividade preventiva, situándose nun 14% os que acudiron bastantes ou moitas veces a charlas ou outro tipo de actuacións en materia preventiva sobre o tabaco, abuso de alcohol e consumo de drogas. Estes datos son reflexo de que a mocidade recibe información en materia preventiva, pero á hora de participar activamente en actividades para previr o consumo, a porcentaxe redúcese considerablemente.




Gráfico 27. Participación en actividades preventivas, segundo sexo. Fonte: Xuventude Galega 2007. Informe de resultados

❖ Saúde sexual.

▪ Relacións sexuais.

A maioría dos mozos e mozas galegos tiveron relacións sexuais completas (85,27%), datos que se asemellan bastante aos recollidos dende o INJUVE (*Informe Juventud en España 2008*) no que un 82,9% dos mozos e mozas tiveron relacións sexuais completas. Mentres que un 8,80% da xente moza non tiveron relacións sexuais de ningún tipo (9,9% na media estatal) e un 5,01% tiveron relacións sexuais incompletas (3,0% se temos en conta o informe do INJUVE).




Gráfico 28. Porcentaxe de xente moza que tivo relacións sexuais. Fonte: Xuventude Galega 2007. Informe de resultados.

O *Informe de Juventud en España do 2008* reflexa que entre os 21 e 24 anos o 93,7% da xuventude ten relacións sexuais completas, porcentaxe moi similar dáse entre os 25 e 29 (94,1%). No caso da mocidade galega, as cifras son moi semellantes, dándose un aumento considerable nas relacións sexuais completas a medida que a xente moza van cumprindo anos, estabilizándose entre os 20 e 29 anos, a vez que as relacións sexuais incompletas ou a inexistencia de relacións sexuais diminúe coa idade.






Gráfico 29. Porcentaxe de xente moza que tivo relacións sexuais segundo idade.
Fonte: Xuventude Galega 2007. Informe de resultados.

- **Emprego de métodos anticonceptivos.**

A maioría da mocidade galega (9 de cada 10) empregaron algún método anticonceptivo na súa primeira relación sexual completa, sendo o preservativo ou condón o método máis escollido entre a mocidade. Se temos en conta a última relación sexual mantida, observamos que a porcentaxe de uso de métodos anticonceptivos diminúe en relación ao anteriormente exposto, sendo un 89% dos mozos e mozas os que fan uso dalgún método anticonceptivo na súa relación.



Gráficos 30 e 31. Emprego métodos anticonceptivos a primeira vez que se tiveron relacións. Fonte: Xuventude Galega 2007. Informe de resultados




Gráfico 32. Emprego métodos anticonceptivos na última relación sexual completa. Fonte: Xuventude Galega 2007. Informe de resultados

Se comparamos estes datos cos recollidos no *Informe Juventud en España 2008*, observamos que na media española só un 55,8% dos mozos e mozas empregan algún método anticonceptivo ante o 42,6% que o fai algunha vez ou nunca. O preservativo constitúe un dos métodos máis empregados (75,8%) seguido do emprego da pílula anticonceptiva (17,1%).

- **Embarazos non desexados.**

En España o 12,1% das mozas teñen embarazos non desexados (*Informe Juventud en España 2008*); en Galicia estes datos redúcense a aproximadamente un 4%, correspondendo a maioría dos mesmos ás mozas con idades comprendidas entre os 25 e os 29 anos (6,76%).




Gráfico 33. Porcentaxe de embarazos non desexados. Fonte: Xuventude Galega 2007. Informe de resultados.

PARTICIPACIÓN POLÍTICA E CONCIENCIA CIDADÁ.

❖ Interese na política.

O 80% da mocidade en España ten pouco ou ningún interese na política (*Informe Juventud en España 2008*); en Galicia, o número de mozos e mozas é menor, pero aínda así máis da metade da mocidade non ten grande interese na política.




Gráfico 34. Interese na política. Fonte: Xuventude Galega 2007. Informe de resultados.

❖ Participación en diferentes accións relacionadas con mobilizacións políticas.

Á hora de participar activamente en diferentes accións relacionadas coas mobilizacións políticas, case a metade dos mozos e mozas galegos asinou unha petición ou participou nunha campaña de recollida de firmas (en maior porcentaxe os mozos, 40,68%), seguida da participación en manifestacións ou actividades de protesta (un 26,34% no caso dos homes e un 25,79% no caso das mulleres). Pola contra, actividades como darlle cartos a un grupo ou organización política (3%) ou boicotear ou deixar de empregar certos produtos (13%) ocupan o ultimo lugar. Aseméllase bastante ao que se describe no *Informe Juventud en España 2008*, na que ao redor dun 20% dos mozos e mozas asegura participar en campañas de recollida de firmas ou acudir a manifestacións, pola contra actividades como boicotear produtos ou darlle cartos a un grupo ou organización política (4%).




Gráfico 35. Participación en diferentes accións relacionadas con mobilizacións políticas.
Fonte: Xuventude Galega 2007. Informe de resultados.

USO DA LINGUA

❖ Uso do galego

Tendo os datos do IGE sobre o uso do galego no 2008, observamos que ao redor do 95% da mocidade galega entende o galego cando lle falan e ao redor dun 90% sabe falalo e escribilo.




Gráfico 36. Uso do galego por parte da mocidade. Fonte: Enquisa das condicións de vida das familias. IGE (2008).

Habitualmente, a mocidade galega emprega máis castelán que galego (31,58%), mentras que un 24,37% da xente moza fai máis uso do galego que do castelán. Se comparamos os que solo empregan un idioma ou outro, atopámonos cunha diferenxia de menos de dez puntos, sendo case un 25% quen solo fala en castelán fronte ao 18% que fai uso unicamente do galego.




Gráfico 37. Lingua que emprega habitualmente a mocidade. Fonte: Enquisa das condicións de vida das familias. IGE (2008).

❖ **Usos da lingua.**

Segundo a enquisa das condicións de vida das familias (IGE 2008), a mocidade galega emprega en maior medida o galego nas súas relacións familiares, mentras que nas relacións coa administración, a banca, o médico... fan máis uso do castelán.

	Sempre en galego	Máis en galego que en castelán	Sempre en castelán	Máis en galego que en castelán
Na súa relación coa administración	25,85 %	15,17 %	38,54 %	25,85 %
Na súa relación coa banca	25,27 %	13,21 %	41,41 %	20,11 %
No médico	23,91 %	12,82 %	42,39 %	20,87 %
Nas tendas	23,59 %	14,43 %	37,63 %	24,35 %
Cos/as amigos e amigas	27,68 %	13,45 %	38,54 %	20,43 %
Coa súa nai	37,82 %	9,10 %	36,90 %	16,16 %
Co seu pai	49,02 %		50,98 %	
Cos seus avós/as	42,31 %	13,41 %	29,55 %	14,73 %
Coa parella	35,92 %	8,49 %	38,27 %	17,32 %
Cos compañeiros de traballo	32,81 %	15,65 %	29,61 %	21,92 %

Táboa 6. Usos da lingua . Fonte: Enquisa das condicións de vida das familias. IGE (2008).

❖ **Coñecemento e uso de linguas estranxeiras.**

Dende o Observatorio da lingua galega sinalan que só o 23,40% da mocidade de entre 15 e 24 anos e o 16,40% de xente mozas de entre 25 e 34 anos, coñecen algunha lingua estranxeira.

A lingua estranxeira máis empregada entre a mocidade sería o inglés, a pesar que algo menos de 2 mozos/as por cada 10 fan uso da mesma




Gráfico 38. Coñecemento e uso de linguas estranxeiras. Fonte: Observatorio da Lingua Galega (2007).

IDENTIDADE E VALORES

Segundo o Observatorio Galego da Xuventude, a mocidade considera que a xuventude abrangaría a franxa de idade comprendida entre os 16 e 32 anos. Atopando diferenzas segundo a idade do mozo ou moza enquisado, os/as máis novos/as (15-19 anos) considerarían que comezan a ser mozos/as aos 15 anos e os máis maiores (25-29 anos) consideran que deixan de ser mozos/as aos 34 anos.




Gráfico 39. Período que comprende a mocidade segundo a xente moza. Fonte: Xuventude Galega 2007. Informe de resultados.

❖ **Identidade territorial.**

Seis de cada 10 persoas mozas galegas que se atopa fora de España considérase español, fronte ao 6,63% que se definiría como galego/a. En cambio, se lle preguntase en calquera lugar de España, case 7 de cada 10 da mocidade galega identificaríase como galego, seguido dun 12,28% que faría alusión á provincia onde reside.

Por outra banda, cabe destacar a pouca identificación con Europa que ten a mocidade, xa que, tanto se atopa dentro de España como fóra dela, a porcentaxe non acadada un 5%, a pesar de que máis da metade (67%) se considera contento de ser cidadán da Unión Europea.




Gráfico 40: Identidade territorial. Fonte: Xuventude Galega 2007. Informe de resultados.

❖ **Valores.**

▪ **Inmigración.**

A maioría da mocidade galega considera que as persoas inmigrantes que viven en Galicia son demasiadas (35,68%) ou moitas (44,92%). Se lle preguntamos polo efecto que ten a emigración na nosa cultura, o 42% consideran que é positivo ou moi positivo, mentres que aproximadamente un 20% o considera algo negativo ou moi negativo.




Gráfico 41: Identidade territorial (inmigración). Fonte: Xuventude Galega 2007. Informe de resultados.

▪ **Igualdade de xénero.**

A maioría das mozas galegas (57,23%), segundo se indica no Observatorio Galego de Xuventude, nunca se sentiu discriminada por razón de sexo. Nas situacións nas que non perciben unha igualdade serían no fogar dos seus pais (16,19%), na escola, instituto ou universidade (15,12%) ou á hora de buscar traballo (14,04%).




Gráfico 42: Situacións nas que as mozas se sentiron discriminadas. Fonte: Xuventude Galega 2007. Informe de resultados.

▪ **Medio ambiente.**

En relación ao medio ambiente, a mocidade galega preocúpalle a contaminación do aire e os malos cheiros (34,71%), o tráfico (27,50%), a falla de educación ambiental (24,94%) e os incendios (24,54%). Por outra banda, problemas como os ruídos (9,02%), o estado da rede de sumidoiros (7,69%) ou a contaminación do solo (6,81%) serían aspectos do medioambiente polos que menos interese mostran.




Gráfico 43: Problemas ambientais que a mocidade considera máis relevante.

Fonte: Xuventude Galega 2007. Informe de resultados

NOVAS TECNOLOXÍAS

Segundo o Observatorio Galego da Xuventude e o Observatorio da Lingua Galega, a maioría da mocidade galega dispoñen dos seguintes medios tecnolóxicos: teléfono móbil (98,30%), reprodutor DVD (92,21%), ordenador (87,69%) ou cámara fotográfica e/ou vídeo dixital (82,98%). Por outra banda, a televisión de plasma (32,88%), Home cinema (32,88%) ou PDA (12,63%) serían os aparatos relacionados coas novas tecnoloxías cos que menos conta a xuventude galega.




Gráfico 44: Medios tecnolóxicos cos que contan os mozos e mozas galegos . Fonte: Xuventude Galega 2007. Informe de resultados.

❖ Uso e frecuencia de internet.

A mocidade galega fai un uso diario ou case sempre de internet para emprego do correo electrónico (64,57%), buscar información ou documentación (52,04%), navegar pola rede sen ningún obxectivo concreto (50,12%) ou para relacionarse con outras persoas (40,80%); mentres que realizar cursos a distancia (3,06%), usar o comercio electrónico (3,79%) ou ver pornografía (5,07%) serían servizos que empregaría con menor frecuencia a mocidade.





Gráfico 45: Uso e frecuencia de internet. Fonte: Xuventude Galega 2007. Informe de resultados.

4.

PRINCIPIOS REITORES



4.- PRINCIPIOS REITORES.

O III Plan Estratégico de Xuventude, *Xuventude 2013: Unha estratexia para a mocidade galega*, en tanto en canto se erixe como instrumento regulador das políticas da Xunta de Galicia no ámbito da xuventude, busca garantir os dereitos da mocidade galega, desenvolver a súa autonomía persoal e promover a súa participación na vida social. En aras destes obxectivos, o Plan baséase en seis principios reitores complementarios: Información, integración e participación da mocidade; promoción efectiva dos dereitos de liberdade, igualdade e demais dereitos sociais; discriminación positiva; coordinación e colaboración; visión estratéxica e operatividade e eficacia.

A continuación, dáse conta do sentido que adquiren estes principios no conxunto do III Plan Estratégico de Xuventude, *Xuventude 2013: Unha estratexia para a mocidade galega*:

4.1.- INFORMACIÓN, INTEGRACIÓN E PARTICIPACIÓN DA MOCIDADE.

A información é a base do coñecemento, propicia a integración da xente moza nun proxecto común, que, en función da súa acollida, inspira á participación.

As motivacións do Plan miran de fronte á mocidade, que esixe por dereito propio que as declaracións de intencións teñan un reflexo visible das súas inxedanzas, reforzando a protección dos seus dereitos. En coherencia, o Plan incorpora como obxectivos estratéxicos a potenciación de canles de comunicación e información xuvenil que favorezan a participación, en condicións de igualdade, da xuventude nos eidos político, social, económico e cultural ou o aumento das posibilidades de mobilidade xuvenil.

4.2.- PROMOCIÓN EFECTIVA DOS DEREITOS DE LIBERDADE, IGUALDADE E DEMAIS DEREITOS SOCIAIS.

O equilibrio entre o exercicio da plena cidadanía e a autonomía persoal é a base na que se fundamenta unha sociedade civil integradora.

O III Plan Estratéxico de Xuventude, Xuventude 2013: Unha estratexia para a mocidade galega non é alleo ás situacións de desigualdade e desequilibrio que afectan á xuventude no goce e disfrute dos seus dereitos. Avalado polo texto constitucional, o Estatuto de Autonomía de Galicia ou normativas específicas que garanten dereitos concretos, como acontece coa Lei 3/2007 para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, que vela pola garantía do principio de igualdade efectiva entre ambos sexos, o Plan incorpora de xeito transversal un enfoque integrador dende a planificación , execución e avaliación das súas actividades para a promoción e pleno exercicio dos dereitos sociais da mocidade galega.

4.3.- DISCRIMINACIÓN POSITIVA.

A filosofía do Plan baséase no seu carácter global e integrador, dirixido a toda a mocidade. Malia diso, o Plan non da as costas ao feito de que a mocidade, como colectivo heteroxéneo, abrangue matices e grupos cunha problemática específica que precisan dunha atención singular para facer posible o seu desenvolvemento en igualdade de condicións. Neste senso, o Plan incorpora actuacións positivamente dirixidas a reducir as situacións de discriminación que afectan a grupos de mozos e mozas que manifesten algún tipo de problemática específica.

4.4.- COORDINACIÓN E COLABORACIÓN.

O Plan nace cunha clara vocación de coordinación e colaboración polo seu carácter transversal e integrador. O carácter transversal fai que as políticas de xuventude se convertan nunha prioridade estratéxica para o conxunto dos departamentos que conforman a Administración Autonómica Galega e impregnen a totalidade das

*actuacións que dende a mesma se promovan. O carácter integrador ou interdepartamental, ven complementar a perspectiva transversal ao evitar que se ofrezca unha visión reduccionista das políticas de xuventude que, froito dunha actuación coordinada e consensuada, evocan unha resposta integral que impregna todas as áreas que afectan á mocidade no camiño do seu proxecto vital: formación e emprego, saúde e deporte, lecer e tempo libre, vivenda, voluntariado, novas tecnoloxías, consumo, ... En tanto, a responsabilidade da xestión das políticas para a mocidade non pode recaer nun único órgano de goberno sectorial senón que debe converxer no órgano colexiado da Xunta de Galicia, regulado a tal efecto no Título VI do Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, que é a **Comisión Interdepartamental de Xuventude**. A devandita Comisión está adscrita á Consellería competente en materia de xuventude, e ten, entre as súas funcións, a coordinación e avaliación das actuacións especificamente relacionadas coa xuventude que realicen os distintos departamentos da Xunta de Galicia; así como o fomento das actuacións dirixidas á prestación de servizos dirixidos á xuventude, na procura da mellora da súa calidade de vida e a participación nos ámbitos social, laboral, político e cultural de Galicia, como á cooperación e intercambio cultural máis alá das nosas fronteiras. Xa que logo, as actuacións que se enmarcan no **III Plan Estratéxico de Xuventude, Xuventude 2013: Unha estratexia para a mocidade galega, non se esgotan no ámbito territorial local ou autonómico, senón que se expanden a un marco máis amplo e global, imbuíndose das políticas europeas de xuventude, cunha clara pretensión de coordinación e participación nos programas europeos de xuventude.***

4.5.- VISIÓN ESTRATÉXICA

No tocante ao III Plan Estratéxico de Xuventude: Xuventude 2013: unha estratexia para a mocidade galega, a “visión estratéxica” implica:

- *Saber en todo momento a dirección que queremos tomar e cales son os obxectivos a cumprir.*

- *Cuestionarse constantemente se se está facendo o correcto para acadar os obxectivos.*
- *Contar co coñecemento e apoio do entorno, particularmente de aquel que afecta ao noso cometido: a mocidade (prioritariamente).*
- *Usar a creatividade e intuición para responder efectivamente ás “ideas forza” do Plan: máis oportunidades para a xuventude, solidariedade mutua e participación.*


4.6. -OPERATIVIDADE E EFICACIA.

Son os criterios de viabilidade que conforman os referentes obxectivos para avaliar a operatividade das políticas de xuventude en Galicia, no que respecta á definición das actuacións e programas a desenvolver a prol da mocidade.

O principio de “visión estratéxica” vense complementar coa operatividade entendida no sentido do realismo, é dicir, de medidas adaptadas ás necesidades e inquiredanzas do colectivo ao cal vai dirixido o Plan, a xuventude; e coa eficacia, entendida como a capacidade do Plan para producir os efectos e resultados para o cal foi deseñado.

5.

ÁMBITO DE APLICACIÓN



5.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

O III Plan Estratégico de Xuventude, Xuventude 2013: Unha estratexia para a mocidade galega resulta de aplicación a dous ámbitos que podemos clasificar en:

- *Ámbito de aplicación prioritaria ou primaria.*
- *Ámbito de aplicación secundaria.*

Con **ámbito de aplicación prioritaria ou primaria** estamos a referirnos ao colectivo de persoas destinatarias directas do Plan e as súas accións: a mocidade ou, para ser máis exactos, falaremos das mocidades, recalcando a heteroxeneidade deste colectivo. Pola súa banda, o **ámbito de aplicación secundaria** fai referencia a aqueles grupos de persoas ou institucións que pola súa natureza están vinculadas á xuventude e, por extensión, tamén poden considerarse beneficiarios do Plan, dada a súa relación directa con este colectivo: estamos a referirnos aos/ás profesionais que de cotío están a traballar a prol da xuventude e ás institucións ou organizacións, que, nos distintos niveis territoriais, loitan pola defensa dos dereitos da xente moza así como pola promoción de maiores oportunidades en tódalas áreas que afectan ao proxecto vital da mocidade.

A continuación pasamos a afondar, de xeito extenso, nas características definitorias de cada un dos ámbitos de aplicación do III Plan Estratégico de Xuventude, Xuventude 2013: Unha estratexia para a mocidade galega, previamente sinalados:

a) Ámbito de aplicación prioritaria ou primaria.

O ámbito de aplicación prioritaria ou primaria do Plan ven dado pola mocidade, pero... que é a mocidade ou quen é a xente moza? Existen diferentes perspectivas dende as cales podemos dar unha definición ou clasificación do que é a mocidade. Por exemplo, as Nacións Unidas definiron a xuventude, dende un punto de vista cronolóxico, como a idade que vai dende os 14 aos 25 anos, entre outras. Non obstante, existen outras clasificacións que sitúan á xente moza entre os 14 e os 29 anos ou entre os 14 e 30 anos. Por outra banda, dende outras perspectivas que non se limiten á idade, a xuventude pode clasificarse ou definirse como:

- Unha etapa de desenvolvemento: afectada por grandes cambios físicos e psicolóxicos.
- Unha fase de integración social: como a etapa relacionada coa formación e o ingreso no mundo laboral e na cal as xente moza se involucra como axente social activo.
- Un dato sociodemográfico: como unha forma de clasificar á sociedade por grupos (nenos e nenas, xente moza, persoas adultas e persoas maiores).

Con carácter xeral e polo que respecta ao ámbito de aplicación do Plan e as súas medidas, entenderase por mocidade as persoas físicas comprendidas nun intervalo de idade entre os 14 e os 30 anos⁴, sen prexuízo das especificacións que poidan realizarse para cada programa ou actuación concreta. É precisamente esta diferenciación o que nos vai levar a imprimir un pequeno matiz no que se refire ao ámbito de aplicación prioritario do Plan. Isto é así porque con esta afirmación estamos a recoñecer o carácter heteroxéneo da mocidade, polo que convimos en que a denominación exacta do ámbito de aplicación directo do III Plan Estratéxico de Xuventude, Xuventude 2013: Unha estratexia para a mocidade galega, debe ser o das mocidades, en tanto que falar de mocidades supón facer un recoñecemento á diferenza e á diversidade.

En consecuencia co antedito, o III Plan Estratéxico de Xuventude, Xuventude 2013: Unha estratexia para a mocidade galega, acolle actuacións susceptibles de ser aplicadas:

- Á mocidade nada na comunidade autónoma galega con idades comprendidas entre os 14 e 30 anos.
- Á mocidade que resida habitual ou temporalmente na comunidade autónoma galega con idades comprendidas entre os 14 e 30 anos.
- Á mocidade residente no exterior que acrediten a súa condición de emigrantes pola súa ascendencia galega con idades comprendidas entre os 14 e 30 anos.

⁴ Segundo a normativa en vigor na Comunidade Autónoma galega considérase xuventude a poboación de ata 30 anos (Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro)

b) Ámbito de aplicación secundaria.

Tal e como vimos de sinalar, o ámbito de aplicación secundaria fai referencia a aqueles grupos de persoas ou institucións que pola súa natureza están vinculadas á xuventude e, por extensión, tamén poden considerarse beneficiarios do Plan. Podemos diferenciar, neste senso, entre profesionais vinculados ao “traballo con”, ao “traballo por” ou ao “traballo para” a xuventude e institucións ou organizacións con competencias adquiridas nesta materia.

Nas seguintes ilustracións, expomos de forma gráfica, as principais clasificacións con respecto aos profesionais e institucións que conformarían o ámbito de aplicación secundaria do Plan ou, dito de outra forma, destinatarios secundarios ou indirectos do mesmo:

Ilustración 5.1. Clasificación dos principais perfís profesionais vinculados á mocidade

ÁREAS OU ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN PROFESIONAL	PERFÍS PROFESIONAIS
<i>Ámbito da formación e emprego</i>	<p>Con carácter xeral, distinguimos os seguintes perfís profesionais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Orientadores/as educativos e/ou laborais. - Profesorado dos distintos niveis do ensino regulado: Ensino Secundario, Formación Profesional e Formación Universitaria, principalmente. - Formadores/as ocupacionais. - Técnicos/as de emprego. - ...

<i>Ámbito das relacións familiares e afectivas</i>	Con carácter xeral, distinguimos os seguintes perfís profesionais: <ul style="list-style-type: none">- Orientadores/as familiares.- Mediadores/as familiares.- Profesionais (médicos/as, psicólogos/as,..) vinculados aos Centros de Asesoramento Afectivo Sexual (Espazos Quérote +).- ...
<i>Ambito da cultura e lecer⁴</i>	Con carácter xeral, distinguimos os seguintes perfís profesionais: <ul style="list-style-type: none">- Monitor/a de actividades de tempo libre (recoñecida como modalidade de ensino a impartir nas escolas de tempo libre polo Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude).- Director/a de actividades de tempo libre (recoñecida como modalidade de ensino a impartir nas escolas de tempo libre polo Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro).- Director/a de campos de traballo (recoñecida como modalidade de ensino a impartir nas escolas de tempo libre polo Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro).- Xestores culturais.- Animadores/as socioculturais.- Animadores/as deportivos/as.- ...

<i>Ámbito transversal</i>	<p>Con carácter xeral, distinguimos os seguintes perfís profesionais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Informadores xuvenís (Técnicos/as OMIX). - Profesionais dos servizos sociais. - ...
---------------------------	---

4 Actualmente está sobre a mesa o tema das cualificacións profesionais de xuventude, a publicación das cales obrigaría aos distintos Organismos de Xuventude das diferentes CCAA a adaptar os contidos dos cursos de formación que ofrecen, como mínimo, aos destas cualificacións profesionais. No futuro, disporase pois de varias posibilidades formativas e de acreditación en relación coas tres cualificacións de xuventude (Dirección e Coordinación de Actividades de Tempo Libre Educativo Infantil e Xuvenil, Dinamización de Actividades de Tempo Libre Educativo Infantil e Xuvenil e Información Xuvenil):

- Diplomas dos Organismos de Xuventude das CCAA da formación impartida polas Escolas de tempo libre recoñecidas por elas.
- Certificado de profesionalidade, expedido pola administración de emprego público.
- Títulos de FP dos que formarían parte modular as cualificacións aprobadas, expedidos pola administración educativa.

Ilustración 5.2. Clasificación da principais institucións e ou organismos, a distintos niveis territoriais, con competencias nas materias relacionadas coa xuventude

a) NIVEL TERRITORIAL: AUTONÓMICO

INSTITUCIÓN/ORGANISMO	FUNCIONS/COMPETENCIAS
<i>Comisión Interdepartamental de Xuventude</i>	<p>Regulada polo Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza da normativa vixente en materia de xuventude, é o órgano colexiado a quen lle compete conseguir unha efectiva coordinación de programas e dos departamentos da Administración autonómica, nas súas actuacións en materia de xuventude.</p> <p>Segundo se establece no artigo 113º do referido Decreto, son funcións propias da comisión as seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> • O estudo, análise e informe dos problemas da mocidade galega • <u>A elaboración de propostas para o Plan Integral de Xuventude.</u>

	<ul style="list-style-type: none"> • A coordinación e avaliación das actuacións relacionadas coa mocidade, • O estudo dos proxectos e disposicións normativas relacionadas coa mocidade, • Promover a articulación de accións para a mocidade. O fomento das actuacións dirixidas á prestación de servizos á mocidade • Cantas outras actuacións lle encomenden as disposicións legais ou a Xunta de Galicia <p>Adscrita actualmente á Consellería de Traballo e Benestar e presidida polo presidente da Xunta de Galicia, a composición da Comisión pode consultarse na “<i>Ilustración 5.3. Composición da Comisión</i>” que se presenta de seguido.</p>
<p><i>Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado (DXXV)</i></p>	<p>É o órgano directivo integrado na Consellería de Traballo e Benestar a través da Secretaría Xeral de Familia e Benestar, que está encargado de levar adiante todos aqueles programas e proxectos destinados á mocidade galega. Así mesmo, tamén é a responsable da política sobre o voluntariado que se quere impulsar dende a Xunta de Galicia. Todas as accións promovidas desde esta dirección son realizadas baixo tres premisas básicas: a participación de toda a mocidade, a resposta aos problemas reais da mocidade galega e a reformulación do actual concepto de políticas de voluntariado para adaptalo ás novas demandas da sociedade.</p>

<p><i>Consello da Xuventude de Galicia (CXG)</i></p>	<p>O Consello da Xuventude de Galicia (CXG) é unha entidade institucional creada co obxectivo de artellar unha política global para a mocidade. Composta por 22 asociacións xuvenís, o CXG é unha entidade de Dereito Público e con personalidade xurídica propia. Así mesmo o CXG ten participación, como cabe de esperar, no “Consejo de la Juventud de España”.</p>
<p><i>Axencia Galega de Servizos Sociais</i></p>	<p>A Axencia Galega de Servizos Sociais, integrada pola Xunta de Galicia, 267 concellos galegos e 4 mancomunidades, é a fórmula xurídica escollida para unha xestión moderna e innovadora dos servizos sociais.</p> <p>A xuventude tamén ten cabida no quefacer da Axencia a través da súa colaboración na xestión dos “Espazos Quérote +”, iniciativa da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.</p>

b) NIVEL TERRITORIAL: ESTATAL

INSTITUCIÓN/ORGANISMO	FUNCIÓNS/COMPETENCIAS
<p><i>Ministerio de Igualdad</i></p>	<p>O “Ministerio de Igualdad” é o departamento da Administración Xeral do Estado ao cal lle corresponde a proposta e execución das políticas do Goberno en materia de igualdade, eliminación de toda clase de discriminación das persoas por razón de sexo, orixe racial ou étnico, relixión ou ideoloxía, orientación sexual, idade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, e erradicación da violencia de xénero, así como en materia de xuventude.</p>

	<p>As políticas do “Ministerio de Igualdad” en materia de xuventude desenvólvense a través do “Instituto de la Juventud (INJUVE)”.</p>
<p><i>Instituto de la Juventud (INJUVE)</i></p>	<p>O INJUVE é un organismo público adscrito ao “Ministerio de Igualdad”, a actividade principal do cal se orienta a promover a igualdade de oportunidades entre a xuventude. Os contidos e tarefas que leva a cabo o INJUVE, agrúpanse en diferentes ámbitos de actuación, que atañen a un amplo número de cuestións relacionadas coas inquiredanzas, demandas e expectativas do colectivo xuvenil (emancipación xoven, cooperación, asociacións xuvenís, formación, información xuvenil...).</p>
<p><i>Consejo de la Juventud de España (CJE)</i></p>	<p>O “Consejo de la Juventud de España (CJE)” é unha plataforma de entidades xuvenís, creada por lei en 1983 e formada polos Consellos de Xuventude das Comunidades Autónomas e organizacións xuvenís de ámbito estatal. O “Consejo de la Juventud” traballa por conseguir unha plataforma plural que fomente a reflexión e o intercambio de ideas e experiencias entre as distintas sensibilidades e ideoloxías que configuran a realidade das asociacións xuvenís do estado, así como para trasladar propostas, reivindicacións e denuncias que xurdan no seno do CJE á Administración, aos axentes sociais e aos medios de comunicación. Todo elo encamiñado a dar resposta aos problemas, inquiredanzas e aspiracións da xuventude.</p>

c) NIVEL TERRITORIAL: LOCAL

INSTITUCIÓN/ORGANISMO	FUNCIÓNS/COMPETENCIAS
<i>Servizos Sociais Municipais</i>	Son aqueles que prestan atención primaria en cada municipio da xeografía galega, facilitando o acceso dos cidadáns e das cidadás aos recursos e prestacións sociais, incluída a mocidade. Desenvolven unha importante labor de acción comunitaria.
<i>As Oficinas Municipais de Información Xuvenil (OMIX) e os Puntos Municipais de Información Xuvenil (adscritos á Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil.)</i>	<p>Servizos de información municipais sobre os recursos dispoñibles en materia de xuventude.</p> <p>Segundo o Decreto 50/2000 do 20 de xaneiro as OMIX defínense como “estrutura informativa de carácter municipal que presta servizos de información á xente moza do seu concello, ben directamente ou ben a través de puntos municipais de información xuvenil a ela vinculados.”</p> <p>Pola súa banda, os Puntos Municipais de Información Xuvenil deben entenderse neste marco como “un servizo de información que pon directamente a disposición do público materiais informativos”.</p>

Ilustración 5.3. Esquema composición da Comisión

Presidente: Presidente da Xunta de Galicia

Vicepresidenta: Consellería de Traballo e Benestar


Vogais:

- DX de Xuventude e Voluntariado
- SX da Presidencia
- SX de Medios
- SX de Igualdade
- SX de Emigración
- SX para o Deporte
- SX Modernización e Innovación Tecnolóxica
- Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza
- Consellería de Facenda
- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras
- Consellería de Economía e Industria
- Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
- Consellería de Sanidade
- Consellería de Cultura e Turismo
- Consellería de Medio Rural
- Consellería do Mar
- Consello Galego da Xuventude de Galicia
- Federación Galega de Municipios e Provincias

Secretaria: SX de Programas- DX de Xuventude e Voluntariado

6.

METODOLOXÍA



6.- METODOLOXÍA

O III Plan Estratégico de Xuventude, Xuventude 2013: Unha estratexia para a mocidade galega, deséñase de acordo ao estudo das principais inquiredanzas, necesidades e demandas manifestas pola xuventude galega, coa finalidade de servir á determinación dos eixes de acción e a programación das medidas que no mesmo se recollen. Asemade, recórrese aos resultados da avaliación do II Plan Estratégico de Xuventude 2004-2007.

Reactívase a Comisión Interdepartamental de Xuventude, analízanse as políticas europeas e nacionais nesta materia e considérase moi especialmente o acervo normativo autonómico.

No ámbito europeo a conclusión da Comunicación da Comisión sobre a “Agenda Social Renovada” COM (2008) 412 manifesta que “O futuro de Europa depende da súa xuventude, porén diso, moitos mozos e mozas están frustrados por carecer de oportunidades.”

Parece obvio que dunha primeira lectura, a reflexión inicial resulta cando menos desalentadora, pois evidencia o sentir dos protagonistas dun futuro próximo.

De calquera xeito, o certo é que a crise actual non propicia outra sensación, pero pola súa contra, evidencia tamén a necesidade de reaccionar a tempo, poñendo en funcionamento todos os recursos posibles para idear estratexias coordinadas que, con renovado entusiasmo, nos sitúe no camiño correcto para deixar atrás os atrancos económicos que dificultan a consecución de resultados visibles, sen prexuízo das limitacións orzamentarias.

Fronte ás dificultades económicas, debe primar a necesidade prioritaria de enriquecer o capital humano da xuventude e, nesta liña, a Comunicación da Comisión Europea propón métodos alternativos que foron abordados no “Pacto Europeo para la Juventud” de la Estrategia de Lisboa para el Crecimiento y el Empleo. (Conclusiones de la Presidencia del Consejo Europeo de marzo de 2005, 7619/05).

A premisa da que se parte é que adoptando un enfoque intersectorial, intégranse respostas a curto prazo nun esforzo común de capacitación da xente moza a máis longo prazo.

No ámbito territorial da Comunidade Autónoma Galega, crear condicións favorables para que a mocidade desenvolva as súas capacidades, aproveite oportunidades de emprego, participe activamente na sociedade e se comprometa máis na construción do seu futuro, redunda, con éxito, na mellora das condicións actuais.

En base ao exposto, neste marco común do Plan ten cabida calquera outra actuación que directa ou indirectamente procure a mellora das condicións da mocidade galega, con independencia daquelas que competencialmente sexan atribuídas á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Por outra banda un dos obxectivos fundamentais polos que se creou a Comisión Interdepartamental de Xuventude foi para acadar unha efectiva coordinación de programas e dos departamentos da Administración autonómica, nas súas actuacións en materia de xuventude. A coordinación interdepartamental e a transversalidade son dúas perspectivas metodolóxicas básicas que guían de xeito integral o proceso de elaboración do III Plan Estratégico de Xuventude, Xuventude 2013: Unha estratexia para a mocidade galega.

***RECOLLIDA DE PROPOSTAS DOS DIFERENTES DEPARTAMENTOS DA ADMINISTRACIÓN**

No marco deste “método aberto de coordinación” deseñouse unha ficha descritiva das diferentes propostas formuladas polos distintos departamentos da Administración autonómica nos seus ámbitos de competencia. Dita ferramenta, individual por cada acción, consideraba os seguintes datos:

- Órgano xestor da actuación
- Denominación da actuación
- Descrición
- Obxectivos previstos
- Nº de persoas beneficiarias
- Orzamento estimado
- Axentes colaboradores
- Localización territorial
- Outras circunstancias de interese


Así mesmo, instouse a cada departamento para designar a un representante permanente, que lles foron comunicados á secretaría da Comisión Interdepartamental, coa finalidade de acadar fluidez para a elaboración do III Plan Estratéxico de Xuventude, Xuventude 2013: Unha estratexia para a mocidade galega, así como na interlocución dos asuntos relacionados coa Comisión Interdepartamental.

Para facilitar a xestión documental das diferentes fases procedimentais para a elaboración do Plan, habilitouse un espazo no entorno da páxina web da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado que serviu aos respectivos representantes de cada consellería ou departamento para formular as correspondentes propostas e cumprimentar telematicamente as fichas descritivas que se precisasen.

Ilustración 6.1. Ficha descritiva individualizada do III Plan Estratéxico de Xuventude, Xuventude 2013: Unha estratexia para a mocidade galega

FICHA DESCRIPTIVA INDIVIDUALIZADA DAS ACTUACIÓNS DO III PLAN ESTRATÉXICO DE XUVENTUDE 2010-2013		
1. Departamento/ Consellería ou organismo	<input type="text"/>	
2. Denominación da actuación/programa	<input type="text"/>	3. Eixo de acción <input type="text"/>
4. Descrición da actuación	<input type="text"/>	
5. Obxectivos previstos na actuación	<input type="text"/>	6. Nº persoas beneficiarias (previsión) <input type="text"/>
7. Orzamento estimado	<input type="text"/>	
8. Axentes implicados ou colaboradores	<input type="text"/>	
9. Localización territorial	<input type="text"/>	
10. Outras circunstancias de interese	<input type="text"/>	

Ilustración 6.2. Descripción das fases da elaboración do III Plan Estratéxico de Xuventude, Xuventude 2013: Unha estratexia para a mocidade galega



1ª Fase. REVISIÓN BIBLIOGRÁFICA, INVESTIGACIÓN E ANÁLISE

Nesta fase constituíuse o grupo de traballo responsable da coordinación do III Plan Estratéxico de Xuventude, Xuventude 2013: Unha estratexia para a mocidade galega no seno da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. Correspóndelle tamén a este grupo a revisión bibliográfica e a análise da documentación, tanto de carácter xurídico (leis, normas, acordos...) como programático ou de orden decisivo (plans, programas...). Así mesmo tívóronse en conta os resultados de estudos galegos feitos recentemente relativos á xuventude así como as conclusións extraídas da avaliación do II Plan Estratéxico de Xuventude 2004-2007.

Constitúe un referente importante a comunicación da Comisión das Comunidades Europeas "Una estrategia de la UE por la Juventud: Inversión y capacitación" que inspira e vertebra o Plan. A partir de aquí defínense as prioridades do goberno galego para coa mocidade que son plasmadas nos 6 eixos de acción que acolle o Plan: educación, emprego, creatividade e espírito empresarial, vivenda, saúde e deporte e medidas competenciais atribuídas a DXXV nos ámbitos da información e formación, participación e asociacionismo, voluntariado xuvenil e mobilidade.

2ª Fase. INFORMACIÓN E CONSULTA

Supón esta fase a "reactivación" da Comisión Interdepartamental de Xuventude coincidindo coa súa primeira convocatoria, despois de catro anos, o 18 de xaneiro de 2010.

Infórmase da metodoloxía de elaboración do Plan "método aberto de coordinación" e danse a coñecer as ferramentas para a canalización da participación.

3ª Fase. PARTICIPACIÓN TRANSVERSAL

Implica esta fase o traballo interno de cada departamento e/ou consellería mediante a cumprimentación das fichas individualizadas por cada acción e a súa posta en común nas reunións do grupo de traballo..

Unha vez cumprimentadas, as fichas son devoltas á DXXV para incorporar as medidas aos eixos de acción contemplados no Plan.

4ª Fase. DIFUSIÓN, EXPOSICIÓN PÚBLICA

Elaborase un borrador do Plan, que será exposto ao público para que aquelas asociacións ou entidades que así o precisen podan realizar as alegacións oportunas.

5ª Fase. REDACCIÓN DEFINITIVA DO PLAN

Unha vez negociado o borrador, é dicir, presentado publicamente e concluído o período que se estableza para efectuar alegacións ao mesmo, procédese á redacción e presentación final do Plan.

* PROCESO DE CONSULTA DIRECTA COA XENTE MOZA

Co fin de que “Xuventude 2013: Unha estratexia para a mocidade galega” sexa un reflexo das inquedanzas e necesidades da xente moza, levouse a cabo un proceso de consulta no que participaron 20.000 mozos e mozas con idades comprendidas entre os doce e os trinta e cinco anos.

As características das persoas consultadas según sexo e lugar de procedencia foi a seguinte:




Gráfico 46: Porcentaxe de xente moza que participou na consulta según sexo




Gráfico 47: Porcentaxe de xente moza que participou na consulta según lugar de procedencia

▪ **Percepción actual e futura**

A xente moza percibe, na súa maioría, que a súa situación actual e futura é boa. No caso da situación actual, a porcentaxe de mozos e mozas que percibe a situación como boa sería dun 49%, seguida dun 23% que a considera moi boa, mentras que só un 4% a ve mala e un 0% moi mala. Se temos en conta o que opina a mocidade sobre a situación futura, a percepción segue sendo boa aínda que a porcentaxe baixa a un 35%, moi similar aos que a consideran moi boa (21%), mentras que ao redor dun 11% a consideran mala e un 2% moi mala.




Gráfico 48: Percepción da situación actual segundo a xente moza




Gráfico 49: Percepción da situación futura segundo a xente moza

- **Temas e problemas que afectan a xente moza.**

Ademais de analizar como perciben os mozos e mozas a situación actual e futura, tamén se lles preguntou polos posibles temas e/ou problemas que lles afectan en relación ás seguintes temáticas:

- ⇒ Información, comunicación e tecnoloxía
- ⇒ Educación, formación e capacitación
- ⇒ Valores, mentalidades e actitudes
- ⇒ Infraestructuras e servizos do territorio. Mobilidade
- ⇒ Lecer, cultura e deportes
- ⇒ Emprego, formación e independencia
- ⇒ Consumo e comportamentos non saudables
- ⇒ Relacións persoais e afectivo-sexuais
- ⇒ Relacións sociais e co medio, a mocidade e outros
- ⇒ Participación e oportunidades para a creatividade

A mocidade destacou as seguintes cuestións en relación as temáticas anteriormente expostas:

- ⇒ Información, comunicación e tecnoloxía:
 - Acceso a internet en tódalas zonas.
 - Falta de plans de estímulo.
 - Axudas para adquisición de material tecnolóxico.
 - Incentivos á investigación.
 - Falta de información nas zonas do rural.
 - Aumento do uso das novas tecnoloxías.
 - Demasiada información.
 - Falta de acceso a certos servizos.
 - Máis formación en novas tecnoloxías.
 - Fomentase demasiado o consumo.
 - Poco acceso á tecnoloxía por parte das clases máis baixas.
 - Avanza demasiado rápido.
 - Falta de privacidade.
 - Internet distrae nos estudos.
- ⇒ Educación, formación e capacitación:
 - Falta de medidas para a integración de inmigrantes.
 - Baixo rendemento do estudiantado.

- Falta de autoridade do persoal docente.
 - Falta de adaptación do persoal docente ás novas tecnoloxías.
 - Baixa calidade dos plans de estudo.
 - Falta de cursos de reciclaxe para a mocidade.
 - O nivel de idiomas no persoal docente é baixo.
 - Falta de formación práctica.
 - Fomento das prácticas laborais.
 - Absentismo escolar.
 - Falta de continuidade nos estudos.
 - Axudas para persoas discapacitadas.
 - Axudas e becas.
 - Máis becas e axudas para o aprendizaxe doutros idiomas.
 - Máis formación en hábitos de estudo.
 - Abandono dos estudos.
 - Pouca profundización nas materias.
 - Moitas asignaturas.
- ⇒ Valores, mentalidades e actitudes:
- Perdeda de valores tradicionais.
 - Falta de concienciación.
 - Falta de comunicación.
 - Máis formación en materia de integración social.
 - Falta de motivación na mocidade.
 - Máis carrís para as bicicletas e os patíns.
 - Valorar máis os temas que lle preocupan a xente moza.
 - Medo á hora de expresar o que se pensa.
 - Falta de plans de futuro.
 - Importancia da popularidade.
 - Menosprécianse os valores cívicos.
 - Feminismo e machismo.
 - Pasotismo.
 - Bandalismo.
 - Demasiada liberdade.
 - Falta de respecto.
 - Racismo.

- ⇒ Infraestructuras e servizos do territorio. Mobilidade:
 - Mellora dos servizos de transporte.
 - Mellorar as infraestructuras dos espazos de ocio e tempo libre.
 - Aumentar o transporte publico.
 - Falta de servizos para as persoas discapacitadas.
 - Mal reparto das infraestructuras existentes.
 - Diminuir o custo dos servizos públicos.
 - Mal estado dos pavillóns.
- ⇒ Lecer, cultura e deportes:
 - Oferta de lecer e cultura ampla.
 - Mellorar a difusión e promoción.
 - Maior oferta nos concellos do rural.
 - Dotar ás bibliotecas de máis recursos.
 - Falta de lugares de lecer.
 - Importancia da existencia de tempo para o lecer.
 - Máis accesibilidade aos libros.
 - Pouco fomento do deporte.
- ⇒ Emprego, formación e independencia:
 - Falta de correspondencia entre a oferta e a demanda.
 - Mellor aproveitamento dos recursos.
 - Boa preparación.
 - Falta de oportunidades laborais.
 - Demasiadas persoas en situación de desemprego.
 - Axudas para a formación profesional.
 - Facilidades para o acceso a vivenda.
 - Discriminación por cuestión de sexo.
 - Mala situación económica.
 - Paro.
 - Dependencia dos pais.
- ⇒ Consumo e comportamentos non saudables:
 - Alcoholismo.
 - Tabaquismo.
 - Exceso no consumo de drogas.
 - Programación de actividades preventivas.

- Falta de coordinación entre as institucións.
 - Aumento da comida basura.
 - Fácil acceso a sustancias como o alcohol e as drogas.
 - Máis vixiancia do consumo de alcohol.
 - Exceso de grasas transxénicas.
 - Moita bollería industrial.
- ⇒ Relacións persoais e afectivo-sexuais:
- Actitudes machistas.
 - Mal uso da información dispoñible.
 - Máis información sobre conductas non adecuadas.
 - Embarazos non desexados.
 - Falta de medidas de prevención.
 - Mellorar tratamento do tema entre a xente moza.
 - Pasotismo por parte da mocidade.
 - Non se toman precaucións.
 - Falta de responsabilidade.
 - Mantemento de relacións sexuais en idades moi temperás.
 - Botellón.
- ⇒ Relacións sociais e co medio, a mocidade e outros:
- Deterioro das relacións interxeneracionais.
 - Falta de espazos para a socialización.
 - Coidar máis os montes.
 - Violencia entre a xente moza.
 - Non se respeta o medioambiente.
 - As relacións escasean debido aos medios de comunicación.
- ⇒ Participación e oportunidades para a creatividade:
- Moitas oportunidades, pero escasa utilización das mesmas.
 - Propoñer concursos de ideas.
 - Falta de imaxinación.
 - Falta de obradoiros que fomenten a participación e a creatividade.
 - Falta de participación.
 - Pasotismo.
 - Comezar nos colexios con obradoiros e actividades.

▪ **Programas e políticas para a xente moza**

Mais do 50% da xente moza considera que os recursos existentes para a mocidade son suficientes e variados, mentras que un 30% os considera poucos ou insuficientes.




Gráfico 50: Percepción sobre os recursos existente

En relación ao coñecemento que teñen os mozos e mozas sobre os programas e/ou políticas que se ofertan dende os diferentes organismos da Xunta de Galicia, un 74% das persoas enquisadas manifesta ter coñecemento de ditos programas ou políticas. Entre os programas ou políticas máis coñecidas pola xente moza destácanse as bolsas, intercambios, Carné Xove, Espazo Xove, campamentos, programas lingüísticos,...




Gráfico 51: Coñecemento dos programas e/ou políticas que se ofertan dende a Xunta de Galicia

A hora de obter información a xente moza acode nun 20% á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, seguido dun 19% que acode a Asociacións Xuvenís, Centros de Ocio e Espazo Xove.




Gráfico 52: Organismos a través dos cales se coñecen os recursos.

Case o 30% das persoas enquisadas considera que os servizos que se ofertan dende os diferentes organismos da Xunta de Galicia son para actividades deportivas, seguido dun 15% que pensa que son para actividades culturais ou educativas, mentras que o apoio á creatividade ou o apoio á participación serían dos servizos que consideran menos ofertados.

Por outra banda, cando lle preguntamos sobre que organismos son os que promoven os programas e/ou políticas para a mocidade, destacan a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado (29%), os Concellos (20%) e as Asociacións Xuvenís (19%).




Gráfico 53: Funcionalidade dos servizos ofertados




Gráfico 54: Organismos que promoven os programas e/ou políticas de mocidade

▪ Información sobre os programas.

A xente moza considera que a información que ten a sobre os diferentes programas e/ou políticas destinadas a mocidade é suficiente e accesible (60%), mentras que un 22% considera que é pouca. Por outra banda, consideran que internet, a televisión, o correo electrónico, os carteis publicitarios e os folletos serían os medios máis adecuados para informar aos mozos e mozas sobre os diferentes programas e/ou políticas.




Gráfico 55: Información sobre os programas

A mocidade considera que o interese é un dos principais motivos polo que os mozos e mozas están informados (24%), seguido do emprego de canais e medios adecuados (12%), por outra banda a non utilización dos canais e medios adecuados (15%) e a falta de interese e motivación (11%) serían as razóns máis relevantes polas que hai desinformación sobre os programas e/ou políticas.




Gráfico 56: Razóns polas que a mocidade está informada ou desinformada con respecto aos programas e actividades para a mocidade.

▪ **Actitudes e motivacións da mocidade.**

En relación ás actitudes e motivacións da mocidade, eles vense como participativos (27%), activos/as (16%), motivados/as (14%) e con iniciativa (12%); mentras que no polo oposto encontraríamos aos pasotas (5%), pasivos/as ou individualistas (4%).




Gráfico 57: Como se ven a xente nova en relación aos programas e servizos relacionados coa mocidade

Cando preguntamos á xente moza sobre os motivos da baixa participación as respostas son moi variadas, vai dende “non se ten en conta as motivacións e intereses da mocidade” (22%), “depende da temática da actividade” (19%), “non o considera necesario” (15%) ou “non lles interesa involucrarse” (13%). A súa vez consideran que a difusión da información, a adaptación das actividades ás necesidades da xente ou a programación de actuacións máis atractivas son cuestións que facilitarían a participación da mocidade.




Gráfico 58: Motivos da baixa participación.

▪ **Temas de interese para a mocidade.**

Os temas que máis interesan á mocidade galega son a saúde, educación, lecer, emprego, integración social e deporte, que son valorados como moi ou de bastante interese polos mozos e mozas. Outros temas nos que tamén a xente moza manifesta ter interese serían as novas tecnoloxías, infraestruturas, música, asociacionismo e voluntariado.

Cabe sinalar, que estes temas vense reflexados de forma directa ou transversal nas diferentes medidas e actuacións a propoñer polos entidades, implicadas no desenvolvemento do Plan Estratéxico, á hora de traballar a prol da mocidade.





Gráfico 59: Temas de interese para a mocidade

7.

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS



7.- OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

Tendo en conta os actuais coñecementos sobre a situación da xuventude segundo o informe europeo do 2009, urxe artellar mecanismos de colaboración que permitan coordinadamente acadar unha dobre estratexia con prioridades medibles a curto prazo mediante a consecución de tres obxectivos globais nos diferentes eixos de acción contemplados no Plan.

A estratexia de acción descansa sobre dúas metas fundamentais:

-Incrementar os investimentos na xuventude: aumentar os recursos para desenvolver os ámbitos das políticas que afectan á mocidade na súa vida diaria e melloran o seu benestar.

-Promover as condicións óptimas para a súa capacitación: promocionar o potencial da mocidade para renovar a sociedade e contribuír aos valores e obxectivos da UE.

A xuventude, lonxe de ser homoxénea e centrarse nun grupo de idade simbólico, abarca varios grupos de idade que van condicionando as súas necesidades e expectativas, así como demandas sobre recursos. Así mesmo, os distintos intervalos ou grupos de idade están caracterizados por rasgos transversais de diversidade. A diversidade refléxase no xénero, a interculturalidade, as diferenzas respecto do ambiente, sobre as cales a xuventude rural presenta necesidades específicas. Os espazos e tempos de ocio, as infraestruturas xuvenís, as formas de participación e asociación, os modelos educativos, o uso dos recursos e servizos... déixanse influenciar tamén pola diversidade. Neste marco de heteroxeneidade, a mocidade non debería deixar de aproveitar ao máximo o seu potencial. Esta premisa aplícase ás mocidades no seu conxunto, non obstante as medidas consideradas no Plan oríéntanse de forma prioritaria a aqueles que teñen menos oportunidades.

Partindo da premisa da situación socio-económica mundial, calquera actuación dirixida ao cumprimento da estratexia proposta, debe ir acompañada de apoios institucionais a través do que denominamos “método aberto de coordinación” que ten como finalidade a elaboración conxunta de políticas e accións transversais que contribúan a mellorar a vida diaria da mocidade, e ó mesmo tempo, fomentar o desenvolvemento do seu potencial para renovar a sociedade.

Os obxectivos xerais propostos son tres e poden acadarse a través de diferentes obxectivos operativos e medidas específicas nos eixos de acción prioritarios que se definen no seguinte apartado.


Estes obxectivos xerais son:

OBXECTIVO XERAL 1. *Crear máis oportunidades* para a xuventude na educación e no emprego;

OBXECTIVO XERAL 2. *Potenciar a solidariedade mutua* entre a sociedade no seu conxunto e a xuventude como parte dela;


OBXECTIVO XERAL 3. *Mellorar o acceso da xuventude á sociedade adulta e a súa plena participación* nela;

Ilustración 7.1. Secuencia estratéxica para a determinación das medidas integradas nos eixos prioritarios de acción



8.

EIXOS DE ACCIÓN PRIORITARIOS



8.- EIXOS DE ACCIÓN PRIORITARIOS DO III PLAN ESTRATÉGICO DE XUVENTUDE, XUVENTUDE 2013: UNHA ESTRATEXIA PARA A MOCIDADE GALEGA

EIXOS TRANSVERSAIS

8.1.- EIXO DE ACCIÓN 1: EDUCACIÓN

8.1.1. *Introdución*

A Educación do latín educere "guiar, conducir" ou educare "formar, instruír" pode definirse como:

O proceso de vinculación e concienciación cultural, moral e condutual. Así, a través da educación, a mocidade asimila e aprende os coñecementos, normas de conduta, modos de ser e formas de ver o mundo das xeracións anteriores, creando ademais outros novos.

Segundo o Informe da Xuventude Galega 2007, máis do 86% da xente moza galega ten superado o ensino obrigatorio. Así mesmo, de acordo aos resultados da mencionada enquisa, foron máis do 21% os que apuntaban ter rematado con éxito os estudos universitarios. Así podemos afirmar que no contexto actual, o capital humano é a base dunha sociedade desenvolvida e próspera. Galicia conta a día de hoxe cunha mocidade que é, sen dúbida, a mellor preparada da historia, pero é preciso dar un paso máis, xa que o éxito á hora de afrontar os retos da competitividade e da innovación pasa necesariamente por contar cunha sociedade formada e ocupada.

Se temos en conta que ao redor de 180.000 persoas mozas están a cursar algún tipo de estudo dentro da ensinanza regrada, tanto universitaria como non universitaria, é de vital importancia impulsar medidas concretas de apoio á mocidade para que esta conte cunha ampla oferta formativa, axustada ás súas preferencias e necesidades.

Dentro da educación regrada podemos destacar dous ámbitos de actuación:

- ✓ *Ámbito non universitario:* Que comprende a Educación Secundaria, Bacharelato e Formación Profesional.

Neste ámbito destacamos a necesidade de fomentar e poñer en valor a formación profesional, co obxecto de conseguir a modernización e a adaptación do alumnado ás capacidades e necesidades do mercado laboral do século XXI. Así, a Administración está levando a cabo a adaptación dos currículos dos ciclos formativos á Lei Orgánica de Educación ao tempo que se está a ampliar a oferta integrada de FP no sistema Educativo mediante a inclusión de 11 novos ciclos de grao superior e 8 de grao medio, co que a oferta se abre a 22 familias profesionais, catro delas de recente creación (enerxía e auga, industrias extractivas, seguridade e medio ambiente e artes e artesanías).

No bacharelato o alumnado pode optar por tres modalidades formativas: Ciencia e Tecnoloxía, Humanidades e Ciencias Sociais e Artes

- ✓ *Ámbito universitario.*

O Goberno galego aposta de xeito firme e decidido por unha universidade plural e aberta ao mundo. Neste senso, o pasado ano 2009 foi clave pola necesidade de adaptar o Sistema de Ensinanza Universitario Galego ao Espazo Europeo de Educación Superior. No marco deste proceso adaptativo, o Goberno galego está traballando tamén nun novo plan de financiamento do Sistema Universitario Galego no que se atenda, de xeito prioritario, á equidade e eficiencia do sistema universitario.

Os galegos contamos con dúas linguas, e esa é unha riqueza da que temos que estar orgullosos e debemos aproveitar, así o III Plan Estratéxico, Xuventude 2013: Unha estratexia para a mocidade galega, recolle accións específicas destinadas tanto á potenciación do uso da lingua galega, como á dinamización e ao fomento e reforzo da súa competencia.

Así as cousas, a Galicia do futuro debe dar resposta a unha das principais eivas coas que se atopan os alumnos e alumnas galegas, a aprendizaxe e dominio do inglés. A adquisición dun coñecemento efectivo en lingua(s) estranxeira(s) é por tanto, obxecto de intervención a través de diferentes medidas como as axudas á realización de actividades de inmersión lingüística, o plan de seccións bilingües ou o programa CUALE.

Por último, sinalar que o *Informe del Consejo “Educación” ao Consejo Europeo*, de 14 de febreiro de 2001, sobre os futuros obxectivos precisos dos sistemas de educación, recolle a mellora da calidade e a eficacia dos sistemas de educación e de formación como un dos obxectivos a acadar. Un sistema educativo de calidade pasa pola introdución das novas tecnoloxías no ensino, este é o obxectivo do Proxecto Abalar co que se pretende acadar unha dobre finalidade:

- Que toda a comunidade educativa poida sacar o máximo proveito das Tecnoloxías da Información e da Comunicación mediante o desenvolvemento de accións formativas para o profesorado, e a posta en marcha dun portal web para que, tanto profesorado como alumnado o os seus pais e nais, poidan ser partícipes en todo momento do proceso educativo.
- Que o alumnado dos últimos cursos de primaria e os de secundaria contén con ordenadores para un mellor desenvolvemento dos seus estudos, non só dentro do ámbito das aulas, senón tamén no seu fogar, promovendo así o emprego das novas tecnoloxías da información e a comunicación nos diferentes eidos da vida cotiá.

Á marxe destes compromisos, dende a Administración galega considérase un obxectivo fundamental o apoio á educación non formal da mocidade como complemento da educación regulada, para contribuír á aprendizaxe permanente, incluso fóra das aulas, mediante a animación xuvenil e o uso das novas tecnoloxías. Como vimos anteriormente, a educación regulada ten que vir acompañada dunha formación transversal e unha educación non regulada, ou tamén chamada informal, que facilite a conexión entre o sistema educativo e a sociedade.

Este tipo de formación concrétese a través das medidas e actuacións relacionadas coas novas tecnoloxías, igualdade de oportunidades, apoio ao uso da lingua galega, educación medioambiental, educación para o consumo, educación viaria, educación para a saúde, promoción cultural...

En tanto en canto, o III Plan Estratéxico de Xuventude, Xuventude 2013: Unha estratexia para a mocidade galega, no seu eixo primeiro e baixo a rúbrica de “Educación”, incorpora todo o que, máis aló da formación regulada, se vincula ao desenvolvemento das habilidades e capacidades complementarias ao desenvolvemento persoal e social da xuventude, a través do emprego de recursos ou metodoloxías tamén complementarios ao sistema educativo. Doutro xeito, pretender integrar a cantidade de actuacións que se dan para a regulación do ensino e potenciación da súa calidade sería practicamente imposible, xa que estaríamos a entrar en ámbitos que dificultarían a súa incorporación ao Plan. Non obstante, consideramos importante destacar que, tal e como se desprende das verbas anteriores, entendemos o proceso educativo como un todo integrado, no que o formal e o non formal deben interactuar continuamente, no marco dun proceso de participación coordinada entre as administracións, os seus departamentos e outras entidades e organismos con competencias na materia.

8.1.2. Obxectivos operativos e formulación de medidas

OBXECTIVO OPERATIVO 1: Dotar aos centros educativos dos recursos e materiais necesarios para o bo desenvolvemento das actuacións e actividades relacionadas coa mocidade e o seu desenvolvemento integral.

MEDIDA Nº 1

PLAN DE MELLORA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES

DESCRIPCIÓN DA MEDIDA

Renovación e actualización das bibliotecas escolares dos centros do ensino secundario, ensinanzas de réxime especial e ensinanzas das persoas adultas.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos. (Consellería de Educación)

MEDIDA Nº 2

INCENTIVOS A CLUBES DE LECTURA EN CENTROS DE ENSINO SECUNDARIO

DESCRIPCIÓN DA MEDIDA

Convocatoria de axudas para o desenvolvemento de Clubes de lectura nos centros públicos de ensino secundario, bacharelato, formación profesional e ensinanzas de réxime especial.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos. (Consellería de Educación)

OBXECTIVO OPERATIVO 2: Apoiar a mobilidade, a nivel autonómico, estatal e internacional, da mocidade que cursa ensinanzas universitarias e non universitarias para poder completar a súa formación e experiencia.

MEDIDA Nº 1

BOLSAS DE FORMACIÓN EN COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO

DESCRIPCIÓN DA MEDIDA

Programa de bolsas de formación para que os titulados e tituladas universitarios e universitarias complementen a súa formación académica con estadias na Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, en proxectos que se executan en países prioritarios da cooperación galega, nas oficinas técnicas de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea (Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza)
- Outros entes implicados:
 - *Agencia Española de Cooperación para el Desarrollo* (AECID)
 - *Organización de las Naciones Unidas pra la Agricultura y la Alimentación* (FAO)
 - *United Nations Development Fund for Women* (UNIFEM)

MEDIDA Nº 2

BOLSAS PARA ESTUDOS DE ESPECIALIZACIÓN SOBRE UE

DESCRIPCIÓN DA MEDIDA

Programa de bolsas para o Colexio de Europa e tres bolsas para a Universidade Libre de Bruxelas (ULB), a Universidade Católica de Louvain-La Nueve (UCL) e a Universidade Católica de Louvain (KUL) para aqueles universitarios que teñen o 2º ciclo rematado ou están no último ano de carreira.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Fundación Galicia Europa
- Outros entes implicados:
 - Colexio de Europa de Bruxas (Bélxica) ou Natolin (Polonia)
 - Universidade Católica de Louvain (UCL)
 - Universidade Libre de Bruxelas (ULB)

MEDIDA Nº 3**TOUR EUROPA DE COREÓGRAFOS****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Programa de aprendizaxe permanente Leonardo da Vinci, que ten como finalidade a creación e desenvolvemento dun plan innovador de formación que responda as necesidades dos/as novos/as coreógrafos/as, facilitando os intercambios, a mobilidade e a confrontación das persoas participantes.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC)
- Outros entes implicados:
 - CDC Le Pacifique de Grenoble (Francia)
 - Lubelski Teatr Tanca de Lublin (Polonia)
 - Dance Ireland de Dublin (Irlanda)
 - Kampanagel Tanzplan de Hamburgo (Alemaña)

MEDIDA Nº 4**AXUDAS PARA ESTADÍAS EN PAÍSES DA U.E. PARA COÑECER A SÚA LINGUA****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Orde pola que se aproban as bases que rexerán o concurso público de axudas a estudantes universitarios para estadias nalgún estado membro da Unión europea, durante o verán de 2010, co obxecto de coñecer a lingua dese país.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Secretaría Xeral de Universidades (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)
- Outros entes implicados:
 - Universidades do S.U.G.

MEDIDA Nº 5**BOLSAS PARA ACTIVIDADES FORMATIVAS DE CURTA DURACIÓN****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Axudas para o desenvolvemento de actividades de formación académica de curta duración, desenvolvidas fóra da comunidade autónoma, destinadas ao alumnado universitario que cursen os seus estudos oficiais nas universidades do SUG

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Secretaría Xeral de Universidades (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)
- Outros entes implicados:
 - Universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG)

MEDIDA Nº 6**AXUDAS COMPLEMENTARIAS ERASMUS****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Axudas complementarias ás achegadas pola Unión Europea para facilitar a participación da mocidade no Programa Comunitario de mobilidade Erasmus e Suíza (curso 2009/2010)

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Secretaría Xeral de Universidades (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)
- Outros entes implicados:
 - Universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG)

MEDIDA Nº 7**PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Plan de Transporte no que se prevé o establecemento de bonos sociais destinados a distintos colectivos entre o que se atopa o de estudantes matriculados en centros recoñecidos oficialmente.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras e Concellos das Áreas de Transporte Metropolitano de Galicia

OBXECTIVO OPERATIVO 3: Facilitar a formación , intercambio de experiencias e actividades de lecer entre a mocidade galega residente no exterior e/ou descendente de galegos/as

MEDIDA Nº 1**BOLSAS DESTINADAS Á CIDADANÍA GALEGA RESIDENTE NO EXTERIOR
PARA A REALIZACIÓN DE ESTUDOS UNIVERSITARIOS OFICIAIS,
INTERCAMBIOS UNIVERSITARIOS E ESTUDOS DE FORMACIÓN
PROFESIONAL EN GALICIA****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Programa de bolsas para facilitar á mocidade que vive fora de Galicia a realización de estudos universitarios oficiais, intercambios universitarios e estudos de formación profesional durante o curso académico.

Para elo convócanse catro liñas de axuda:

2. Estudos universitarios presenciais conducentes á obtención do título de grao, licenciado, diplomado,...
3. Estudos oficiais conducentes á obtención do título de Master Universitario
4. Mobilidade de estudantes galegos/as ou fillos/as de emigrantes galegos/as que residen en países extracomunitarios.
5. Estudos de formación profesional de grao superior

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Secretaría Xeral da Emigración (Presidencia)

→ Outros entes implicados:

- Secretaría Xeral de Universidades (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

MEDIDA Nº 2**AXUDAS E SUBVENCIÓNS DESTINADAS AS ENTIDADES GALEGAS NO EXTERIOR PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS PROMOVIDOS POLA MOCIDADE****DESCRICIÓ DA MEDIDA**

Realización de proxectos creativos, formativos, de participación e intercambio cultural que permita a integración da mocidade nas estruturas orgánicas das entidades galegas no exterior, permitindo unha renovación xeracional.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Secretaría Xeral da Emigración (Presidencia)

MEDIDA Nº 3**AXUDAS CORRESPONDENTES AO PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE CAMPAMENTOS E CAMPOS DE TRABALLO****DESCRICIÓ DA MEDIDA**

Financiamento dos desprazamentos, aloxamentos e manutencións da mocidade descendente de galegos/as que queren participar nos campamentos para desenvolver actividades de animación e tempo libre a través de programas de convivencia, educación ambiental, recuperación do patrimonio cultural e arquitectónico.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade promotora: Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar) e Secretaría Xeral da Emigración (Presidencia).

OBXECTIVO OPERATIVO 4: Contribuír e incentivar a formación da xente moza universitaria para completar e complementar os seus estudos**MEDIDA Nº 1****PRÉSTAMOS A ESTUDANTES UNIVERSITARIOS****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Orde pola que se aproban as bases e se procede á convocatoria pública de axudas destinadas ao financiamento dos xuros de préstamos concedidos nas convocatorias anteriores.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Secretaría Xeral de Universidades.
- Outros entes implicados:
 - Universidades do S.U.G.

MEDIDA Nº 2**AXUDAS A ASOCIACIÓNS DE ESTUDANTES UNIVERSITARIOS****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Orde pola que se aproban as bases e se procede á convocatoria de axudas a asociacións de estudantes universitarios, para o curso académico 2009-2010.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Secretaría Xeral de Universidades.
- Outros entes implicados:
 - Universidades do S.U.G.

MEDIDA Nº 3**AXUDAS PARA ASISTENCIA A CONGRESOS****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Orde pola que se aproban as bases e se procede á convocatoria de axudas a estudantes universitarios para asistencia a congresos, simposios, seminarios ou similares.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Secretaría Xeral de Universidades.
- Outros entes implicados:
 - Universidades do S.U.G.

MEDIDA Nº 4**AXUDAS DE CARÁCTER ESPECIAL (ÁMBITO UNIVERSITARIO)****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Axudas destinadas ao alumnado que curse estudos universitarios nas universidades do SUG, que por causa sobrevida ou imprevista, teña dificultades económicas para continuar estudos.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Secretaría Xeral de Universidades (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)
- Outros entes implicados:
 - Universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG)

MEDIDA Nº 5**PREMIOS FIN DE CARREIRA****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Convocatoria de premios Fin de Carreira da Comunidade Autónoma de Galicia que remate os seus estudos no ano 2010, para incentivar a excelencia académica.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Secretaría Xeral de Universidades (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)
- Outros entes implicados:
 - Universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG)

OBXECTIVO OPERATIVO 5: Empregar novas tecnoloxías da información e a comunicación e métodos audiovisuais como complemento da formación formal e non formal da mocidade.

MEDIDA Nº 1

CENTRO MULTIMEDIA DE GALICIA-REDE CEMIT

DESCRICIÓN DA MEDIDA

Realización de accións formativas gratuítas, presenciais e on-line, relacionadas co mundo multimedia e audiovisual, así como a realización de diversos eventos a través de vídeo e/ou multivideoconferencias.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade promotora: Secretaría Xeral de Medios (Presidencia) e Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Presidencia).
- Outros entes implicados:
- Concellos
 - Colectivos e asociacións

MEDIDA Nº 2

OBSERVATORIO AUDIOVISUAL DE GALICIA

DESCRICIÓN DA MEDIDA

Servizo de información sobre o sector audiovisual galego para facilitar o acceso a este tipo de coñecementos a través das distintas seccións da páxina web.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Secretaría Xeral de Medios (Presidencia).

MEDIDA Nº 3

NOVAS EMOCIÓN, NOVOS EXPECTADORES

DESCRICIÓN DA MEDIDA

Programación cinematográfica para institutos que propicia un descubrimento do cine como arte e cultura, ademais de facilitar un achegamento reflexivo e sensible a algúns dos elementos específicos da arte cinematográfica.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Centro Galego de Arte Contemporánea

MEDIDA Nº 4**PROGRAMA ETWINNING****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Desenvolvemento do proxecto e-Twinning, consistente na realización de proxectos de ensinanza colaborativa entre profesorado de diferentes países co soporte das TIC.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidades Promotoras: Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e Servizo de Formación do Profesorado (Consellería de Educación)
- Outros entes implicados:
- Instituto Galego de Consumo
 - Coordinador eTwinning de Galicia

MEDIDA Nº 5**OBSERVATORIO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E MODERNIZACIÓN DE GALICIA****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

O Observatorio da Sociedade da Información e Modernización de Galicia (OSIMGA) é un órgano asesor para a valoración da evolución da sociedade da información, a modernización administrativa e a administración electrónica nas administracións públicas de Galicia, e para a participación e colaboración coas distintas Administracións públicas.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidades Promotoras: Secretaria Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Presidencia)
- Outros entes implicados:
- Colectivos e asociacións

OBXECTIVO OPERATIVO 6: Fomentar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres nas diferentes actuacións educativas e nas actividades de lecer.

MEDIDA Nº 1

**DINAMIZACIÓN DO COMPROMISO COA IGUALDADE ENTRE MULLERES
E HOMES**

DESCRICIÓN DA MEDIDA

Convocatoria de subvencións aos concellos galegos para fomentar a formación en igualdade e corresponsabilidade da poboación xuvenil.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Secretaría Xeral da Igualdade (Presidencia)
- Outros entes implicados:
 - Concellos
 - Centros educativos e Asociación de Nais e Pais de Alumnos (ANPAS)

MEDIDA Nº 2

PROGRAMA DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO ÁS MULLERES

DESCRICIÓN DA MEDIDA

Creación e mantemento dunha rede de centros de información ás mulleres, que poda dar resposta ás demandas das mozas galegas.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Secretaría Xeral da Igualdade (Presidencia)
- Outros entes implicados:
 - Concellos

MEDIDA Nº 3**XII FORO GALEGO EDUCANDO EN IGUALDADE****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Actividade centrada na formación do profesorado na que se pretende avanzar colectivamente, dende unha análise de xénero, no papel social do ensino e os medios de comunicación fronte á violencia de xénero.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Secretaría Xeral da Igualdade (Presidencia)
- Outros entes implicados:
 - Profesorado de centros públicos e centros privados concertados

MEDIDA Nº 4**11ª XORNADA GALEGA DE NAIS E PAIS: EDUCANDO EN IGUALDADE****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Actividade que permite que as familias, profesorado, ANPAS e asociacións de mulleres avancen no tema da igualdade dende o ámbito educativo co fin de acadar unha educación na igualdade.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Secretaría Xeral da Igualdade (Presidencia)
- Outros entes implicados:
 - Profesorado
 - Asociación de Nais e Pais de Alumnos (ANPAS)
 - Asociacións de mulleres

MEDIDA Nº 5**OBRADOIROS DE VERÁN EN MATERIA DE CORRESPONSABILIDADE****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Realización de obradoiros de corresponsabilidade nos campamentos de verán onde acode un gran número de mozos e mozas.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Secretaría Xeral da Igualdade (Presidencia)
- Outros entes implicados:
 - D. Xeral de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

OBXECTIVO OPERATIVO 7: Posibilitar unha oferta educativa, formativa e de lecer en lingua galega para a mocidade.

MEDIDA Nº 1**ACCIÓNS DE POTENCIACIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA ENTRE A MOCIDADE, COMO GARANTÍA DE COHESIÓN SOCIAL E DE INTEGRACIÓN DA XENTE NOVA****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Promoción do uso do galego como lingua de relación da mocidade galega, facendo fincapé na importancia do uso da lingua nas diferentes actividades, accións e programas nos que participa.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Secretaría Xeral de Política Lingüística (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)
- Outros entes implicados:
 - D. Xeral de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
 - Consello da Xuventude
 - Entidades que colaboren en accións dirixidas á xuventude.

MEDIDA Nº 2**ACCIÓNS DE FOMENTO E DE REFORZO DA COMPETENCIA EN LINGUA
GALEGA DIRIXIDAS Á MOCIDADE, ASÍ COMO DE ACTITUDES
FAVORABLES AO SEU USO****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Programación dunha formación específica e deseño de módulos específicos de sensibilización e competencia lingüística en galego dentro dos Plans de Formación da D.X. de Xuventude e Voluntariado.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Secretaría Xeral de Política Lingüística (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)
- Outros entes implicados:
- D. Xeral de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
 - Secretaría Xeral de Medios (Presidencia)
 - Consello da Xuventude de Galicia

MEDIDA Nº3**ACCIÓNS DE DINAMIZACIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA ENTRE A
MOCIDADE, FAVORECENDO OS ESPAZOS DE LECER EN GALEGO****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Promoción de espazos de lecer e programación de actividades en galego nos ámbitos de interese para a xente nova.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Secretaría Xeral de Política Lingüística (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)
- Outros entes implicados:
- Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
 - Servizos lingüísticos dos concellos integrados na Rede de Dinamización Lingüística.

MEDIDA Nº 4**APOIO A CREACIÓN DE PRODUTOS E RECURSOS EN GALEGO DE INTERESE PARA A MOCIDADE****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Promoción de produtos e recursos en diversos soportes dirixidos á mocidade (novas tecnoloxías, música, cine, deporte, lingua,...)

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Secretaría Xeral de Política Lingüística (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)
- Outros entes implicados:
 - Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
 - Secretaría Xeral de Medios (Presidencia)

OBXECTIVO OPERATIVO 8: Programar e poñer en marcha diferentes actuacións e actividades relacionadas coa transversalidade na educación como pode ser a prevención de riscos, sensibilización medioambiental, educación para o consumo, prevención do fracaso escolar...

MEDIDA Nº 1**ESCOLA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

A Escola permite a realización de actuacións en materia de prevención de riscos laborais entre a poboación escolar, a través dun servizo de información e consulta, realización de obradoiros prácticos e actuacións de formación e promoción con apoio de material didáctico.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA)
- Outros entes implicados:
 - Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

MEDIDA Nº 2**AXENDA 21 ESCOLAR DE GALICIA****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Programa para a educación na sustentabilidade no eido educativo, desenvolvendo no alumnado competencias de cidadáns e cidadás responsables, facilitando que o profesorado fomente nos alumnos e alumnas as súas competencias sociais e de iniciativa persoal e xerando nas aulas e nos centros educativos unha dinámica innovadora.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Dirección Xeral de Sustentabilidade e Paisaxe (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras)
- Outros entes implicados:
 - Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

MEDIDA Nº 3**PROXECTO CLIMÁNTICA****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Congreso Climántica de estudantes, na que o alumnado presentan os seus traballos para sensibilizar en materia ambiental dende a revista CLMNTK e dende climantica.org. Permite que os alumnos e alumnas estimulen a súa competencia verbal, multimedia e artística, así como potencien a creatividade e o traballo en equipo.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Dirección Xeral de Sustentabilidade e Paisaxe (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructura)
- Outros entes implicados
 - D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
 - Sistema educativo de Galicia

MEDIDA Nº 4**CAMPAMENTOS URBÁNS DE SOSTENIBILIDADE E PAISAXE****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Campamentos urbanos onde se achega aos máis novos e novas á perspectiva da sostenibilidade no territorio, a través dun programa flexible e adaptado as características grupais onde se establecen espazos interxeneracionais e en contacto coa entorno e o paisaxe..

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Dirección Xeral de Sostenibilidade e Paisaxe (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestrutura)
- Outros entes implicados:
- Concellos de Cuntis, Carballiño, Oza dos Ríos, Lalín, Ribadeo

MEDIDA Nº 5**PREMIOS COOPERATIVISMO NO ENSINO****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Promoción do desenvolvemento e actividades de fomento e divulgación do cooperativismo nos centros educativos da Comunidade segundo a seguinte clasificación:

- Centros de Educación Infantil, Primaria e Secundaria
- Centros de Formación Profesional

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Consello Galego de Cooperativas

MEDIDA Nº 6**PROGRAMA PORTOS XACOBEOS****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Conxunto de actividades nos portos galegos para a achegar á poboación, facendo fincapé na infancia e na mocidade, ás diferentes rutas xacobeas relacionadas cos mesmos. Levaranse a cabo actividades culturais e artísticas onde se poña en valor a riqueza de cada unha das vilas onde teñan lugar ditas accións.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Consellería do Mar e Consellería de Cultura e Turismo.

MEDIDA Nº 7**PREMIOS ÁOS PROXECTOS DE EDUCACIÓN PARA O CONSUMO NA ESCOLA
DESENVOLVIDOS NO MARCO DA REDE DE EDUCACIÓN AO CONSUMIDOR****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Realización e execución dun programa de actividades relacionadas coa educación para o consumo desenvolto nos centros educativos no marco da Rede de Educación para o Consumidor

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidades Promotoras:

- Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado (Consellería de Educación)
- Servizo de Formación do Profesorado

→ Outros entes implicados:

- Instituto Galego de Consumo

MEDIDA Nº 8**CONSUMÓPOLIS****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Concurso de premios sobre o consumo responsable e calidade de vida. Inclúe:

- Unha fase práctica en liña onde o alumnado debe de demostrar os seus coñecementos sobre o consumo responsable, a través dun xogo.
- A realización dun álbum virtual integrado por cinco fotografías que reflectan a súa visión sobre o consumo responsable.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidades Promotoras:

- Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado (Consellería de Educación)
- Servizo de Ordenación, Innovación e Orientación Educativa

→ Outros entes implicados:

- Instituto Galego de Consumo

MEDIDA Nº 9**PROGRAMA DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FÓRA
DO HORARIO LECTIVO****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Programa consistente na achega de subvencións aos concellos de Galicia para o cofinanciamento do programa de apertura de centros educativos públicos fóra do horario lectivo.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado (Consellería de Educación)
- Outros entes implicados:
 - Asociacións de Pais e Nais

MEDIDA Nº10**METEOESCOLAS****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Rede de estacións climáticas dos Institutos e Escolas de Galicia que complementa a Rede de Estacións Metereolóxicas da Xunta de Galicia xestionadas por MeteoGalicia, co obxecto de mellorar o curriculum do alumnado en temas medioambientais e das ciencias da Terra así como de promover a investigación na escola.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: MeteoGalicia. Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

MEDIDA Nº11**XORNADAS INFORMATIVAS EN CAMPAMENTOS-CAMPAÑA DE
RECOLLIDA SELECTIVA EN PRAIAS****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Realización de xornadas lúdico-informativas en campamentos xuvenís de verán, co fin de profundizar no contacto directo coas novas xeracións, adaptándose as actividades a desenvolver ás idades dos e das participantes. Ademáis contarase coa instalación de colectores para a separación dos residuos, de xeito que a campaña dos areas galegos se prolongue aos campamentos.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras)
- Outros entes implicados:
- Subdirección Xeral de Programas. Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº12**“MERGULLANDOSE NAS ILLAS ATLÁNTICAS”****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Programa didáctico, con visitas feitas por especialistas en formación ambiental con experiencia probada en grupos educativos sensibles, tales como adolescentes, mocidade e persoas con discapacidade funcional.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Parque Nacional MT Illas Atlánticas de Galicia. D.X. de Conservación da Natureza. (Consellería de Medio Rural)
- Outros entes implicados:
- Navieras
 - Concellos
 - Comunidade Educativa
 - Anónimos Solidarios
 - Camping Cies

MEDIDA Nº13**“ROTEIROS NAS ILLAS”****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Programa de sensibilización ambiental axeitado aos roteiros existentes no Parque. As visitas son concertadas previamente con colectivos xuvenís que amosen o seu interese ou concertados nos puntos de información do Parque Nacional

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Parque Nacional MT Illas Atlánticas de Galicia. D.X. de Conservación da Natureza. (Consellería de Medio Rural)
- Outros entes implicados:
- Navieras
 - Concellos
 - Asociacións Xuvenís
 - Camping Cies

MEDIDA Nº14**“INTEGRANDONOS NAS ILLAS”****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Programa de sensibilización ambiental e integración de colectivos con discapacidade funcional. As visitas son concertadas con colectivos xuvenís con discapacidade funcional, ou concertados nos puntos de información do Parque Nacional.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Parque Nacional MT Illas Atlánticas de Galicia. D.X. de Conservación da Natureza. (Consellería de Medio Rural)
- Outros entes implicados:
- Navieras
 - Concellos
 - Anónimos Solidarios
 - Asociacións de Colectivos con Discapacidade Funcional

OBXECTIVO OPERATIVO 9: Fomentar entre a mocidade a continuidade dos seus estudos a través de cursos de especialización ou formación profesional para facilitar o achegamento ao mundo laboral

MEDIDA Nº 1

I CAMPIONATO GALEGO DE FORMACIÓN PROFESIONAL GALICIA SKILLS

DESCRIPCIÓN DA MEDIDA

O campionato consiste en 12 competicións nas que participan o alumnado de formación profesional para poñer en valor a calidade e o atractivo deste tipo de formación, así como para motivar ao alumnado para a mellora da calidade da FP e potenciar a relación entre os centros de formación profesional

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

MEDIDA Nº 2

BOLSAS PARA MÁSTER UNIVERSITARIOS

DESCRIPCIÓN DA MEDIDA

Orde pola que se convocan bolsas de nova adxudicación para a realización de estudos oficiais nas universitarios do S.U.G. conducentes ao título de Máster Universitario.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Secretaría Xeral de Universidades.
→ Outros entes implicados:
▪ Universidades do S.U.G.

MEDIDA Nº 3

MASTER DE ECONOMÍA PESQUEIRA

DESCRIPCIÓN DA MEDIDA

Master en Economía Pesqueira co obxecto de apoiar á formación náutico pesqueira e promocionar as ensinanzas do sector.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (Consellería do Mar)
→ Outros entes implicados:
▪ Facultade de Ciencias Económicas (USC)

MEDIDA Nº 4**AXUDAS ECONÓMICAS PARA A FORMACIÓN NAS ESCOLAS NAÚTICAS****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Liña de axudas económicas para a realización de estudos náutico e marítimo pesqueiros para o alumnado dos cursos de formación.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Consellería do Mar

MEDIDA Nº 5**CURSO DE TÉCNICO “ACUARIOLOXÍA MARIÑA LITORAL E TROPICAL”****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Ofrecer unha formación especializada teórica e práctica a licenciados/as, estudantes, técnicos, empresarios e investigadores no eido da acuarioloxía.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Consellería do Mar e Colexio Oficial de Biólogos de Galicia

MEDIDA Nº 6**XORNADAS DE PORTAS ABERTAS****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Divulgación das oferta formativa da Consellería do Mar a través da realización dunhas xornadas de portas abertas co obxecto de ensinar as instalacións aos futuros alumnos e alumnas.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Consellería do Mar

MEDIDA Nº7**MASTER EN INTERPRETACIÓN MUSICAL****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Colaboración coa USC para o deseño e organización dun Máster en Educación Musical.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

→ Outros entes implicados:

- USC
- Consorcio de Santiago (órgano xestor da RFG)
- Consellería de Educación

OBXECTIVO OPERATIVO 10: Fomentar entre a mocidade galega o coñecemento de idiomas ca finalidade de o alumnado adquira unha competencia plurilingüe e destrezas comunicativas interculturais

MEDIDA Nº 1**AXUDAS DIRIXIDAS AO ALUMNADO DE CENTROS EDUCATIVOS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS PARA REALIZAR ACTIVIDADES DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Convocatoria de axudas dirixidas ao fomento do coñecemento de idiomas co obxecto de que o alumnado galego adquira unha competencia plurilingüe. A través desta convocatoria, tamén se promocionará o desenvolvemento de estadias de escolares galegos e galegas noutros países, co fin de crear no alumnado a necesidade de empregar idiomas para comunicarse ao tempo que se pon en valor a educación dende unha perspectiva intercultural.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidades Promotoras: Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado e Servizo de Ordenación, Innovación e Orientación Educativa (Consellería de Educación)

→ Outros entes implicados:

- Centros educativos
- Servizo de Inspección Educativa
- Servizo de formación do profesorado

MEDIDA Nº 2**PLAN DE SECCIÓN BILINGÜES****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Convocatoria do Plan de seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario para impulsar a mellora da formación do alumnado no coñecemento das linguas estranxeiras pertencentes ao espazo cultural europeo.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidades Promotoras:

- Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado (Consellería de Educación).
- Servizo de Ordenación, Innovación e Orientación Educativa

MEDIDA Nº 3**PROGRAMA CUALE****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Desenvolvemento de cursos para a formación complementaria da aprendizaxe de linguas estranxeiras nos Institutos de Educación Secundaria e Centros Integrados de Formación Profesional da Comunidade Autónoma co obxectivo de fomentar o feito plurilingüe nos centros educativos mediante o aproveitamento dos seus propios recursos.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidades Promotoras:

- Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado (Consellería de Educación).
- Servizo de Ordenación, Innovación e Orientación Educativa

OBXECTIVO OPERATIVO 11: Promover a modernización da educación formal a través da integración das TIC na práctica educativa.

MEDIDA Nº 1

PROGRAMA ABALAR

DESCRIPCIÓN DA MEDIDA

ABALAR é o proxecto que substancia a estratexia para a integración plena das TIC na práctica educativa en Galicia, como unha das áreas prioritarias de intervención da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

ABALAR inclúe e integra todas as iniciativas no ámbito educativo, xuntando os esforzos cara á modernización e mellora da educación como parte da estratexia transversal do Goberno galego de promoción das TIC a todos os sectores da actividade, recollida no marco da iniciativa de modernización e goberno2013.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
- Outros entes implicados
 - Presidencia (Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxico).
 - Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
 - Comunidade Educativa dos centros da Comunidade Autónoma.

8.2.-EIXO DE ACCIÓN 2: EMPREGO

8.2.1. Introducción

O termo traballo (do latín “laborare”, que quere dicir labrar) enténdese como aquel “esfuerzo humano aplicado á produción de riqueza”, por tanto o traballo consiste no exercicio das nosas facultades aplicadas á consecución dalgún fin racional e é condición precisa do desenvolvemento e progreso humano en todas as súas esferas. Polo tanto, non se pode asociar o traballo unicamente co traballo de carácter económico senón tamén hai que ter en conta aquel traballo que nos proporciona unha satisfacción das nosas necesidades.

Na actualidade atopámonos cun mercado laboral caracterizado por certos cambios como son o envellecemento progresivo da poboación activa (en Galicia os mozos e mozas representan unicamente o 17,67% da poboación ocupada), a incorporación de inmigrantes, o aumento do emprego feminino e escaseza de man de obra cualificada.

Por outra banda, a xuventude cada vez incorporase máis tarde ao mercado laboral, debido ás altas taxas de paro e temporalidade que dificultan o acceso ao emprego estable e de calidade, prolongando cada vez en maior medida a transición entre a ensinanza e o comezo da vida laboral.

O goberno da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo e Benestar, está a perfilar o novo Plan Autonómico de Emprego 2010-2013, froito do Diálogo Social que formula os seguintes obxectivos esenciais:

- Mellora da empregabilidade
- Mellora da adaptabilidade, co obxecto de permitir a readaptación das persoas en situación de desemprego cara novos sectores de emprego.
- A igualdade de oportunidades, mediante o desenvolvemento de accións específicas para cada colectivo, de feito o Plan está integrado por outros catro plans:
 - Plan de Emprego Feminino
 - Plan de Emprego Autónomo

- Plan de Emprego para as persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social.
- Plan de Emprego Xuvenil.

O Plan de Emprego Xuvenil contempla, entre outras medidas, un plan de conciliación da vida estudantil e laboral, o fomento da inserción laboral das persoas mozas que acaban de rematar os estudos mediante a posta en marcha dun servizo de asesoramento e orientación laboral para a mocidade titulada e estudantes maiores de 16 anos, creando un banco de datos de persoas tituladas recentemente, accesible para as empresas, e impulsando o fomento dos contratos formativos e en practicas dos mozos e mozas galegos. O Plan de Emprego Xuvenil recolle tamén, a posta en marcha de mecanismos de discriminación positiva que impulsen a contratación de mozos e mozas, como, por exemplo: a subvención de contratos indefinidos para menores de 25 anos, os incentivos á conversión en contratos fixos dos vínculos laborais temporais ou a concesión de axudas a empresas cun volume significativo de persoas mozas en plantilla.

Un dos retos imperativos que se lle plantexan ao III Plan Estratéxico de Xuventude, Xuventude 2013: Unha estratexia para a mocidade galega é facilitar o acceso ao mercado laboral da mocidade galega a través da mellora das súas capacitacións profesionais, á vez que proporcionar os medios necesarios para poder facer compatible o desenvolvemento profesional coas esixencias da vida persoal e familiar, poñendo a disposición da xente moza os suficientes recursos e servizos para a súa consecución.

Para elo, o Plan vai permitir aunar esforzos para proporcionar unha ampla gama de oportunidades profesionais e ocupacionais que propicien unha empregabilidade xuvenil de calidade, facendo fincapé no reforzo de medidas como a orientación e asesoramento profesional, creación de itinerarios socio-profesionais, compatibilización de prácticas profesionais coa formación ou o fomento da mobilidade laboral.

8.2.2. Obxectivos operativos e formulación de medida

OBXECTIVO OPERATIVO 1: Fomentar a inserción laboral dos mozos e mozas a través de diferentes programas e incentivos para a súa contratación.

MEDIDA Nº 1

INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA DA MOCIDADE GALEGA

DESCRIPCIÓN DA MEDIDA:

Fomentar, a través da concesión de axudas, a contratación de mozos e mozas de trinta ou menos anos de idade por parte das empresas. Tanto a contratación indefinida inicial, a transformación de contratos temporais e a contratación temporal dos mozos e mozas en situación de risco ou en risco de exclusión social.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Dirección Xeral de Promoción do Emprego (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados
 - Empresas privadas e empregadores

MEDIDA Nº 2

PROGRAMAS DE COOPERACIÓN CON ENTIDADES LOCAIS

DESCRIPCIÓN DA MEDIDA:

Programa, en colaboraciónn coas entidades locais, que ten por obxecto a subvención da contratación de traballadores e traballadoras desempregados/as e mulleres vítimas de violencia para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social, co obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Dirección Xeral de Promoción do Emprego (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados
 - Entidades locais

MEDIDA Nº 3**PROGRAMAS DE COOPERACIÓN CON ÓRGANOS E ORGANISMOS DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS DISTINTAS DA LOCAL, UNIVERSIDADES E ENTIDADES EN ÁNIMO DE LUCRO.****DESCRICIÓN DA MEDIDA:**

Programa, en colaboración coas administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, que ten por obxecto a subvención da contratación de traballadores e traballadoras desempregados/as e mulleres vítimas de violencia para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social, co obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Dirección Xeral de Promoción do Emprego (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados
 - Administracións públicas distintas da local
 - Universidades
 - Entidades sen ánimo de lucro

MEDIDA Nº 4**SUBVENCIONS A PEQUENOS COMERCIANTES INDIVIDUAIS AUTÓNOMOS QUE ABANDONEN A ACTIVIDADE COMERCIAL (IN216A)****DESCRICIÓN DA MEDIDA:**

Axudas a comerciantes que abandonen a súa actividades empresarial, por estar próxima a súa idade de xubilación, para fomentar o *relevo xeracional incorporando a xuventude ao tecido comercial*.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Dirección Xeral de Comercio (Consellería Economía e Industria)

MEDIDA Nº 5**PROGRAMAS DE FOMENTO DO EMPREGO EN EMPRESAS DE ECONOMÍA
SOCIAL E DE PROMOCIÓN DO COOPERATIVISMO****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA:**

Programa de axudas e subvencións onde se distinguen as seguintes liñas:

1. Fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais.
2. Mellora da competitividade en cooperativas e sociedades laborais.
3. Impulso de proxectos empresariais cooperativos e asistencia técnica.
4. Fomento do acceso á condición de socio/a traballador/a.
5. Actividades de promoción do cooperativismo.

A liña 1 deste programa de axudas ten como colectivo de inserción preferente a mocidade desempregada menor de 25 anos.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social. Dirección Xeral de Relacións Laborais (Consellería de Traballo e Benestar).

MEDIDA Nº 6**AXUDAS PARA A CONTRATACIÓN DE XESTORES DE EXPORTACIÓN (IG166)****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA:**

Liña de axuda ás empresas galegas para a contratación de profesionais xestores de exportacións durante o primeiro ano de vixencia do contrato laboral.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

OBXECTIVO OPERATIVO 2: Establecer liñas de axuda para a modernización e dinamización dos negocios rexentados pola mocidade

MEDIDA Nº 1

**SUBVENCIONS A TITULARES DE OBRADOIROS ARTESANAIS
(IN201G)**

DESCRIPCION DA MEDIDA:

Subvencións aos/ás titulares de obradoiros artesanais de Galicia para actuacións de fomento do desenvolvemento do sector artesanal galego.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Dirección Xeral de Comercio (Consellería Economía e Industria)

MEDIDA Nº 2

CREACION E EXPANSION DE CADEAS SUCURSALISTAS, DE MELLORA DE ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS E DA SÚA IMAXE (IN217A)

DESCRIPCION DA MEDIDA:

Axudas aos/ás comerciantes retalistas, así como *xente moza emprendedora*, para reformar ou ampliar o local, así como para mellorar a súa imaxe.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Dirección Xeral de Comercio (Consellería Economía e Industria)

MEDIDA Nº 3

MODERNIZACION DE COMERCIOS SITUADOS EN ZONAS RURAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (IN218A)

DESCRIPCION DA MEDIDA:

Axudas para comerciantes retalistas, incluído a *mocidade emprendedora*, para dinamizar o sector a través da modernización e implantación de comercios situados en zonas rurais de Galicia

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Dirección Xeral de Comercio (Consellería Economía e Industria)

OBXECTIVO OPERATIVO 3: Facilitar a adquisición das competencias necesarias para axilizar a incorporación da mocidade a un emprego estable e de calidade.

MEDIDA Nº 1

CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON COLEXIOS PROFESIONAIS

DESCRICIÓN DA MEDIDA

Sinatura de convenios de colaboración cos Colexios Profesionais de Galicia para a realización de accións de formación, dirixidas aos profesionais das TIC co fin de facilitar o acceso ao mercado laboral.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Presidencia)
- Outros entes implicados:
 - Colexios Profesionais de Galicia

MEDIDA Nº 2

AXUDAS PARA PRÁCTICAS NON REMUNERADAS NUNHA INSTITUCIÓN DA UE

DESCRICIÓN DA MEDIDA

Axudas para titulados universitarios para a realización de prácticas non remuneradas en institucións europeas co fin de profundizar no coñecemento de temas europeos.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Fundación Galicia Europa
- Outros entes implicados:
 - Institucións comunitarias

MEDIDA Nº 3**BOLSAS PARA PRÁCTICAS NA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA EN TEMAS
RELACIONADOS COA UE****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Bolsas de formación en prácticas nas oficinas da Fundación Galicia Europa en Santiago e Bruxelas para a especialización de temas relacionados coa UE.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Fundación Galicia Europa

MEDIDA Nº 4**BOLSAS DE FORMACIÓN NA DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Bolsas de formación que van permitir que a mocidade con titulación de grao superior ou medio complemente a súa formación co fin de que afronte con máis garantías o seu futuro profesional.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Dirección Xeral de Comercio (Consellería de Economía e Industria)

MEDIDA Nº 5**BOLSAS DE COLABORACIÓN EN DEPARTAMENTOS****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Bolsas de colaboración nos departamentos, iniciándose en tarefas docentes e de investigación, das universidades do sistema Universitario de Galicia destinadas ao alumnado de excelencia académica (curso 2010-2011).

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Secretaría Xeral de Universidades (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)
- Outros entes implicados:
- Universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG)

MEDIDA Nº 6

LIÑAS DE AXUDA PARA BOLSAS DE FORMACIÓN E DE PRÁCTICAS NOS CENTROS DE FORMACIÓN E EXPERIMENTACIÓN AGROFORESTAL E EN EMPRESAS RELACIONADAS CO SECTOR AGROFORESTAL E ALIMENTICIO E EN UNIDADES DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

DESCRIPCIÓN DA MEDIDA

Bolsas de formación de tecnólogos e persoal de apoio á investigación e bolsas de prácticas para recién titulados en especialidades agrarias, forestais, veterinaria, tecnoloxía dos alimentos e bioloxía e bolsas de prácticas para alumnos e recém titulados de formación profesional da familia agraria. Facilita a complementación dos coñecementos teóricos adquiridos nos seus estudos cunha formación práctica que lle facilite o acceso ao mundo laboral.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X de Innovación e Industrias Agraria se Forestais (Consellería do Medio Rural)
- Outros entes implicados:
 - Fondo Social Europeo (FSE)

MEDIDA Nº 7

BOLSAS DE ESTUDO PARA ESTUDANTES DE XORNALISMO

DESCRIPCIÓN DA MEDIDA

Bolsas de formación para estudantes de xornalismo nos Gabinetes de Presa Institucional da Xunta de Galicia, co fin de que a mocidade complementen a súa formación teórica.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Secretaria Xeral de Medios (Presidencia)
- Outros entes implicados:
 - Universidades
 - Fundación Fernández de La Torre

MEDIDA Nº 8**BOLSAS DE FORMACIÓN EN OFICINAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Formación especializada no ámbito da promoción turística mediante a realización de prácticas tuteladas nas oficinas de información turística co fin de conseguir unha maior cualificación dos recursos humanos no sector turístico.

ENTIDADES IMPLICADAS

Entidade Promotora: Consellería de Cultura e Turismo

MEDIDA Nº 9**BOLSAS DE FORMACIÓN PARA AS PERSOAS TITULADAS EN CICLOS
FORMATIVOS DE ACUICULTURA****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Formación especializada para os titulados/as nos ciclos formativos de acuicultura mediante a convocatoria de bolsas de formación en réxime de empresa tutelada, para perfeccionar o seu itinerario profesional

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Consellería do Mar

MEDIDA Nº 10**BOLSAS DE FORMACIÓN EN BIBLIOTECONOMÍA****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Bolsas de formación especializada para a mocidade titulada universitaria na área de documentación e biblioteconomía mediante a colaboración titorizada na xestión de fondos bibliográficos.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Consellería de Cultura e Turismo

MEDIDA Nº 11**AXUDAS ECONÓMICAS PARA A REALIZACIÓN DE FORMACIÓN PRÁCTICA EN EMPRESAS****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Convocatoria de axudas económicas destinadas ao alumnado matriculado nos últimos cursos de ciclos formativos de grao medio e superior de formación profesional impartidos en Centros dependentes da Consellería do Mar para a realización de prácticas en centros de traballo .

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (Consellería do Mar)

MEDIDA Nº 12**CURSOS DE CERTIFICADO DE PERCEBEIRO/A, MARISCADOR/A E MERGULLO PROFESIONAL****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Realización de cursos para a obtención de certificados profesionais co fin de favorecer o acceso da xente moza as profesións de mariscador/a a pé, percebeiro/a e mariscador/a mergullador. Os cursos realizaranse nas entidades asociativas de produtores de base situadas no litoral galego.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Consellería do Mar
- Outros entes implicados:
- Confrarías de pescadores
 - Entidades asociativas de produtores de base

MEDIDA Nº 13**BOLSEIROS NO EXTERIOR****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Bolsas de formación en comercio exterior que mediante unha formación previa e a súa posterior presenza en determinados mercados exteriores, fan posible que as empresas e Cámaras galegas poidan dispoñer de información de primeira man sobre os devanditos mercados.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Plan de Fomento das Exportacións Galegas (FOEXGA)
- Outros entes implicados:
 - Cámaras de comercio galegas

MEDIDA Nº 14**BOLSEIROS DE PROMOCIÓN EXTERIOR****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Bolsas de formación a través dun curso de especialización en comercio exterior, que se complementa cunha especialización práctica obtida nos Centros de Promoción de Negocios do IGAPE no exterior (CPN), nas Oficinas Económicas e Comerciais de España no estranxeiro (OFCOMES), ou noutros destinos concertados polo IGAPE en entidades públicas ou privadas.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Instituto Galego de Promocion Económica (IGAPE)

OBXECTIVO OPERATIVO 4: Mellorar a cualificación profesional a través de servizos de información e formación actualizada e especializada para a mocidade en situación de desemprego

MEDIDA Nº 1

ITINERARIOS DE INSERCIÓN

DESCRIPCIÓN DA MEDIDA

Accións de información e orientación laboral articuladas en itinerarios personalizados de inserción profesional dirixidas a mellorar as posibilidades de ocupación da poboación en xeral e da mocidade, en particular.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Subdirección Xeral de Colocación. Dirección Xeral de Formación e Colocación (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados:
 - Oficinas de emprego e Centros colaboradores do Servizo Público de Emprego.

MEDIDA Nº 2

MODERNIZACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO

DESCRIPCIÓN DA MEDIDA

O Servizo Público de Emprego de Galicia, a través da súa rede de Oficinas de Emprego, ofrece unha atención personalizada e favorece a intermediación na mellora e calidade da súa inserción laboral.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Consellería de Traballo e Benestar
- Outros entes implicados:
 - Oficinas de emprego e Centros colaboradores do Servizo Público de Emprego.

MEDIDA Nº 3**PROGRAMAS MIXTOS DE FORMACIÓN E EMPREGO****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Programas que inclúe as escolas obradoiro e casas de oficio, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento. Están dirixidos a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas, de forma que se mellore a cualificación profesional dos participantes, co fin de favorecer a inserción no mercado laboral.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Dirección Xeral de Promoción do Emprego (Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº 4**PLANS INTEGRADOS DE EMPREGO****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Programas de emprego dirixidos á inserción laboral desenvolvendo plans integrados que combinen distintas políticas activas de emprego.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Subdirección Xeral de Colocación. Dirección Xeral de Formación e Colocación (Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº 5**ACCIÓNS FORMATIVAS DIRIXIDAS PRIORITARIAMENTE ÁS PERSOAS
TRABALLADORAS DESEMPREGADAS****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Liña de acción dirixidas a mellorar a cualificación das persoas, incluída a mocidade galega, que están en situación de desemprego para aumentar a súa empregabilidade.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Dirección Xeral de Formación e Colocación (Consellería de Traballo e Benestar).
- Outros entes implicados:
- Centros e entidades de formación inscritos no censo de centros colaboradores de formación ocupacional da Consellería de Traballo e Benestar.

MEDIDA Nº 6**ACCIÓNS FORMATIVAS EXPERIMENTAIS E COMPLEMENTARIAS DE AFD
DIRIXIDAS PRIORITARIAMENTE ÁS PERSOAS TRABALLADORAS
DESEMPREGADAS****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Programación de accións formativas experimentais e complementarias do ficheiro de especialidades formativas do Servizo de Emprego Público Estatal dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas, incluída a mocidade galega.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Dirección Xeral de Formación e Colocación (Consellería de Traballo e Benestar).
- Outros entes implicados:
 - Empresas, agrupacións de empresas, entidades sen ánimo de lucro, entidades locais e corporacións de dereito público
 - Universidades galegas e entidades vencelladas ás mesmas.

MEDIDA Nº 7**CURSOS DIRIXIDOS A VOLUNTARIOS E VOLUNTARIAS DO SISTEMA DE
PROTECCIÓN CIVIL DE GALICIA****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Formación específica na xestión das emerxencias máis habituais en Galicia aos voluntarios das agrupacións de protección civil, á vez que forma á mocidade no desenvolvemento de funcións de voluntario/a co fin de incorporar a persoas en situación de desemprego a actividades relacionadas coa xestión de emerxencias.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Academia Galega de Seguridade Pública
- Outros entes implicados:
 - Agrupacións de voluntarios/as de protección civil dos concellos

MEDIDA Nº 8**CURSOS DE APTITUDE EMPRESARIAL AGRARIA****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Curso de formación para a *xuventude* co fin de facilitar a incorporación a titularidade das explotacións agrarias galegas.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: D.X. de Innovación e Industrias agrarias e forestais (Consellería de Medio Rural)

MEDIDA Nº 9**CENTROS OCUPACIONAIS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Atención diúrna de tipo ocupacional a persoas con discapacidade maiores de 18 anos (especialmente *xente moza*), para facilitar o desenvolvemento das súas capacidades e favorecer a súa calidade de vida.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Consellería de Traballo e Benestar

MEDIDA Nº 10**PROGRAMA DE FORMACIÓN OCUPACIONAL PARA MULLERES****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Convocatoria de axudas e entidades locais e entidades sen ánimo de lucro para organizar cursos de formación ocupacional destinados ás mulleres en xeral, e particularmente ás *mulleres mozas*.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Secretaría Xeral de Igualdade (Presidencia)
- Outros entes implicados:
- Concellos
 - Entidades sen ánimo de lucro

MEDIDA Nº 11/Nº 12**PROGRAMA DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE PERSOAS CON
DISCAPACIDADE****PROGRAMA DE FORMACIÓN OCUPACIONAL DIRIXIDO A PERSOAS CON
DISCAPACIDADE FÍSICA GRAVEMENTE AFECTADAS****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Cursos de formación profesional e ocupacional para fomentar a inserción laboral de persoas con especiais dificultades, especialmente *mulleres novas* con discapacidade para acadar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no eido laboral.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados:
 - Confederación Galega de Minusvalidos (COGAMI)

OBXECTIVO OPERATIVO 5: Formar a mocidade que está a desempeñar un posto de traballo para facilitar a súa adaptación e reciclaxe nun mundo laboral en constante cambio

MEDIDA Nº 1**SUBVENCIONS PARA A PROGRAMACIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS
DIRIXIDAS PRIORITARIAMENTE A PERSOAS OCUPADAS****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Programación de accións formativas dirixidas á reciclaxe e recualificación de traballadores ocupados, incluíndo a mocidade, dos sectores estratéxicos na situación sociolaboral de Galicia.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Dirección Xeral de Formación e Colocación
- Outros entes implicados:
 - Empresas, corporacións de dereito público

MEDIDA Nº 2**SUBVENCIONS PARA O FINANCIAMENTO DE PLANS SECTORIAIS E INTERSECTORIAIS DIRIXIDOS PRIORITARIAMENTE A PERSOAS TRABALLADORAS OCUPADAS****DESCRIPCION DA MEDIDA**

Programación de accións formativas dirixidas a mellorar a cualificación e potenciar a reciclaxe das persoas traballadoras ocupadas, entre elas a xente moza galega, co fin de que poidan manter o seu posto de traballo e facilitar a súa promoción profesional.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Dirección Xeral de Formación e Colocación
- Outros entes implicados:
 - Organizacións empresariais e sindicais representativas no ámbito autonómico
 - Confederacións e federacións de cooperativas e sociedades laborais e as organizacións representativas da economía social.
 - Asociacións representativas de traballadores autónomos de carácter intersectorial.
 - Entidades creadas ao abeiro da negociación colectiva sectorial representativas no ámbito autonómico.

OBXECTIVO OPERATIVO 6: Informar e sensibilizar á mocidade en materia de prevención de riscos laborais no eido do emprego**MEDIDA Nº 1****PARTICIPACION DO ISSGA NA FEIRA XUVENTUDE GALICIA NET****DESCRIPCION DA MEDIDA**

Divulgación das actuacións que está a levar a cabo o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral entre a xuventude en materia de seguridade e saúde laboral para crear uns hábitos de traballo seguros.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral
- Outros entes implicados:
 - Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº 2**CAMPAÑA MOVEMENTO CONTRA A LEI DE MURPHY 2010****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Campaña de prevención de riscos laborais dirixida ao alumnado de formación profesional para concienciar na adopción de comportamentos seguros no traballo.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral
- Outros entes implicados:
 - Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa (Consellería de Educación)

OBXECTIVO OPERATIVO 7: Fomentar os procesos de I+D+i entre o profesorado e o alumnado da Formación Profesional**MEDIDA Nº 1****IMPULSO DO I+D+I NO ÁMBITO DA FORMACIÓN PROFESIONAL****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Definición de procesos no ámbito da formación profesional e axuste de ferramentas BPM para permitir avaliar a calidade dos programas formativos de FP.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
- Outros entes implicados:
 - Profesorado de FP

8.3.- EIXO DE ACCIÓN 3: CREATIVIDADE E ESPÍRITO EMPRESARIAL

8.3.1. *Introdución*

A creatividade (da palabra latina “creare” que significa crear da nada) e o espírito emprendedor (da palabra latina “spiritus” que significa alento sinónimo de vida e da palabra italiana “impresa” que significa acción para imprimir algo, para que algo se faga realidade) enténdese como aquel soño, idea ou plan que, facendo uso de certo esforzo e perseveranza, levaremos á práctica para acadar uns resultados concretos.

O espírito empresarial require dunha serie de habilidades e actitudes como son a iniciativa propia, a responsabilidade, a planificación, a perseveranza, o compromiso, a flexibilidade... que é importante fomentar entre a xente moza para a promoción de iniciativas empresariais, tanto no ámbito da empresa como no ámbito social ou cultural.

As novas tecnoloxías, a través dunha cultura innovadora, van a constituír un instrumento moi útil para promover a creatividade e a posta en marcha de ideas empresariais, sociais e culturais por parte da mocidade galega, fomentando así a súa autonomía persoal, social e laboral.

No ano 2004, a Comisión Europea presentou o “Programa europeo a favor do espírito empresarial”, un plan de acción que, entre outras áreas estratéxicas, avogaba polo fomento da cultura empresarial e emprendedora entre a mocidade mediante a aplicación de medidas de carácter educativo, a colaboración con organizacións profesionais ou a participación do empresariado nos programas de formación.

Dende a Administración asúmese a importancia do compromiso de apoiar aos sectores estratéxicos, que ben polo nivel de emprego que xeran, ou ben polas súas potencialidades para o noso desenvolvemento económico son un elemento fundamental.

O III Plan Estratégico de Xuventude, Xuventude 2013: Unha estratexia para a mocidade galega, márcase como obxectivo fomentar e promover entre a xente moza un espírito empresarial a través da posta en valor de empresas e ideas emprendedoras iniciadas pola mocidade, así como, facilitando o acceso a novas ferramentas que potencien o talento da xente moza, as capacidades creativas, a mentalidade emprendedora e as expresións culturais.

Á beira da potencialidade produtiva e creativa da nosa mocidade deberase considerar tamén o potencial emprendedor do que van depender en grande medida as posibilidades de creación de emprego e de desenvolvemento económico, social e cultural da nosa comunidade autónoma. Así, dende a Administración considérase esencial a aplicación de programas como o FP plus ou a potenciación de proxectos que faciliten o autoemprego da mocidade tales como: liñas de axudas e incentivos ao autoemprego e iniciativa empresarial, o desenvolvemento do fondo Xes-Innova xove ou o programa Re-Emprende.

A marxe da posta en marcha destas iniciativas e de xeito complementario ás mesmas, o Goberno galego traballará para desenvolver distintos programas e recursos que potencien a creatividade e o espírito empresarial da mocidade galega. Para iso, teranse en conta tanto as directrices sinaladas pola Comisión Europea como os principios que inspiran o traballo do propio Goberno neste ámbito, e poñeranse en marcha accións como: achegar a empresa aos centros educativos, emprender en tandem (país-fillos), Erasmus empresarial...

8.3.2. Obxectivos operativos e formulación de medidas

OBXECTIVO OPERATIVO 1: Fomentar entre a mocidade o cultivo do espírito creativo e innovador.

MEDIDA Nº 1

AXUDAS PARA A CREACIÓN DE BANDA DESEÑADA GALEGA DURANTE O ANO 2010

DESCRICIÓN DA MEDIDA

Apoio aos autores galegos na creación de obras extensas de cómic galego en calquera xénero.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura (Consellería de Cultura e Turismo)

MEDIDA Nº 2

CREACIÓN DE SOPORTES DIVERSOS EN GALEGO

DESCRICIÓN DA MEDIDA

Difusión e colaboración na creación de diversos soportes en galego (revista en papel, sitios webs, weblogs,...) para difundir actividades de interese para a mocidade.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Secretaría Xeral de Política Lingüística (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

→ Outros entes implicados:

- Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Secretaría Xeral de Medios (Presidencia)
- Outros axentes

MEDIDA Nº 3**PROGRAMA FP PLUS****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Programa destinado a impulsar e promover iniciativas emprendedoras para o alumnado de Formación Profesional (FP) de Galicia a través de 4 liñas de traballo:

- FP Idea: concurso de ideas innovadoras e proxectos empresariais
- FP Simula: proxecto no que cada centro participante constitúe unha empresa virtual para formar unha rede que reproduce os circuitos, as relacións e o movemento de documentos administrativos do mundo empresarial.
- FP Avanza: seminario de formación no que se pretende dar a coñecer a experiencia de persoas emprendedoras que afrontaron con éxito os seus proxectos. Así como a realización de visitas guiadas a empresas.
- FP Emprende: apoiar ao alumnado de FP na posta en marcha dos seus proxectos empresariais, para o que se crearán viveiros de empresas.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

→ Outros entes implicados:

- BIC Galicia-Igape

MEDIDA Nº 4**PREMIOS AGADER ÁS INICIATIVAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Premio destinado a mozos se mozas promotores de iniciativas que contribúan de xeito singular á promoción do medio rural e á xeración dunha sociedade rural máis dinámica e cohesionada.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

→ Outros entes implicados:

- Universidades
- Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP)
- Consello Económico e Social

OBXECTIVO OPERATIVO 2: Facilitar espazos e materiais onde se difunda e sexa unha mostra latente do que é ou pode chegar a ser a creatividade como punto de inicio para o desenvolvemento de ideas empresariais.

MEDIDA Nº 1

EXPOSICIÓN GALICIA DIXITAL

DESCRICIÓN DA MEDIDA

Mostra tecnolóxica, realizada por empresas e universidades galegas, na que se presentan as últimas novidades a nivel audiovisual e multimedia.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Secretaria Xeral de Medios (Presidencia)
- Outros entes implicados:
 - Universidades
 - Empresas galegas

MEDIDA Nº 2

COOPERATIVIZATE

DESCRICIÓN DA MEDIDA

Campana de divulgación dos valores e potencialidades do cooperativismo como saída laboral para a xuventude.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social.
Dirección Xeral de Relacións Laborais (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados:
 - Centros de formación profesional, de formación ocupacional e de formación secundaria.

MEDIDA Nº 3**TELEFORMACIÓN COOPERATIVA****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Divulgación do cooperativismo a través da teleformación, para fomentar o coñecemento da fórmula empresarial cooperativa e as súas potencialidades, tendo en conta as características e necesidades do colectivo de *xente moza*.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social.
Dirección Xeral de Relacións Laborais (Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº 4**CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DO OUTONO
FOTOGRAFICO 2010, BANDA DESEÑADA E O CERTAME GALEGO DE NOVOS
CREADORES****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Programación e posta en marcha dunha serie de exposicións, concurso, proxeccións e outras actividades relacionadas co mundo da fotografía, acompañada da exposición de banda deseñada e do Certame Galego de Creadores Novos.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Consellería de Cultura e Turismo e Consellería de Traballo e Benestar
- Outros entes implicados:
- Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura (Consellería de Cultura e Turismo)
 - Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
 - Casa da Xuventude de Ourense

MEDIDA Nº 5**100 MULLERES GALEGAS. ARTISTAS EMERXENTES****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Un libro que propón un percorrido pola historia da arte en feminino, facendo unha análise da obra dun centenar de creadoras, a súa maioría *persoas mozas*.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Secretaria Xeral da Igualdade (Presidencia)

→ Outros entes implicados:

- Consellería de Cultura e Turismo
- Asociación Teense pola Igualdade

MEDIDA Nº 6**ELAS TEÑEN A PALABRA****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Publicación de varios relatos das irmáns Andrea, Lara e Marcelo Porto Mato (*21, 17 e 13 anos*).

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Secretaría Xeral da Igualdade (Presidencia)

→ Outros entes implicados:

- Dirección Xeral de Promoción e Difusión Cultural (Consellería de Cultura e Turismo)
- Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº 7**FESTIVAL INTERNACIONAL “MUNDOS DIXITAIS”****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Encontro internacional onde se reúnen persoas expertas do mundo da animación, videoxogos e efectos especiais do cine para potenciar o campo da creación dixital.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Secretaría Xeral de Medios (Presidencia)
- Outros entes implicados:
 - Universidades
 - Empresas galegas

MEDIDA Nº 8**REVISTA XENIA****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Publicación periódica sobre ciencia e tecnoloxía, que pretende achegar a ciencia e a tecnoloxía á *mocidade* a través da promoción dunha elección académica e profesional libre de estereotipos de xénero e dotar de referentes femininos no campo científico e tecnolóxico.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Secretaría Xeral da Igualdade (Presidencia)
- Outros entes implicados:
 - Centros educativos
 - Bibliotecas públicas

OBXECTIVO OPERATIVO 3: Establecer liñas de axuda para que a mocidade poida facer realidade as súas ideas empresariais.

MEDIDA Nº 1

**INCENTIVOS AO AUTOEMPREGO E FOMENTO DE INICIATIVA
EMPRESARIAL**

DESCRIPCIÓN DA MEDIDA

Liña de axudas para o apoio a mocidade galega na creación do propio posto de traballo e na posta en marcha dos seus propios proxectos empresariais

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Dirección Xeral de Promoción de Emprego (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados
- Rede de Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local
 - Bic Galicia
 - Asociacións empresariais
 - Asociación de Jóvenes Empresarios (AJE)
 - Comarcas de Comercio
 - Universidades

MEDIDA Nº 2

AXUDAS AO AUTOEMPREGO EMPRESARIAL E PROFESIONAL

DESCRIPCIÓN DA MEDIDA

Dedución de ata 300 € a aqueles mozos menores de 35 anos e mulleres de calquera idade cando se dean de alta no censo de empresarios profesionais.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Dirección Xeral de Tributos (Consellería de Facenda)

MEDIDA Nº 3

AXUDAS Á PRIMEIRA INSTALACIÓN DE AGRICULTORES MOZOS E MOZAS
COMO TITULARES, COTITULARES OU SOCIOS/AS DE EXPLOTACIÓNS DO
SECTOR AGRARIO GALEGO

DESCRIPCIÓN DA MEDIDA

Incorporación da poboación moza á titularidade das explotacións agrarias galegas fomentando, á súa vez, a introdución de novas tecnoloxías no sector e mellorando a súa competitividade.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Dirección Xeral de Producción Agropecuaria (Consellería de Medio Rural).

MEDIDA Nº 4

PROGRAMA EMEGA

DESCRIPCIÓN DA MEDIDA

Liña de axudas a mulleres para facilitar o acceso ao emprego a través da creación de empresas por parte destas e o fomento de contratación por conta allea.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Secretaría Xeral da Igualdade (Presidencia)

MEDIDA Nº 5

SUBVENCIONES, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, A
PEQUENOS E PEQUENAS COMERCIANTES OU PROMOTORES E
PROMOTORAS DE COMERCIOS NO RURAL QUE SE ADHIRAN Á REDE DE
COMERCIO RURAL GALEGO (IN224A)

DESCRIPCIÓN DA MEDIDA

Liña de axudas para comerciantes ou futuros e futuras comerciantes, entre eles e elas *persoas mozas comerciantes*, para mellorar dotación e dinamización do comercio rural.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Dirección Xeral de Comercio (Consellería de Economía e Industria)

MEDIDA Nº 6**PROGRAMA DE AXUDAS PARA A PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DO SECTOR
AUDIOVISUAL****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Firma de convenios de colaboración con entidades do sector audiovisual para a programación e posta en marcha de accións formativas, proxectos de comunicación dixital...

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Secretaría Xeral de Medios (Presidencia).

MEDIDA Nº 7**FONDO XES-INNOVA XOVE****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Liña de financiamento destinado a promover a aparición de novas iniciativas empresariais e a consolidar o desenvolvemento das empresas que xa iniciasen a súa traxectoria.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Consellería de Economía e Industria

→ Outros entes implicados

- Federación Galega de Xóvenes Empresarios (FEGAXE)

MEDIDA Nº 8**RE-EMPRENDE 2010****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Liña de axudas aos proxectos de creación de pequenas e medianas empresas ou de realización de investimentos en pequenas e medianas empresas de nova creación promovidas por novos emprendedores, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2007-2013. Os proxectos que apoiará o IGAPE a fondo perdido serán aqueles nos que os/as emprendedores/as invistan entre 50.000 e 1.500.00 €

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

MEDIDA Nº 9**RE-IMAXINA****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Liña de axuda para financiar investimentos de Pemes, emprendedores ou microempresas galegas, para a posta en marcha dos seus proxectos, tanto para a posta en marcha de novas empresas como para a mellora da competitividade de negocios ou sociedades xa existentes. A través de convenios coas Sociedades de Garantía Recíproca de Galicia e as entidades financeiras colaboradoras xestionanse as seguintes subliñas de axuda: Peme competitiva, Peme Xove e Microempresas

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)
- Outros entes implicados
 - Sociedades de Garantía Recíproca de Galicia
 - Entidades financeiras colaboradoras

8.4.- EIXO DE ACCIÓN 4: VIVENDA

8.4.1. *Introdución*

É deber das administracións favorecer o acceso dos e das cidadáns e cidadás ao dereito, constitucionalmente garantido, dunha vivenda digna e adecuada.

A xuventude é un dos grupos de poboación con maiores dificultades para o acceso á vivenda, motivadas por cuestións como a prolongación do seu período de formación e a consecuente incorporación máis tardía ao mercado laboral, o que vai en detrimento das posibilidades de independencia económica, condición sine qua non o acceso á vivenda se complica.

Segundo os últimos datos ofrecidos polo *Observatorio Joven de Vivienda en España* (OBJOVI) a taxa de mozos e mozas galegos emancipados (porcentaxe de persoas que viven fora do fogar de orixe respecto do total de persoas da súa mesma idade) é unha das máis baixas do Estado, so por diante de Cantabria e Asturias. Non obstante, con respecto á media nacional, podemos apreciar que dende o ano 2007 vanse acurtando as distancias neste senso.

Esta dificultade de acceso á vivenda por parte da xente nova, viuse acentuada polo despegue dos prezos da vivenda que durante os últimos anos se ten producido, moi por encima da evolución xeral dos prezos e sobre todo dos salarios e do poder adquisitivo.

A Xunta de Galicia formulou, en relación ás políticas de acceso á vivenda, as seguintes accións:

- Rebaixa á metade dos impostos para facilitar o acceso á vivenda á mocidade e ás familiar numerosas.
- Sinatura co Ministerio do Plan Vivenda 2009-2012, co que se prevé facilitar á cidadanía en xeral e, á mocidade, en particular, o acceso a unha vivenda digna a través da construción de novas vivendas protexidas, por medio de axudas para a adquisición de vivendas ou para a rehabilitación das xa

existentes, así como a través do desenvolvemento de solo residencial destinado á construción de vivenda protexida.

- Presentación do Plan Aluga, co que a Administración recuperará a xestión das axudas ao aluguer con medios propios, reducindo á metade os custos de xestión e permitindo o aluguer de 4.000 vivendas.
- Posta en marcha dunha serie de medidas fiscais en materia de vivenda consistentes en rebaixas selectivas de impostos dirixidos principalmente a:
 - Facilitar o acceso á vivenda
 - Reactivar a actividade económica no sector inmobiliario.

O Goberno galego, no desenvolvemento das súas políticas e programas, ten presente que o horizonte vital inmediato da xuventude establécese na emancipación, para iso tense presente tanto, a importancia da consecución dunha estabilidade laboral como a importancia de crear oportunidades reais de acceso á vivenda. Con esta finalidade, preséntase as medidas sinaladas anteriormente, así como a firme intención de continuar traballando a prol do desenvolvemento de recursos e accións que permitan a emancipación da mocidade galega.

Así, o III Plan Estratéxico de Xuventude, Xuventude 2013: Unha estratexia para a mocidade galega, ten presente o reto de ofrecer alternativas suficientes para que os mozos e mozas poidan ter un proxecto autónomo de vida para unha efectiva emancipación, facilitando a súa mobilidade para o acceso a un maior nivel de formación e a posibilidades de emprego, dacordo co seu proxecto persoal e profesional.

8.4.2. Obxectivos operativos e formulación de medidas

OBXECTIVO OPERATIVO 1: Establecer liñas de axuda para facilitar o acceso a unha vivenda, en réxime de aluguer, na mocidade.

MEDIDA Nº 1/Nº 2/Nº 3/Nº 4/Nº 5

ACCESO DA XUVENTUDE Á VIVENDA EN RÉXIME DE ALUGUER

DESCRICIÓN DA MEDIDA

Existen diferentes liñas de axuda para que os mozos e mozas podan acceder a unha vivenda en réxime de aluguer

- Axudas para a promoción de aloxamentos protexidos destinados a colectivos especialmente vulnerables (entre eles os/as mozos e mozas de 35 anos).
- Programa Aluga, que facilita o acceso a unha vivenda en aluguer intentando favorecer que os colectivos con maior dificultade de acceso á vivenda (entre eles a xente moza).
- Renda Básica de Emancipación (axudas mensuais no pago do aluguer para a mocidade de entre 22 e 30 anos).
- Adxudicación das vivendas de promoción pública en rexime de aluguer, mediante o establecemento de reservas para menores de 35 anos.
- Axudas xerais do Plan de Vivenda, sendo a xuventude un colectivo preferente.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Instituto Galego da Vivenda e Solo
- Outros entes implicados:
 - Entidades financeiras que suscribiron un convenio co Ministerio de Vivenda
 - Ministerio de Vivenda

MEDIDA Nº 6

DEDUCIÓN DO IRPF POR ALUGUEIRO DE VIVENDA HABITUAL

DESCRICIÓN DA MEDIDA

Dedución dun 10% (cun límete de 300 €) en concepto de alugueiro da súa vivenda habitual.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Dirección Xeral de Tributos (Consellería de Facenda)

OBXECTIVO OPERATIVO 2: Establecer liñas de axuda entre a mocidade para facilitar a adquisición dunha vivenda en propiedade.

MEDIDA Nº 1/ Nº 2/ Nº 3/ Nº 4/ Nº 5/Nº6

ACCESO DA XUVENTUDE Á VIVENDA EN PROPIEDAD E

DESCRIPCIÓN DA MEDIDA

Existen diferentes liñas de axuda para que os mozos e mozas podan acceder a unha vivenda en propiedade:

- Axudas para a compra dunha vivenda a través do Plan de vivenda e rehabilitación 2009-2012, mediante o recoñecemento do dereito á financiación estatal
- Axudas para a autopromoción de vivendas protexidas dentro do plan de vivenda e rehabilitación 2009-2012, para a construción para uso propio dunha vivenda protexida, mediante o recoñecemento do dereito á financiación estatal.
- Axudas para a compra de vivendas dentro do plan de vivenda e rehabilitación 2009-2012, mediante incentivos á adquisición dunha vivenda usada, mediante o recoñecemento do dereito á financiación estatal.
- Axudas para a rehabilitación privada, mediante axudas autonómicas e xestión das axudas estatais, co fin mellorar a conservación do noso patrimonio histórico e rural.
- Adxudicación das vivendas de promoción pública, mediante o establecemento de reservas para menores de 35 anos.
- Axudas xerais do Plan de Vivenda, sendo a xuventude un colectivo preferente.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Instituto Galego da Vivenda e Solo

→ Outros implicados:

- Entidades financeiras que suscribiron un convenio co Ministerio de Vivenda
- Ministerio de vivenda

MEDIDA Nº 7

**TIPO REDUCIDO (4%) NO ITP E AXD NA ADQUISICIÓN DE VIVENDA
HABITUAL PARA MENORES DE 36 ANOS**

DESCRIPCIÓN DA MEDIDA

Tipo reducido aplicable na adquisición de vivenda habitual no ITP (4%) e AXD (0,03%) para menores de 36 anos.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Dirección Xeral de Tributos (Consellería de Facenda)

MEDIDA Nº 8

**REDUCCIÓN NO ISD NAS DOAZÓNS A FILLOS E FILLAS DESCENDENTES
MENORES DE 35 ANOS DE DIÑEIRO DESTINADO Á ADQUISICIÓN DA SÚA
PRIMEIRA VIVENDA HABITUAL**

DESCRIPCIÓN DA MEDIDA

Doazóns de diñeiro ata 60.000,00 € a fillos e filla descendentes, menores de 35 anos, destinados á adquisición da súa primeira vivenda habitual, aplicándose unha redución do 95% da base impoñible no ISD. Esta medida tamén favorece a fillas ou descendente de vítimas de violencia de xénero, sen o requisito de que a vivenda habitual sexa a primeira

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Dirección Xeral de Tributos (Consellería de Facenda)

8.5.- EIXO 5: SAÚDE E DEPORTE

8.5.1. *Introdución*

A saúde (palabra latina “salus” que significa salvación), segundo a Organización Mundial da Saúde, é o estado de completo benestar físico, mental e social, e non só a ausencia de infección ou enfermidades, para acadar un bo estado de saúde. O deporte (da palabra latina “disportare” que significa sustraerse ao traballo) ou exercicio físico facilita a mellora da función mental, a autonomía, a memoria, a imaxe corporal e a sensación de benestar, producíndose unha certa estabilidade persoal e social.

A maioría da mocidade galega considera que ten un bo estado de saúde, sen embargo, aspectos como o estres, unha mala alimentación, a falla de exercicio físico, o sexo sen protección, o tabaco, o alcol ou o consumo de drogas poden facer que a súa saúde se debilite tanto a curto como a longo prazo.

O goberno da Xunta de Galicia, a través do Consellería de Sanidade, establece co plan de prioridades un marco de referencia de todas as actuacións neste ámbito co obxectivo da procura dunha saúde óptima entre a cidadanía galega. Así mesmo, existen plans integrais, como o Plan de Galicia sobre Drogas, con especial incidencia na xuventude por constituír un grupo de especial risco no que a consumo de drogas se refire. Igualmente, dende a Secretaría Xeral para o Deporte estase a perfilar o Plan Galego para o fomento da actividade física “Galicia Saudable”, unha planificación integral, multidisciplinar e estratéxica para dar unha resposta integral ao sobrepeso e ao sedentarismo, pensado para toda a poboación, dende a infancia, pasando pola xuventude e ata aos nosos maiores, xa que se considera que o deporte constitúe un aspecto importante na mellora da calidade de vida na mocidade e é importante que mozos e mozas dediquen unha parte do seu tempo libre e de lecer á realización de exercicio físico, que facilite o seu benestar físico, psicolóxico e social.

Complementariamente a estes instrumentos, o III Plan Estratéxico de Xuventude, Xuventude 2013: Unha estratexia para a mocidade galega, pretende achegar á mocidade unha educación para a saúde baseada no fomento da práctica do deporte e

relacionada con condutas responsables cara o seu propio benestar físico, psíquico e social, á vez que se establezan medidas formativas, sociais e informativas acordes ás súas necesidades e demandas. Así establécese a creación do Observatorio da práctica deportiva e a alimentación saudable que permitirá sentar as bases que promovan a posta en marcha dos mecanismos necesarios para mellorar a saúde física e psicolóxica da mocidade, a través do fomento de hábitos de vida saudables e da promoción da actividade deportiva co fin de previr enfermidades como a obesidade, alteracións no sono, lesións, enfermidades crónicas, problemas respiratorios,...

O goberno galego, a través dos centros Quérote vai ampliar as liñas de traballo en relación á prevención, ofrecendo ademais de información afectivo sexual, a sensibilización noutros ámbitos como a seguridade viaria, os trastornos da alimentación...

Dende a Administración, apóstase pola realización dunha actuación coordinada dos profesionais do ámbito da educación, dos servizos sanitarios e dos propios servizos dirixidos á mocidade, como mecanismo que permita o fortalecemento mutuo das actuacións dirixidas á prevención e á promoción de condutas e hábitos saudables, xa que se parte da premisa de que só dende unha sistemática de actuación coordinada se poderá abordar de xeito integral, e con perspectiva de xénero a problemática de saúde xuvenil en materia tanto de hábitos alimenticios, consumo de drogas e saúde sexual e reprodutiva, fomentando o desenvolvemento de habilidades sociais e de autoestima.

8.5.2. Obxectivos operativos e formulación de medidas

OBXECTIVO OPERATIVO 1: Promover o desenvolvemento de programas entre a xuventude para a adquisición de hábitos de vida saudables e prevención de condutas de risco.

MEDIDA Nº 1

ESCOLAS SEN FUME

DESCRICIÓN DA MEDIDA

Programa para escolares da Educación Secundaria no que se realizan actividades encamiñadas a favorecer a adquisición de coñecementos sobre os riscos do traballo.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Servizos de estilos de vida saudables e educación para a saúde. Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación (Consellería de Sanidade)
- Outros entes implicados:
 - Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
 - Centros educativos.
 - Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado

MEDIDA Nº 2

PROGRAMAS DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS COA POBOACIÓN XUVENIL

DESCRICIÓN DA MEDIDA

Desenvolvemento de programas preventivos dirixidos á poboación infantil e xuvenil, actuando na escola e no ocio.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Servizos de Drogodependencias e trastornos aditivos. Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación (Consellería de Sanidade).
- Outros entes implicados:
 - Técnicos de prevención
 - Asociacións xuvenís
 - Centros educativos

OBXECTIVO OPERATIVO 2: Desenvolver campañas de cara o fomento, entre os mozos e mozas, de actitudes preventivas no que a súa saúde se refire.

MEDIDA Nº 1

CAMPAÑA DE PREVENCIÓN DE INFECCIÓN DA TRANSMISIÓN SEXUAL NA MOCIDADE

DESCRIPCIÓN DA MEDIDA

Divulgación de información para promocionar o uso do preservativo como método de prevención de embarazos non desexados e das ITS e da infección VIH/sida.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación (Consellería de Sanidade).
- Outros entes implicados:
 - Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

MEDIDA Nº 2

CAMPAÑA DE PREVENCIÓN VIH EN ESCOLARES. PLAN DE ACCIÓN ANTIVIH/SIDA

DESCRIPCIÓN DA MEDIDA

Divulgación de información a través de carteis, lápices como soporte da mensaxe informativa.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación (Consellería de Sanidade).
- Outros entes implicados:
 - Centros educativos

MEDIDA Nº 3**CAMPAÑA DE VACINACIÓN FRONTE AO VIRUS DO PAPILOMA HUMANO
(VPH)****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Vacunación para tódalas rapazas aos 14 anos.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación (Consellería de Sanidade)
- Outros entes implicados:
 - Puntos de vacinación da Comunidade Autónoma

OBXECTIVO OPERATIVO 3: Establecer liñas de apoio para o fomento da práctica deportiva entre a mocidade galega.

MEDIDA Nº 1**CONVOCATORIA DE AXUDAS AOS DEPORTISTAS GALEGOS DE ALTO
NIVEL****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Liña de axudas económicas para apoiar aos/ás deportistas recoñecidos/as pola Secretaría Xeral para o deporte como Deportistas Galegos de Alto Nivel.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Fundación Deporte Galego
- Outros entes implicados:
 - Federacións deportivas galegas

MEDIDA Nº 2**PROGRAMAS DE TECNIFICACIÓN E RENDEMENTO NO CENTRO GALEGO
DE TECNIFICACIÓN DEPORTIVA****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Desenvolvemento de procesos de adestramento deportivo na procura dun mellor rendemento deportivo futuro.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Fundación Deporte Galego
- Outros entes implicados:
 - Federacións deportivas galegas

MEDIDA Nº 3**SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Liña de axudas económicas a clubs para práctica deportiva, favorecendo a participación en competicións oficiais e o desenvolvemento de actividades deportivas.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Secretaría Xeral para o Deporte (Presidencia)
- Outros entes implicados:
 - Clubs e entidades sen ánimo de lucro

MEDIDA Nº 4**LIÑA DE APOIO Á ORGANIZACIÓN DE COMPETENCIAS DEPORTIVAS EN
GALICIA****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Sinatura de convenios e publicación da convocatoria de subvencións para consolidar a celebración de competicións deportivas en Galicia e facilitar a participación de clubs e deportistas galegos e galegas.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Secretaría Xeral para o Deporte (Presidencia)
- Outros entes implicados:
 - Federacións deportivas galegas e clubs deportivos
 - S.A. Xestión do Plan Xacobeo

MEDIDA Nº 5**CONVENIO DE COLABORACIÓN COAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS
GALEGAS****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Convenio que facilitará a práctica do deporte de cada federación, para promocionar o deporte con carácter transversal como elemento integrador das persoas con discapacidade.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Secretaría Xeral para o Deporte (Presidencia)
- Outros entes implicados:
 - Federacións deportivas
 - Clubes deportivas
 - Equipos de deportivistas e deportivistas individuais

OBXECTIVO OPERATIVO 4: Facilitar a participación da mocidade en actividades de lecer e físico-deportivas que faciliten o seu desenvolvemento persoal.

MEDIDA Nº 1**PROGRAMA XOGADE (XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS EN IDADE
ESCOLAR)****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Programa que fomenta a participación en actividades físico-deportivas en horario lectivo e non lectivo das poboacións escolares.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Secretaría Xeral para o Deporte (Presidencia)
- Outros entes implicados:
 - Servizos provinciais de deportes e agrupacións deportivas

MEDIDA Nº 2**ESTADÍAS EN RESIDENCIAS DE TEMPO LIBRE****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Estadías en residencias de tempo libre de Panxón e O Carballiño co fin de favorecer a comunicación e a participación persoal e sociofamiliar.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Consellería de Traballo e Benestar

OBXECTIVO OPERATIVO 5: Fomentar hábitos de vida saudables entre a mocidade con discapacidade a través de actividades de lecer e tempo libre.

MEDIDA Nº 1**ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, OCIO E DEPORTIVO-TERAPÉUTICAS
DIRIXIDAS ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL E AS SÚAS
FAMILIAS****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Actividades formativas, lúdicas, deportivas e terapéuticas para persoas con discapacidade para fomentar a socialización e mellora da calidade de vida de estas persoas.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados:
- Asociación de pais, profesionais e amigos das persoas con atraso intelectual de Galicia (SPECIAL OLYMPICS GALICIA)

MEDIDA Nº 2**CAMPAMENTOS DE VERÁN (QUENDAS DE INTEGRACIÓN)****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Estadías de 8 ou 11 días co fin de fomentar hábitos de vida saudable e actividades de solidariedade, convivencia e participación, así como a integración de persoas con necesidades especiais.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal
(Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº 3**CAMPAMENTOS DE VERÁN PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE
(QUENDAS ESPECÍFICAS)****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Estadías de 8 ou 9 días para persoas con discapacidade para a realización de actividades de carácter cultural, ambiental, deportivas e de tempo libre coa finalidade de fomentar hábitos de vida saudables e actitudes de solidariedade, convivencia, participación, igualdade de xénero, medio ambiente,...

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal
(Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº 4**TERMALISMO SOCIAL PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE (QUENDAS
ESPECÍFICAS)****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Estadías de 4 días en instalacións termais, acompañados de actividades de carácter cultural, ambiental, deportivas e de tempo libre, para fomentar hábitos de vida saudables, actitudes de solidariedade, convivencia e participación.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal
(Consellería de Traballo e Benestar)

EIXOS ESPECÍFICOS: XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado é o órgano directivo integrado na Consellería de Traballo e Benestar, que está encargado de levar adiante todos aqueles programas e proxectos destinados á mocidade galega.

É a responsable da política sobre o voluntariado que se quere impulsar dende a Xunta de Galicia, co obxectivo de deixar atrás antigos tópicos sobre o voluntariado e que busca un novo xeito de canalizar as aspiracións e a participación de moitas mulleres e homes que desexan construír unha sociedade galega máis xusta e harmoniosa.

Todas as accións realizadas dende esta Dirección son realizadas baixo tres premisas básicas: a participación de toda a mocidade, a resposta aos problemas reais da mocidade galega e a reformulación do actual concepto de políticas de voluntariado para adaptalo ás novas demandas da sociedade.

O Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, reconece no seu artigo 35 1º) á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado como órgano directivo integrado na Consellería de Traballo e Benestar a través da Secretaría Xeral de Familia e Benestar, atribuíndolle as seguintes funcións:

- A xestión, en coordinación coa Secretaría Xeral de Familia e Benestar, das actuacións en materia de xuventude, así como das políticas xuvenís de carácter interdepartamental e de apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil, así como o fomento da participación da xuventude na vida social.
- Coordinar e supervisar o funcionamento dos centros, tanto propios como dependentes doutras entidades, e prestarlle a asistencia técnica necesaria para o correcto desenvolvemento da súa actividade sen prexuízo da que lle corresponda a outros órganos do departamento.

- O fomento das relacións e da cooperación con outras comunidades autónomas e intercambios co estranxeiro en materia de xuventude e dos programas de turismo para a mocidade.
- A xestión e funcionamento do Observatorio Galego da Xuventude.
- O seguimento na xestión da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil, a súa promoción e desenvolvemento en coordinación con centros de información do Estado español e das comunidades autónomas; a coordinación das funcións informativas e de documentación do conxunto dos servizos da rede e a coordinación dos servizos prestados nas casas de xuventude propias.
- A xestión, en coordinación coa Secretaría Xeral de Familia e Benestar, das actuacións en materia de voluntariado, a elaboración e o seguimento do Plan Galego de Fomento e Promoción da Acción Voluntaria, a xestión do sistema de rexistro autonómico das entidades de acción voluntaria e todas aquelas segundo o disposto na Lei 3/2000, do 22 de decembro, do voluntariado de Galicia.

No exercicio das súas funcións que lle son atribuídas por decreto á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, o III Plan Estratéxico de Xuventude, Xuventude 2013: Unha estratexia para a mocidade galega, adica os seus últimos eixos, pero non por iso menos importantes, ás medidas competenciais propias desta Dirección Xeral.

8.6.- EIXO 6: INFORMACIÓN E FORMACIÓN

8.6.1. *Introdución*

A información, a formación e a mocidade teñen un papel relevante nunha sociedade onde a actualización de coñecementos e o intercambio de información é constante. Isto conleva que os sistemas educativos e formativos, tanto a nivel formal como non formal, teñan que adaptarse constantemente as necesidades, prioridades e esixencias da sociedade.

Dende a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, co fin de dar as mesmas oportunidades a toda a xuventude, poñemos en marcha unha serie de medidas encamiñadas a favorecer o acceso á formación formal e non formal e a actualización constante dos coñecementos culturais, ambientais, tecnolóxicos, democráticos, en hábitos saudables e sociais, así como o establecemento de sistemas de información accesibles a toda a mocidade encamiñados a mellorar as súas condicións persoais, sociais e laborais.

O sistema de información e formación artéllase a través da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil regulada no artigo V do Decreto 50/2000, de 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude. Estrutura de carácter territorial destinada a coordinar os esforzos e iniciativas promovidas polos organismos públicos e entidades privadas sen ánimo de lucro, para a prestación de servizos de información e asesoramento á mocidade galega. Esta Rede está constituída polos seguintes servizos:

- ✓ *Centro Coordinador de Información:* Centro neurálxico da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil, que forma parte da Rede Estatal de Centros de Información Xuvenil. Ubícase en Santiago de Compostela e dende el distribúese a información aos diferentes servizos de información xuvenil existentes en Galicia.
- ✓ *Oficinas Municipais de Información Xuvenil (OMIX):* Estrutura informativa de carácter municipal que presta servizos de información á xente moza do seu concello. Na actualidade a mocidade conta con 255 OMIX distribuídas da seguinte forma nos concellos de Galicia: 81 concellos en A Coruña, 52 en Lugo, 67 en Ourense e 55 en Pontevedra.

- ✓ *Puntos Municipais de Información Xuvenil e Puntos de Información Xuvenil:* Servizos de información que poñen directamente a disposición do público materiais informativos derivados, na súa maioría, do Centro Coordinador de Información ou as Oficinas Municipais.

Paralelamente á Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil nace o “Espazo Xove”, Rede Galega de Centros da Xuventude que conta con equipamentos e servizos adaptados ás demandas da sociedade actual. O Goberno galego pretende, a través da posta en marcha desta rede, o desenvolvemento dunha xestión integral e transversal dos diversos recursos e medios que en materia de mocidade ten a Xunta de Galicia.

O “Espazo Xove” conta cos seguintes servizos:

- ✓ Oficina Territorial de Información Xuvenil: Que contará cunha zona de Emancipación diferenciada destacando as accións de vivenda (ALUGA) e de Traballo (Plan de Emprego Xuvenil).
- ✓ Celeiro de Creatividade: Espazo destinado á promoción da creatividade xuvenil onde se dispoñerá de espazos asociados ás novas tecnoloxías, zonas para desenvolver accións formativa, salas de exposición...
- ✓ Espazo Quérote +: programa de asesoramento integral en temas de sexualidade, drogodependencia, imaxe corporal, conducción responsable, acoso e convivencia (bulling), uso responsable das novas tecnoloxías...
- ✓ Zona.Net: espazos dotados cos medios técnicos (coa colaboración da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación) para a formación e manexo de recursos relacionados coas novas tecnoloxías.
- ✓ Programa de animación. Programa de dinamización xuvenil que fomentará a participación e potenciará a información xuvenil entre a mocidade.

A través do desenvolvemento destes programas preténdese acadar os seguintes obxectivos:

1. Facer máis visibles as políticas en materia de xuventude de todos os departamentos da Xunta de Galicia, poñendo en valor recursos públicos xa existentes ao vincularlos a un territorio máis amplo.
2. Traballar a creatividade, as novas tecnoloxías e a participación xuvenil como ferramentas para conseguir unha maior implicación da mocidade.
3. Facer dos espazos Quérote + un servizo de asesoramento integral, ampliando a súa oferta dunha a seis temáticas e achegando as súas prestacións de sete a dezaioito oficinas.
4. Poñer en marcha un programa de dinamización transversal, que promova actividades e actuacións en materia de xuventude, incidindo nas que teñan como obxectivo a educación non formal a través da información e da participación.

Para poder achegar ditos servizos a mocidade galega contase coas seguintes instalacións:

- ✓ *Centro Xuvenil LUG:* Situado en Lugo.
- ✓ *Casas da Xuventude* nos concellos de Noia, Carballo, Betanzos, Pontedeume, Curtis, Viveiro, Vilalba, Chantada, Ourense, Lalín, Vilagarcía e Tui
- ✓ *Espazo Quérote Máis:* Este espazo busca asesorar a toda a mocidade galega en aqueles temas do seu interese, ofrecendo información sobre bullying, drogas, novas tecnoloxías, afectivo-sexual, imaxe corporal ou seguridade vial. Atópanse en Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Burela, Vigo, Ferrol, A Coruña, na súa maioría integrados nas Casas da Xuventude. As vilas de Noia, Carballo, Betanzos, Pontedeume, Curtis, Viveiro, Vilalba, Chantada, Lalín, Vilagarcía e Tui en breve tamén contarán con este servizo.
- ✓ *Oficinas transfronteirizas* de Tui e Verín.
- ✓ *Oficinas de información xuvenil da Dirección Xeral da Xuventude*

De especial relevancia neste punto é a posta en marcha do programa de acceso ás novas tecnoloxías que vai fomentar a adquisición de ordenadores e a conexión de banda ancha para que a mocidade faga uso das novas tecnoloxías tanto no terreo estudantil ou laboral como no uso diario, aumentando as súas competencias neste ámbito.

En outro orde de cousas dende o Goberno galego estase a desenvolver a tramitación e aprobación parlamentaria da Lei de Xuventude co fin de establecer un novo marco lexislativo máis acorde e adaptado ás novas necesidades da xuventude, mediante a execución eficaz das políticas integrais relativas á mocidade.

8.6.2. Obxectivos operativos e formulación de medidas

OBXECTIVO OPERATIVO 1: Achegar á mocidade galega as políticas que en materia de xuventude se están a levar a cabo dende os diferentes departamentos da Xunta de Galicia.

MEDIDA Nº 1

LEI DE XUVENTUDE

DESCRICIÓN DA MEDIDA

Tramitación e aprobación parlamentaria da Lei de Xuventude co fin de establecer un novo marco legislativo máis acorde e adaptado ás novas necesidades da xuventude, mediante a execución eficaz das políticas integrais de xuventude.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados
 - Consello da Xunta de Galicia
 - Parlamento de Galicia

MEDIDA Nº 2

RENOVACIÓN DA PÁXINA WEB (www.xuventude.net)

DESCRICIÓN DA MEDIDA

Redeseño do portal da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado en Internet, no que se integran as diferentes páxinas que a D.X. ten na rede (ata o momento unha páxina diferente para cada programa), co fin de centralizar e canalizar adecuadamente a información. Permitindo, a súa vez, a inclusión de información en diferentes soportes multimedia.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº 3**XUVENTUDE.NOVAS****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Adaptación do xornal Infoxove ao tempo da información electrónica, polo que será distribuído na web e enviado a todos aqueles correos electrónicos de xente usuaria que dese a súa autorización.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº 4**PARTICIPACIÓN EN REDES SOCIAIS****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Impulso da presenza da información xuvenil da Xunta de Galicia nas principais redes sociais de Internet (Facebook, Tuenti, You Tube e Flirck), aproveitando as posibilidades que ofrecen as redes sociais á hora de difundir información.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Centro Coordinador de información e documentación xuvenil. D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº 5**PROGRAMA DE ANIMACIÓN****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Programa de dinamización xuvenil que nace co obxectivo de fomentar a participación e información xuvenil entre a mocidade de cada un dos territorios da rede.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº 6**ESCENARIO MÓBIL DE XUVENTUDE****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Acción destinada a promocionar e difundir as accións que ten a Xunta de Galicia para a mocidade a través dun escenario móbil que se desprazará polas vilas galegas, coa finalidade de favorecer a participación da mocidade.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar).
- Outros entes implicados
 - Asociacións Xuvenís.
 - Grupos de mozos e mozas non asociados.
 - Concellos galegos.

MEDIDA Nº 7**DÍA INTERNACIONAL DA XUVENTUDE****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Celebración de distintas actuacións musicais en distintos municipios galegos con motivo da conmemoración do Día Internacional da Xuventude o día 12 de Agosto. Estas actuacións irán acompañadas dun escenario móbil onde se expoñerán todos os produtos dirixidos á mocidade que ten a Xunta de Galicia.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar).

MEDIDA Nº 8**REDE INFORMAL DE MEDIADORES XUVENÍS NO ÁMBITO EDUCATIVO****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Contar cos delegados de clase dos institutos, colexios maiores, residencias universitarias... para que informen e difundan os programas, recursos e actividades que a Xunta de Galicia pon a disposición da mocidade.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar). Centro Coordinados de Información e Documentación Xuvenil
- Outros entes implicados
 - Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
 - Universidades.

OBXECTIVO OPERATIVO 2: Establecer mecanismos que faciliten o acceso á información sobre aspectos que interesan a mocidade como pode ser a formación, vivenda, emprego ou outros temas de interese

MEDIDA Nº 1**OBSERVATORIO DE XUVENTUDE****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Dende o Observatorio da Xuventude difúndese información de interese para a xente moza e persoas que traballan en temas relacionados coa mocidade.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº 2**INFORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Elaboración de publicacións de temas de interese para a mocidade

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Centro Coordinador de información e documentación xuvenil.
D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº 3**ORIENTACIÓN PARA O EMPREGO E A VIVENDA****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Servizo que informa aos mozos e mozas sobre as actuacións levadas a cabo para acadar a inserción laboral e facilitar o acceso á vivenda en condicións dignas e de calidade, co fin de que a mocidade adquira certa autonomía

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
→ Entidade Colaboradora:
▪ Injuve

MEDIDA Nº 4**AXUDAS AO CONSELLO DA XUVENTUDE DE GALICIA****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Axudas para o financiamento das actividades que se estean a levar a cabo dende o Consello da Xuventude de Galicia, co fin de fomentar a participación libre e eficaz da mocidade no desenvolvemento político, social, económico e cultural, así como promover o asociacionismo e mellora da calidade de vida da xente moza galega.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº 5**TELÉFONO XOVE****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Servizo que facilita difundir a información de interese para a poboación xuvenil nos núcleos rurais.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil. D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº 6**OBSERVATORIO ACOSO E DISCRIMINACIÓN****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Organismo de carácter paritario entre a sociedade civil e administración no que as entidades sociais teñan presenza á hora de definir e establecer os protocolos de actuación en materia de acoso e discriminación, prestando especial atención ao colectivo de lesbianas, gais, bisexuais e transexuais.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil. D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº 7**GUÍA DA VIVENDA XOVE****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Edición e distribución dunha Guía para a mocidade onde atopen información de interese no ámbito da vivenda: rexímenes de acceso, liñas de axuda, financiamento, consellos prácticos...

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar).
- Outros entes implicados
 - Instituto Galego de Vivenda e Solo.

OBXECTIVO OPERATIVO 3: Facilitar espazos onde a xente moza poda interactuar coas novas tecnoloxías e os elementos multimedia dunha forma responsable.

MEDIDA Nº 1

XUVENTUDE GALICIA NET

DESCRIPCIÓN DA MEDIDA

Programa que brinda á mocidade a posibilidade de achegarse á sociedade da información e ao manexo das novas tecnoloxías, a partir de interacción e cambio de experiencias entre os e as participantes.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados
 - Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Presidencia)
 - Dirección Xeral de Relacións Laborais (Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº 2

PROGRAMA CONÉCTATE

DESCRIPCIÓN DA MEDIDA

Programa do Espazo Quérote Máis, que facilita o acceso libre a Internet controlando o uso que se fai, os contidos aos que se acceden, as descargas, arquivos... co fin de fomentar un uso responsable das novas tecnoloxías

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados:
 - Institutos de Educación Secundaria e Colexios de Educación Infantil e Primaria
 - Garda Civil
 - Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación (Consellería de Sanidade)

MEDIDA Nº 3**ZONA.NET****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Salas dotadas cos medios técnicos adecuados para o manexo de recursos relacionados coas novas tecnolóxicas, así como espazos destinados propiamente para a formación en TICs.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº 4**PROGRAMA DE ACCESO ÁS NOVAS TECNOLOXÍAS****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Programa que fomenta a adquisición de ordenadores e conexión de banda ancha para que a mocidade faga uso das novas tecnoloxías tanto no terreo estudantil ou laboral como no uso diario, aumentando as súas competencias neste ámbito. (A partir do 2011)

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº 5**FORMACIÓN EN NOVAS TECNOLOXÍAS****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Posta en marcha dun curso que pretende dar a coñecer os últimos estudos realizados no ámbito da xuventude e o uso da Rede.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº 6**CENTROS DE RECURSOS TECNOLÓXICOS PARA A XUVENTUDE****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Centros de recursos dotados dos equipos e servizos máis avanzados nas novas tecnoloxías para a realización de actividades dirixidas aos mozos e mozas de forma individual, ás asociacións xuvenís e aos servizos de información xuvenil.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

OBXECTIVO OPERATIVO 4: Apoiar a formación e establecer medidas que fomenten a inserción entre a mocidade.

MEDIDA Nº 1**ORDE DE CONVOCATORIA DE PRAZAS DE COLABORADORES-BOLSEIROS EN RESIDENCIAS DEPENDENTES DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR.****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Orde de axudas para que os estudantes menores de 30 anos podan optar a un aloxamento e mantenza gratuítos, facendo, á súa vez, actividades de dinamización do centro onde residen.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

→ Outros entes implicados

- Delegacións provinciais
- Residencias Xuvenís

MEDIDA Nº 2**ORDE DE CONVOCATORIA DE PRAZAS EN RESIDENCIAS XUENÍS
DEPENDENTES DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR.****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Convocatoria de prazas en residencias xuvenís durante o curso académico co obxectivo de facilitar a realización de estudos aos e ás estudantes ata 30 anos.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados
 - Delegacións provinciais e residencias xuvenís

MEDIDA Nº 3**BOLSAS DE INFORMADORES-DINAMIZADORES****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Bolsas de nove meses de duración para a realización de prácticas en información e dinamización xuvenil nas Casas de Xuventude.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados
 - As Casas de Xuventude dependentes da Xunta de Galicia

MEDIDA Nº 4**BOLSAS EN PRÁCTICAS PARA O OBSERVATORIO GALEGO DA
XUVENTUDE****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Convocatoria de bolsas para a formación de titulados do ámbito social na elaboración de estudos relacionados coa mocidade galega.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar).

MEDIDA Nº 5**PLAN DE FORMACIÓN CONTINUA PARA MONITORES/AS E
DIRECTORES/AS DE TEMPO LIBRE****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Formación na área de tempo libre para a actualización e especialización do monitorado, contribuíndo a unha maior profesionalidade.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar).

MEDIDA Nº6**PROGRAMA DE CONSULTA Á MOCIDADE****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Realización de consultas dirixidas á poboación moza en distintos temas do seu interese ou do interese da Dirección Xeral co obxecto de recabar a súa opinión e que poidan ser tidos en conta á hora da formulación de políticas e accións en materia de xuventude.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar).

MEDIDA Nº 7**FOROS TEMÁTICOS PARA A XUVENTUDE****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Celebración de foros ou encontros para abordar distintos temas de interese para a xuventude, redes sociais, vivenda, emprego, novas tecnoloxías... creando espazos de diálogo e reflexión entre mozos e mozas sobre distintos temas do seu interese.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar).

MEDIDA Nº 8**FORO XUVENIL DA GALEGUIDADE****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Xornada de confraternidade de mozos e mozas galegos con mozos e mozas descendentes de emigrantes. O obxectivo é favorecer a disertación sobre cuestións de interese común como a emigración, a identidade, os problemas comúns...Deste xeito preténdese fortalecer os vínculos e establecer lazos de unión entre a mocidade residente en Galicia cos descendentes de emigrantes e residentes no exterior, compartindo experiencias e favorecendo o enriquecemento mutuo.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar).

MEDIDA Nº 9**XORNADAS DE FORMACIÓN PARA PERSOAL DIRECTIVO DAS ESCOLAS DE TEMPO LIBRE****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Xornada de actualización do persoal das Escolas de Tempo Libre que están inscritas no rexistro de Escolas da Dirección Xeral.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

OBXECTIVO OPERATIVO 5: Programar accións complementarias para o persoal técnico e persoas que traballan coa mocidade.**MEDIDA Nº 1****PLAN DE FORMACIÓN PARA A MOCIDADE EN XERAL****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Os diferentes cursos tratarán temas de actualidade no ámbito xuvenil para informadores e informadoras, técnicos e técnicas de xuventude e xente moza en xeral.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº 2**PLAN DE FORMACIÓN CONTINUA DO PERSOAL DA REDE GALEGA DE INFORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN XUVENIL DOS TÉCNICOS E TÉCNICAS DA REDE****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Plan de formación dos técnicos e técnicas da rede, a través de cursos específicos, encontros entre informadores de Galicia, que facilita a actualización e mellora da capacitación de ditos técnicos e técnicas en materia de xuventude.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil. D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº 3**CELEBRACIÓN DE ENCONTROS OU CONGRESOS EN MATERIA DE INFORMACIÓN XUVENIL OU TEMÁTICA DE INTERESE PARA A XUVENTUDE****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Lugar de encontro para participar, analizar, reflexionar e intercambiar ideas e experiencias sobre temas de interese para a mocidade.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Centro coordinador de información e documentación xuvenil. D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº 4**DÍA EUROPEO DA INFORMACIÓN XUENIL****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Celebración do día europeo da información xuvenil a través do encontro cos informadores xuvenís, que nos permite reflexionar sobre unha temática de interese nese momento en relación coa realidade da xente moza.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Centro coordinador de información e documentación xuvenil.
D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº 5**CURSO DE FORMACIÓN DE FORMADORES EN MEDIACIÓN XUENIL
PARA UNHA CONDUCCIÓN RESPONSABLE****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Formación de mediadores xuvenís en condución responsable, capacitando aos participantes para impartir charlas e obradoiros de sensibilización á xuventude para unha condución responsable sen consumo de alcol ao volante.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº 6**XORNADAS PARA RESPONSABLES POLÍTICOS E TÉCNICOS DA
ADMINISTRACIÓN LOCAL EN MATERIA DE XUVENTUDE****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Organización de diferentes xornadas que sirvan de lugar de encontro para participar, analizar, reflexionar e intercambiar ideas e experiencias sobre a creatividade como ferramenta de traballo coa xuventude, para prestar un mellor servizo á sociedade en xeral e á mocidade en particular.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados
 - Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil

MEDIDA Nº 7**I CONGRESO SOBRE BULLYING****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

No Congreso trataranse temas de interese para a poboación xeral como poden ser a homofobia, a discriminación, a interculturalidade, o voluntariado, o colectivo Lgbt,... para eliminar a discriminación entre a mocidade galega tanto dentro das aulas como noutros espazos de interacción.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados
 - Asociacións
 - Organismos públicos

MEDIDA Nº 8**XORNADAS DE EMANCIPACIÓN****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Desenvolvemento de actividades formativas nas Casas da Xuventude dependentes da D.X de Xuventude e Voluntariado co obxectivo de formar aos técnicos e profesionais do campo da información xuvenil.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar), Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil.

OBXECTIVO OPERATIVO 6: Fomentar na mocidade a adquisición de hábitos saudables e condutas responsables.

MEDIDA Nº 1**PROGRAMA RELACIONATE****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Programa integrado dentro do Espazo Quérote + , que nace coa idea de previr o 0“bullying” a través de actuacións de cooperación co persoal docente, país/naís, alumnado, persoal dos Centros de Asesoramento...

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados:
- Institutos de Educación Secundaria e Colexios de Educación Infantil e Primaria
 - Garda Civil

MEDIDA Nº 2**PROGRAMA VITALÍZATE****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Programa do Espazo Quérote + no que a través da información, desenvolvemento de actitudes favorables e o fomento das relacións interpersoais, preténdese reducir o consumo de drogas e/ou outro tipo de substancias entre a mocidade

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados:
 - Institutos de Educación Secundaria e Colexios de Educación Infantil e Primaria
 - Garda Civil
 - Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación (Consellería de Sanidade)

MEDIDA Nº 3**PROGRAMA QUÉRETE****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Programa do Espazo Quérote + que consiste no asesoramento, apoio e acompañamento da mocidade no seu coñecemento, aprendendo a aceptarse na súa diversidade para así poder expresarse a través da súa sexualidade de xeito satisfactorio.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados:
 - Institutos de Educación Secundaria e Colexios de Educación Infantil e Primaria
 - Consellería de Educación

MEDIDA Nº 4**PROGRAMA GÚSTATE****DESCRINCIÓN DA MEDIDA**

Programa do Espazo Quérote + no que se traballa cos mozos e coas mozas aspectos da súa propia imaxe, fomentando a súa autoestima. Ao mesmo tempo, téntase que a mocidade tome conciencia daqueles hábitos non saudables ante diferentes situacións reforzando as habilidades que lles permiten distinguir o que lle gusta e o que non nas relacións cos demais.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados:
 - Institutos de Educación Secundaria e Colexios de Educación Infantil e Primaria
 - Consellería de Educación
 - Servizo Galego de Saúde (SERGAS)

MEDIDA Nº 5**PROGRAMA MÓVETE****DESCRINCIÓN DA MEDIDA**

Programa do Espazo Quérote + no que se programan unha serie de actuacións co fin de reducir os factores de risco que inciden na inseguridade viaria, promovendo actitudes e comportamentos responsables. Lévanse a cabo programas específicos para desenvolver nos campamentos de verán e campos de traballo.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados:
 - Institutos de Educación Secundaria e Colexios de Educación Infantil e Primaria
 - Consellería de Educación
 - Garda Civil
 - Dirección General de Tráfico (DGT)

MEDIDA Nº 6**AXUDAS PARA OBTENCIÓN DO PERMISO DE CONDUCIR****DESCRICIÓN DA MEDIDA.**

Liña de axudas para posibilitar a obtención do permiso de conducir aos mozos e mozas, incidindo na importancia dunha condución segura e responsable.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº 7**CURSO HÁBITOS DE SAÚDE E DEPORTE. HÁBITOS ALIMENTICIOS E ACTIVIDADE FÍSICA.****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Curso dirixido á formación de técnicos, profesionais e demais persoas que traballan ou queiran traballar no ámbito da mocidade, sobre aspectos básicos da saúde e ou deporte desde a óptica dos trastornos alimenticios, e ao mesmo tempo coñecer os beneficios dunha alimentación e da actividade física adecuada para a mocidade.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº 8**CONDUCCIÓN SEGURA****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Programa de educación vial dirixido á mocidade a través dun módulo teórico e un módulo práctico para entender as claves de control dun vehículo e as actitudes a adoptar nas situacións de perigo que poidan xurdir durante a condución dun vehículo.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados
- D.X. de Mobilidade

8.7- EIXO 7: PARTICIPACIÓN E ASOCIACIONISMO

8.7.1. *Introdución*

A participación e o asociacionismo facilita que mozos e mozas se involucren para a posta en marcha das súas propias ideas, así como para defender os seus dereitos e valores democráticos, solidarios, sociais, medioambientais,... manifestando os seus intereses culturais e artísticos.

Tanto a participación como o asociacionismo requiren dunha colaboración activa entre as persoas implicadas para a toma de decisións, xestión e execución, polo que consideramos importante poñer os medios e os lugares de encontro necesarios para facilitar a participación e o asociacionismo entre a mocidade.

É obxectivo da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado acadar unha participación social activa e dinámica que permita a creación de sinerxias que redunden nunha mellora das accións desenvoltas ao abeiro do plan, que permitan mellorar as oportunidades e a calidade de vida da mocidade.

Dende o Goberno galego consideramos que a participación conleva unha aprendizaxe positiva da sociedade e do resto da cidadanía, dos límites, das normas, da necesidade de convivencia e da interiorización dos valores propios da cidadanía democrática como o respecto á pluralidade de opcións, a diversidade na realidade humana e os problemas sociais.

O plan e as medidas que nel se inclúen, conforman un organismo vivo e dinámico que se vai beneficiar das aportacións que os mozos e mozas desexen facer mediante o desenvolvemento de accións específicas para a promoción da participación como son: o programa de consulta á mocidade, a realización de foros, ou o parlamento xove.

De especial relevancia é a acción Iniciativa Xove, consistente nunha liña de axudas destinada a asociacións xuvenís e a grupos informais para que podan materializar as súas ideas ou proxectos, permitindo que os mozos e mozas sexan os verdadeiros artífices da posta en marcha das diferentes actividades.

O Goberno galego segue a traballar na actualización do censo de asociacións xuvenís e prestadoras de servizos a xuventude como instrumento que facilita a planificación de programas de fomento do asociacionismo xuvenil e de articulación das políticas integrais da xuventude. Así as cousas, dende a Administración tamén se pretende abrir a participación aos grupos informais, co obxecto de non bloquear as inquedanzas que poidan ter os mozos e mozas galegos, creando así un novo modelo de participación xuvenil.

Dende a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado pónense a disposición dos mozos e mozas unha rede de albergues e residencias que faciliten a participación en actividades e programas de interese para a xuventude.

➤ Albergues Xuvenís: Segundo o R.D. 50/2000 un albergue xuvenil sería toda instalación permanente ou temporal destinada a facilitar á xuventude aloxamento, como lugar de paso dos seus desprazamentos ou como marco dunha actividade de tempo libre. En Galicia cóntase cos seguintes albergues dependentes da D.X. de Xuventude e Voluntariado.

➤ Residencias Xuvenís: No R.D. 50/2000 contemplase que as residencias xuvenís serían aquelas instalacións de carácter cultural e formativo postas ao servizo dos mozos e mozas que por razóns de estudo ou traballo vense obrigados a permanecer fora do seu domicilio familiar.

A D.X. de Xuventude e Voluntariado conta coas seguintes albergues- residencias:

- Albergue de Gandarío –Complexo Xuvenil As Mariñas
- Albergue- Residencia LUG
- Albergue- Residencia Florentino López Cuevillas
- Albergue- Residencia Altamar

Así mesmo , a Dirección Xeral coas seguintes instalacións propias:

- Albergue Xuvenil Mariña Española
- Albergue Xuvenil Gandarío
- Campamento Xuvenil Furelos (Melide)
- Campamento Xuvenil Virxe de Loreto (Porto do Son)
- Campamento Xuvenil Espiñeira (Boiro)
- Albergue Xuvenil Area (Viveiro)
- Albergue Xuvenil Benigno Quiroga (Pontevedra)
- Campamento Xuvenil A Devesa (Ribadeo)
- Campamento Xuvenil Os Chacotes (Palas de Rei)
- Campamento Xuvenil O Chanto (Sarria)
- Campamento Xuvenil Paredes de Xacinto (Entrimo)
- Albergue Xuvenil As Sinas (Vilanova de Arousa)
- Campamento Xuvenil Ponte Maril (Forcarei)
- Campamento Xuvenil Illa de Ons.

Por último, non podemos esquecernos, a nivel autonómico, da Escola Galega de Lecer e Tempo Libre (regulada polo R.D. 50/2000) que ten a labor de velar polo nivel técnico das ensinanzas impartidas polas 33 Escolas de Tempo Libre, oficialmente recoñecidas pola Consellería de Traballo e Benestar. Ao titular da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado lle corresponde a expedición dos títulos acreditativos correspondentes ás ensinanzas que imparten as Escolas de Tempo Libre como centros de formación, perfeccionamento e especialización dos educadores e educadoras nas actividades e técnicas orientadas á promoción e adecuada utilización do lecer.

8.7.2. Obxectivos operativos e formulación de medidas

OBXECTIVO OPERATIVO 1: Apoiar a labor dos organismos e entidades que fomentan a participación e o asociacionismo na mocidade.

MEDIDA Nº 1

LIÑAS DE AXUDA AOS CONCELLOS

DESCRICIÓN DA MEDIDA

Apoio económico aos concellos para a promoción da información xuvenil a través das oficinas locais integradas na Rede de Información e Documentación Xuvenil, así como fomentar as actividades formativas e educativas no ámbito do ocio e o tempo de lecer, o asociacionismo xuvenil e o emprego das novas tecnoloxías.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado

MEDIDA Nº 2

INICIATIVA XOVE

DESCRICIÓN DA MEDIDA

Liña de axudas destinada a asociacións xuvenís e a grupos informais para que podan materializar as súas ideas ou proxectos, permitindo que os mozos e mozas sexan os verdadeiros artífices da posta en marcha das diferentes actividades.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado

MEDIDA Nº 3

CENSO DE ASOCIACIÓNS XUVENÍS E PRESTADORAS DE SERVIZOS Á XUVENTUDE

DESCRICIÓN DA MEDIDA

Instrumento que facilita a planificación de programas de fomento do asociacionismo xuvenil e de articulación das políticas integrais da xuventude, a través da elaboración dunha relación de asociacións xuvenís e entidades que prestan servizos a xuventude no ámbito territorial da Comunidade Autónoma ..

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº 4**ESCOLA GALEGA DE LECER E TEMPO LIBRE****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Escola oficial da Comunidade Autónoma de Galicia encargada de deseñar e controlar a formación que se imparte nas Escolas de Tempo Libre nos diferentes grados de formación, así como de realizar cursos e actividades de formación complementarias ás das escolas.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados:
 - Escolas de Tempo Libre recoñecidas pola D.X. de Xuventude

MEDIDA Nº5**MOBILIDADE CREATIVA NO ALBERGUE LUG II****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Proxecto para fomentar a mobilidade dos mozos e mozas galegos creadores das distintas Comunidades Autónomas. Fomentando a mobilidade de xóvenes creadores das distintas Comunidades Autónomas.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados
 - Rede Española de Albergues Xuvenís.
 - Asociacións de xóvenes creadores

OBXECTIVO OPERATIVO 2: Fomentar a participación da mocidade, a través da posta en marcha de actividades de lecer e tempo libre.

MEDIDA Nº 1

ACTIVIDADES PARA MAIORES DE 18 ANOS.

DESCRICIÓN DA MEDIDA

Programación e posta en marcha de programas de lecer e tempo libre para mozos e mozas de 18 a 35 anos nos que teñen lugar actividades de ocio e deporte.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº2

CAMPAMENTOS DE VERÁN

DESCRICIÓN DA MEDIDA

Programación e posta en marcha de programas de lecer e tempo libre para mozos e mozas entre os 9 e os 17 anos nos que teñen lugar actividades culturais, de ocio e multiaventura, deportivas, etc.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº 3

CAMPOS DE TRABALLO

DESCRICIÓN DA MEDIDA

Programación de actividades relacionadas co voluntariado e o tempo libre co fin de favorecer a convivencia, a participación, a tolerancia e a solidariedade entre a mocidade. As actividades terán lugar tanto no ámbito autonómico ou estatal como no estranxeiro.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

→ Outros entes implicados

- Concellos

MEDIDA Nº 4**ACCIÓN D' VERÁN. OFERTA CONCERTADA****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Programa que permite o uso das instalacións xuvenís (15 de xuño-30 de setembro) por parte de asociacións xuvenís, entidades prestadoras de servizos á xuventude, escolas de tempo libre, Consello da Xuventude de Galicia, Corporación Locais e outras entidades públicas ou privadas que realicen actividades relacionadas coa xuventude.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

OBXECTIVO OPERATIVO 3: Promover a participación da mocidade en actividades e programas onde se incide na diversidade ambiental, etnográfica, cultural e patrimonial de Galicia.

MEDIDA Nº 1**NA TERRA E NO MAR****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Programa que combina a realidade mariñeira e a ecuestre para promover o enriquecemento persoal das persoas participantes.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados
- Centros de ensino da Comunidade Autónoma

MEDIDA Nº 2**PROGRAMA PLANETA MAR 2010****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Programa de educación ambiental e ecoloxía mariñeira para a xuventude coa finalidade de achegar a mocidade (especialmente do interior de Galicia) ao mundo mariñeiro, a través da mostra de embarcacións antigas e tradicionais, actividades no mar, a complexidade do ecosistema acuático e a biodiversidade mariña.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados
 - Centros de ensino da Comunidade Autónoma
 - D.X. de Desenvolvemento Pesqueiro (Consellería do Mar)

MEDIDA Nº 3**PROGRAMA TRASLATIO 2010****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Programa de actividades etnográficas patrimoniais e ambientais no ámbito territorial da Ruta Xacobeá Arousá, co fin de identificar e valorar os recursos do entorno, o patrimonio natural e etnográfico da ría de Arousa, e o fomento da protección do medio.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados
 - Centros de ensino da Comunidade Autónoma onde se curse 3º e 4º da E.S.O. e 1º de Bacharelato

MEDIDA Nº 4**PROGRAMA XUVENTUR 2010****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Programa de actividades de lecer e tempo libre levado a cabo en diferentes casas rurais para mozos e mozas de entre 18 e 35 anos coa finalidade de facilitar aos participantes o coñecemento da xeografía, os recursos medioambientais e etnográficos e a cultura galega.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados
 - Secretaria Xeral para o Turismo (Consellería de Cultura e Turismo)
 - TURGALICIA

MEDIDA Nº 5**NOITES SAUDABLES PARA A MOCIDADE****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Actuación levada a cabo as fins de semana do mes de abril de 2010 en varios balnearios galegos para promover o termalismo e o ocio entre a xente máis nova.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados
 - Secretaría Xeral para o Turismo (Consellería de Cultura e Turismo)

MEDIDA Nº 6**ROTEIROS PARA A XUVENTUDE****DESCRINCIÓN DA MEDIDA**

Programa ambiental de saídas de fin de semana que inclúe itinerarios da cultura mariñeira, rutas de sendeirismo de dificultade media, actividades náuticas e de multiaventura e de interpretación do noso patrimonio natural, arqueolóxico e etnográfico.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados
 - Empresas relacionadas co tempo libre

OBXECTIVO OPERATIVO 4: Facilitar espazos e os recursos necesarios para que a mocidade poda expresar as súas opinións e inquedanzas así como desenvolver diversas súas facetas culturais, artísticas, creativas...

MEDIDA Nº 1

XUVENTUDE CREA

DESCRICIÓN DA MEDIDA

Programa que ten por obxecto facilitar as vías polas que se poida manifestar a inquedanza artística e colectiva da xuventude galega a través dunha serie de actividades que abranguen un amplo abano de manifestacións de carácter artístico.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados:
 - D.X. Promoción e Difusión da Cultura (Consellería de Cultura e Turismo)
 - D.X de Comercio (Consellería de Economía e Industria)

MEDIDA Nº 2

CELEIRO DE CREATIVIDADE

DESCRICIÓN DA MEDIDA

Espazo destinado a promover a creatividade xuvenil, para elo dótase de salas de exposicións, zonas para accións formativas, locais de ensaio..., prestando especial atención á creatividade asociada as novas tecnoloxías.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº 3**FORO DE ENCONTRO DO ASOCIACIONISMO XUVENIL****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Foro de encontro de asociacións xuvenís galegas e entidades prestadoras de servizos á xuventude para intercambio de experiencias e profundizar no coñecemento de diferentes temas e colectivos.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº 4**PARLAMENTO XOVE 2010****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Competición na que os diversos equipos inscritos investigarán, escribirán e debaterán acerca dun tema. A actividade desenvolverase nunha fase inicial de investigación e argumentación de ideas na rede e unha fase final de debate dialéctico.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados
- Parlamento de Galicia

MEDIDA Nº 5**XUVENTUDE E MÚSICA****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Esta actuación implica a celebración dun Encontro Galego de Música, unha grabación musical e a súa distribución, e finalmente unha serie de actuacións dos grupos seleccionados. Pretende ser un punto de encontro entre os axentes do sector musical galego e ser unha oportunidade para os grupos noveis e semi-profesionais para darse a coñecer.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados
 - S.A. Xestión do Plan Xacobeo (como co-patrocinador)

MEDIDA Nº 6**PROGRAMA DE CONSULTA Á MOCIDADE****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Realización de consultas dirixidas á poboación moza en distintos temas do seu interese ou do interese da Dirección Xeral co obxecto de recabar a súa opinión e que poidan ser tidos en conta á hora da formulación de políticas e accións en materia de xuventude.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº 7**FOROS TEMÁTICOS PARA A XUVENTUDE****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Celebración de foros ou encontros para abordar distintos temas de interese para a xuventude, redes sociais, vivenda, emprego, novas tecnoloxías... creando espazos de diálogo e reflexión entre mozos e mozas sobre distintos temas do seu interese.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar).

MEDIDA Nº 8**FORO XUVENIL DA GALEGUIDADE****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Xornada de confraternidade de mozos e mozas galegos con mozos e mozas descendentes de emigrantes. O obxectivo é favorecer a disertación sobre cuestións de interese común como a emigración, a identidade, os problemas comúns...De este xeito preténdese fortalecer os vínculos e establecer lazos de unión entre a mocidade residente en Galicia cos descendentes de emigrantes e residentes no exterior, compartindo experiencias e favorecendo o enriquecemento mutuo.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar).

8.8- EIXO 8: VOLUNTARIADO XUVENIL

8.8.1. *Introdución*

O voluntariado consiste na prestación de servizos de forma voluntaria, sen desexo de obter beneficio material ou económico polo mesmo. Por tanto, o voluntario pon o seu tempo a disposición doutras persoas ou entidades levando a cabo actividades como investigación, información e sensibilización, orientación e asesoramento, formación, xestión de proxectos...

Co fin de promover unha cidadanía activa planifícanse e levanse a cabo medidas e accións encamiñadas a fomentar e facilitar a participación, por parte da mocidade, en actividades de voluntariado.

No ano 2000 promulgase a Lei do Voluntariado de Galicia co obxecto de regular, promover e fomentar a participación solidaria dos cidadáns e cidadás nas diferentes actuacións voluntarias promovidas por entidades públicas ou privadas estables e democráticas sen fin de lucro. Segundo esta Lei do Voluntario de Galicia, a persoa voluntaria sería aquela que realiza actividades de maneira altruísta, desinteresada e solidaria, con carácter voluntario e libre, sen contraprestación económica e por medio de entidades públicas ou privadas estables e democráticas sen fin de lucro. Quedando, logo, excluídas as desenvolvidas como consecuencia dunha relación laboral, mercantil ou funcional ou as ailladas, esporádicas ou realizadas por razóns de benevolencia, amizade ou boa vecindade.

O voluntariado conforma tanto, un modo de participación social e experiencia educativa como un factor de integración, trátase ademais dunha actividade potencialmente universal aberta a todo o mundo.

As actividades de voluntariado realízanse tanto a nivel local, nacional ou europeo, e en todos os casos contribúe ao desenvolvemento dunha cidadanía plena e participativa.

Para promover, coordinar ou asesorar neste ámbito crease o Servizo Galego de Voluntariado que promociona e coordina a acción voluntaria, o Consello Galego de Voluntariado (órgano consultor e asesor en materia de voluntariado) e a Comisión de Arbitraje do Voluntariado (instrumento de protección e defensa das partes que levan a cabo actuacións de voluntariado).

De especial relevancia é a tramitación e aprobación parlamentaria da nova Lei de Acción Voluntaria, normativa que permitirá establecer un marco legislativo acorde e adaptado ás necesidades das persoas voluntarias, ás entidades de acción voluntaria e ás administracións públicas con competencias na materia e a elaboración do novo plan galego de voluntariado co fin de que os axentes sociais teñan un marco de referencia, adaptado ás recomendacións da Unión Europea, en materia de mocidade.

8.8.2. Obxectivos operativos e formulación de medidas

OBXECTIVO OPERATIVO 1: Promover accións e programas que fomenten a participación voluntaria da mocidade en actividades solidarias, culturais, sociais...

MEDIDA Nº 1

PROGRAMA VOLUNTARIADO XACOBEO 2010

DESCRIPCIÓN DA MEDIDA

O programa está destinado a todas as persoas voluntarias que estean dispostas a colaborar en tarefas basicamente informativas, culturais e de enlace entre outros organismos e persoas.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados
 - S.A. de Xestión do Plan Xacobeo
 - Concellos (Triacastela, Sarria, Portomarín, Palas de Rei, Melide, Arzúa, O Pino, Tui, Padrón, A Guarda, Xunqueira de Ambía, Laza, Lalín, Negreira, Fisterra, Ribadeo, Vilalba e Mesía)

MEDIDA Nº 2

VOLUNTARIADO AMBIENTAL

DESCRIPCIÓN DA MEDIDA

Programa de educación medioambiental que, a través da creación de canles de participación e espazos de colaboración social, pretende involucrar a mocidade no coidado e no respecto do medio rural co que conta Galicia.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar) e D.X. de Montes (Consellería de Medio Rural)

MEDIDA Nº 3**PLAN DINAMIZADOR DO VOLUNTARIADO SOCIAL GALEGO****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Creación dunha rede de voluntariado social en Galicia para maiores, na que os mozos e mozas realizan actividades dirixidas ao colectivo de maiores, co fin de fomentar o intercambio interxeracional

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº 4**VOLUNTARIADO XUVENIL****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Esta medida pretende promover a labouira voluntaria dos mozos e das mozas da Comunidade Autónoma en distintos programas presentados polas entidades de acción voluntaria para facilitar a participación xuvenil en actividades de voluntariado.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº 5**PROGRAMA DE FORMACIÓN DE VOLUNTARIADO****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Programa de capacitación, a través da formación non formal, para aquelas persoas que traballan no ámbito da mocidade co fin de facilitarlles a organización e xestión de servizos que ofrecen á xente moza e ás entidades de voluntariado.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado

MEDIDA Nº 6**CONDUCTOR ALTERNATIVO****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Conta coa presenza da xente moza de asociacións xuvenís, que nos lugares de ocio nocturno e nas liñas de transporte, lembrarán a máxima de 0% alcohol cando se conduce a través de diferentes accións e actuacións de prevención.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados
 - Asociacións xuvenís
 - Confederación de empresarios de hostalería de Galicia
 - D.X. de Mobilidade (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras)
 - Oficinas Municipais de Información ao consumidor de diferentes concellos

OBXECTIVO OPERATIVO 2: Establecer un marco común e de referencia en materia de voluntariado.**MEDIDA Nº 1****LEI DE ACCIÓN VOLUNTARIA****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Tramitación e aprobación parlamentaria da Lei de Acción Voluntaria para establecer un marco legislativo acorde e adaptado ás necesidades das persoas voluntarias, as entidades de acción voluntaria e as administracións públicas con competencias na materia.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados
 - Consello da Xunta
 - Parlamento de Galicia

MEDIDA Nº 2**PLAN GALEGO DE VOLUNTARIADO 2011-2015****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Elaboración do novo plan galego de voluntariado co fin de que os axentes sociais teñan un marco de referencia, adaptado ás recomendacións da Unión Europea, en materia de mocidade.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

OBXECTIVO OPERATIVO 3: Facilitar un espazo de reflexión para o intercambio de experiencias sobre o voluntariado.

MEDIDA Nº 1**CONGRESO ESTATAL DE VOLUNTARIADO 2011****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Organización dun congreso estatal de voluntariado que terá lugar o 2011, sendo este un lugar de encontro para o intercambio de experiencias entre as diferentes entidades de acción voluntaria e administracións autonómicas xunto coa estatal

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados
- Plataforma Estatal de Voluntariado

MEDIDA Nº 2**FEIRA GALEGA DO VOLUNTARIADO****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Xuntanza das entidades galegas de acción voluntaria cos axentes públicos implicados no ámbito de voluntariado para debater e estudar as propostas que se fan dende a administración autonómica (proxeito de lei de acción voluntaria, novo plan de voluntariado, Ano Europeo de Voluntariado...) e aquelas cuestións presentadas polas entidades.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados
 - Centro Comercial Área Central
 - Escola Galega de Administración Pública (EGAP)

OBXECTIVO OPERATIVO 4: Apoiar e promover a programación e posta en marcha de actividades de carácter voluntario.

MEDIDA Nº 1**ORDE DE SUBVENCÍONS A CONCELLOS E MANCOMUNIDADES DE MUNICIPIOS PARA O FOMENTO E A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE VOLUNTARIADO****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Liña de axudas anuais aos concellos e mancomunidades de municipios para o fomento e a realización de actividades de voluntariado.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº 2**ORDE DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DE ACCIÓN VOLUNTARIA PARA O FOMENTO E A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE VOLUNTARIADO****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Axudas anuais a entidades de acción voluntaria para o fomento e a realización de actividades de voluntariado.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

OBXECTIVO OPERATIVO 5: Promover a participación da mocidade en programas de voluntariado a nivel europeo.

MEDIDA Nº1**PROXECTO “VOLANGTEER”****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Proxecto piloto para a aprendizaxe do galego a través do acompañamento voluntario da mocidade galega, co fin de que os estranxeiros se acheguen ao coñecemento da nosa lingua.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados
- Algemeine Fryske Underrjotchs de Holanda (AFUK)
 - Formation Tout au Long de la Vie de Francia (GIP)
 - AINTEK AE de Grecia
 - Universidade de Santiago de Compostela (USC)

MEDIDA Nº 2**SERVIZO VOLUNTARIO EUROPEO****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Programa incluído dentro do Programa Europeo “Xuventude en acción” que consiste nun aprendizaxe non formal dos mozos e mozas a través do financiamento da participación dos mesmos e das mesmas en actividades de voluntariado que se realizan en entidades sen ánimo de lucro na Comunidade Autónoma.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados
 - Asociacións xuvenís e de voluntariado
 - Organismos públicos locais ou rexionais

MEDIDA Nº 3**FOMENTO DO VOLUNTARIADO NO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Convenio con tres universidades galegas para fomentar o voluntariado na comunidade universitaria, a través de varios ámbitos de actuación: promoción da cultura da solidariedade, apoio á formación, seguimento e coordinación da acción voluntaria.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados
 - Universidades de Santiago, A Coruña e Vigo

8.9- EIXO 9: MOBILIDADE

8.9.1. *Introdución*

A mobilidade é unha oportunidade de ampliar os coñecementos sobre outros idiomas, culturas e métodos de traballo, favorecendo a innovación no posto de traballo e unha maior flexibilidade e adaptación cara o emprego e o desenvolvemento persoal.

Para facilitar a participación da mocidade en programas de mobilidade é importante o apoio conxunto entre as institucións públicas e outros organismos que teñan relación coas persoas mozas. Isto acadase coa posta en marcha de diferentes medidas encamiñadas a cumprir coas demandas e expectativas dos mozos e mozas en materia de mobilidade.

En relación a mobilidade, a Fundación Galicia Europa e a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado en colaboración co *Instituto Portugués da Juventude* e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria realizaron unha consulta sobre o Libro Verde da Comisión Europea “Fomentar a mobilidade na formación dos mozos e mozas”. Desta consulta podemos resaltar os seguintes retos que nos atopamos para potenciar a mobilidade entre a mocidade.

1. Informar de maneira clara, concisa e dinámica, facendo uso da redes sociais para a súa difusión e a través da organización de workshops, debates, sesións informativas...
2. Recoñecer a mobilidade por parte do mundo empresarial, fomentando a relación universidade-empresa e estruturando os novos graos cunha orientación cara a mobilidade.
3. Transmitir as experiencias de mobilidade, a través de redes de apoio, que permitan unha maior acollida dos mozos e mozas.
4. Solventar os atrancos burocráticos relacionados coas normativas de cada un dos países, os permisos de viaxe...

5. Fomentar o coñecemento de idiomas e apoiar programas de mobilidade non formal.
6. Facer que os recursos financeiros sexan máis dispoñibles e áxiles.
7. Incentivar a titorización e facer un seguimento e valorización da titorización.
8. Fomentar a mobilidade non formal entre os máis desfavorecidos (sen recursos económicos, mobilidade reducida, deficiencias cognitivas e/ou físicas, inmigrantes...)
9. Solventar os problemas de validación ou recoñecemento dos aprendizaxes formais e non formais.
10. Animar ao sector empresarial a solicitar Extended Erasmus Charter.
11. Fomentar a participación en diferentes programas que posibilitan o “aprendizaxe ao longo de toda a vida” como, por exemplo, e-Twinning (intercambios virtuais), shadowjobs (compartir o traballo de dúas persoas de dous países diferentes),...

Co fin de afrontar estes retos, tanto Galicia como o Norte de Portugal dende fai uns anos están a participar e fomentar programas de cooperación transfronteiriza ao abeiro dos Fondos Estruturais, como por exemplo o Espazo Xuvenil.

Ademais, a Xunta de Galicia trata de poñer Europa ó alcance da mocidade galega, a través da posta en marcha de medidas e recursos deseñados e orientados para este colectivo. Tal posibilidade ábrese coa oferta de programas que permiten as estadias no estranxeiro, a posibilidade de prácticas laborais en países extranxeiros, os intercambios para o coñecemento de novas linguas e o establecemento de lazos e relacións que enriquecen as experiencias vitais da xente nova, a través da participación da mocidade galega en programas europeos como:

- Xuventude en Acción: programa que ten como finalidade fomentar as oportunidades de aprendizaxe non formal dos mozos e mozas a través do financiamento de proxectos que eles e elas mesmas elaboren.
- Medidas incluídas dentro do programa Leonardo:

- Mobilidade Galega (MoGal), consistente en bolsas para a realización de prácticas en empresas en diferentes países europeos para mozos e mozas galegos no mercado laboral entre 18 e 30 anos en diversos sectores.
- Transferencia de Innovación (TOI) Proxecto que pretende formar na adquisición e uso de coñecementos, competencias e cualificacións para ensinar e apoiar a mozos e mozas no proceso de transferencia de empresas, fomentar a innovación e cooperación no mercado laboral europeo, así como colaborar en experiencias profesionais con Europa.

Con estas e outras actuacións a DXXV manifesta a súa inquedaanza por dotar á mocidade das ferramentas e instrumentos necesarios para facilitar a súa mobilidade, para o cal desenvolve procesos de coordinación e cooperación con outros organismos internacionais.

8.9.2. Obxectivos operativos e formulación de medidas

OBXECTIVO OPERATIVO 1: Facilitar o coñecemento teórico-práctico dun idioma estranxeiro, facilitando a mobilidade da mocidade a diferentes países.

MEDIDA Nº 1

CURSOS DE IDIOMAS NO ESTRANXEIRO

DESCRICIÓN DA MEDIDA

Cursos de idiomas: inglés, francés, alemán, italiano, portugués, ruso ou chinés en escolas de todo o mundo. A Dirección Xeral subvencionará parte dos gastos de realización do curso, polo que a mocidade interesada só deberá aportar unha cantidade do custo total.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados
 - Diferentes escolas
 - Tive Madrid

MEDIDA Nº 2

I PLAN DE MOBILIDADE XUVENIL NO ESTRANXEIRO

DESCRICIÓN DA MEDIDA

Programa de axudas para o aprendizaxe dun idioma estranxeiro por parte dos mozos e mozas, así como complementar os recursos que dende a formación regrada podan ter a nivel lingüístico e intercultural.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Centro Coordinador de información e Documentación Xuvenil. D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº 3**INTERCAMBIOS XUVENÍS EN EUROPA****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Programa consistente no desenvolvemento de accións de intercambio coas que se pretende que as persoas mozas residentes en Galicia de entre 18 e 30 anos teñan a oportunidade de coñecer outros países e medios de vida, relacionándose durante unha semana con mozos e mozas doutros países, converténdose en co-partícipes de experiencias e coñecementos.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar).

MEDIDA Nº 4**MOZOS E MOZAS EN INTERCAMBIO****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Desenvolvemento de intercambios de mozos e mozas non universitarios con mozos e mozas de diferentes países co obxecto de promover o afianzamento no coñecemento técnico práctico dun idioma estranxeiro relacionado co perfil profesional .

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar).

→ Outros entes implicados

- Entidades públicas de Belfast.
- Entidades públicas de Malta.

OBXECTIVO OPERATIVO 2: Dotar á mocidade das ferramentas e instrumentos necesarios para promover e facilitar a mobilidade tanto no ámbito autonómico, estatal ou internacional.

MEDIDA Nº 1

CARNÉ XOVE

DESCRIPCIÓN DA MEDIDA

Carné, a nivel europeo, que facilita el acceso a diferentes servizos a través de descontos e vantaxes para mozos e mozas entre os 12 e 30 anos.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados
 - Aproximadamente 2.800 establecementos adheridos

MEDIDA Nº 2

CARNÉ DE ALBERGUISTA

DESCRIPCIÓN DA MEDIDA

Carné con varias modalidades: xuvenil 14 a 30 anos, adulto maior de 30 anos, familiar e de Grupo, que facilita o acceso aos distintos albergues xuvenís da *Red Española de Albergues Juveniles* e noutros países membros da Federación Internacional de Albergues Xuvenís, permitindo disfrutar dun turismo nacional e internacional máis barato e con calidade nos seus servizos.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: Centro Coordinador de Información e Documentación. D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº 3**CARNÉ STUDENT (ISIC)****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Carné para estudantes maiores de 12 anos que lles permite obter descontos nos transportes e museos públicos, comedores universitarios... das cidades de Europa e América do Norte.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Centro Coordinador de Información e Documentación. D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº 4**CARNÉ TEACHER (ITIC)****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Carné para docentes do ensino primario e secundario, universitario, escolas de idiomas... que permite aos e ás docentes obter descontos nos transportes e museos públicos, comedores universitarios...

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Centro Coordinador de Información e Documentación. D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº 5**CARNÉ YOUNG (IYTC) TRAVEL CARD****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Carné para mozos e mozas de menos de 26 anos que non acrediten ser estudantes para obter descontos en viaxes, aloxamentos, museos...

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: Centro Coordinador de Información e Documentación. D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

OBXECTIVO OPERATIVO 3: Facilitar o achegamento da xente moza ao mundo empresarial e laboral, a través da realización de prácticas e da participación en proxectos con outros países europeos.

MEDIDA Nº 1

PROXECTO “NEW ENERGY AGE (NEA) LEONARDO DA VINCI

DESCRICIÓN DA MEDIDA

O proxecto consiste na realización de prácticas, por parte dos bolseiros e bolseiras, en empresas europeas relacionadas co sector das enerxías renovables, coa finalidade de ampliar os coñecementos e experiencias profesionais da mocidade, ao mesmo tempo vailles permitir afianzar o idioma do país onde realicen as prácticas.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº 2

BOLSAS LEONARDO DA VINCI 2010: MOBILIDADE GALEGA (MOGAL)

DESCRICIÓN DA MEDIDA

Bolsas para a realización de prácticas en empresas en diferentes países europeos para mozos e mozas galegos no mercado laboral entre 18 e 30 anos en diversos sectores.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados
- Diferentes empresas e entes intermediarios de Francia, Italia, Irlanda e Holanda

MEDIDA Nº 3**PROXECTO EVERGREEN LEONARDO DA VINCI****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Bolsas para a realización de prácticas en empresas relacionadas co sector do turismo en diferentes países europeos.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº 4**PROXECTO INTERNATIONAL WORK IN EUROPW (IWE) LEONARDO DA VINCI****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Bolsas para a realización de prácticas en empresas relacionadas co sector de internacionalización de empresas en diferentes países europeos.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº 5**PROXECTO TRANSFERENCIA DE INNOVACIÓN (TOI) 2010. MOZOS E MOZAS GALEGOS EMPRENDEDORES (XE-EU)****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Proxecto baseado no proxecto italiano Donna Cerca Impresa, que pretende formar na adquisición e uso de coñecementos, competencias e cualificacións para ensinar e apoiar e a mozos e mozas no proceso de transferencia de empresas, fomentar a innovación e cooperación no mercado laboral europeo, así como colaborar en experiencias profesionais con Europa.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

→ Outros entes implicados

- Entes de Italia, Portugal e Galicia

OBXECTIVO OPERATIVO 4: Promover o intercambio e o coñecemento doutros países e culturas, a través da participación en actividades de lecer, artísticas, formativas, de novas tecnoloxías,...

MEDIDA Nº 1

SOCIO NO PROXECTO TOI “CELTIC CONNECTIONS” PRESENTADO POR ASSOCIAZIONE LEPIDO ROCCO (ITALIA)

DESCRICIÓN DA MEDIDA

Proxecto que consiste na transferencia de metodoloxías e ferramentas no campo dos traballadores comunitarios coa mocidade e a realización da difusión e publicación de resultados. A dirección do proxecto levase a cabo dende Galicia.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados
 - Entes de Irlanda, Portugal e Galicia

MEDIDA Nº 2

SOCIO NO PROXECTO TOI “EUDAIMONIA:STARE BENE A SCUOLA” PRESENTADO POR YOUTH WORK IRELAND

DESCRICIÓN DA MEDIDA

Proxecto que consiste na dirección do proxecto en Galicia, a transferencia de metodoloxías e ferramentas no campo das habilidades sociais, programas de prevención e actividades de formación en resolución de conflitos, realización da avaliación e dirección das actividades, e publicación de resultados.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados
 - Entes de Irlanda, Reino Unido e Galicia

MEDIDA Nº 4**PROGRAMA “XUVENTUDE EN ACCIÓN”****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Programa europeo financiado pola Comisión Europea e que ten como finalidade fomentar as oportunidades de aprendizaxe non formal dos mozos e mozas a través do financiamento de proxectos que eles e elas mesmas elaboren sobre algunhas das cinco accións previstas no programa (A Xuventude con Europa, Servizo de Voluntariado Europeo, A Xuventude no mundo, Sistemas de apoio a Xuventude e Apoio á cooperación europea no ámbito da xuventude casos debidamente xustificados, aos demais axentes que traballan.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados
 - Diferentes asociacións xuvenís
 - Organismos públicos locais ou rexionais

MEDIDA Nº 5**IMAGINA ATLANTICA-“ESPACIO ATLÁNTICO, TERRITORIOS CREATIVOS INNOVADORES”****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Proxecto que pon en marcha unha serie de actividades: arte dixital, bolseiros no exterior, estudos, plataforma de imaxe, formación e seminarios en Galicia, Francia, Portugal e Reino Unido, co fin de empregar os recursos que ofrecen as novas tecnoloxías da imaxe.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados
 - Oficina de Información Europea para a Mocidade
 - Oficinas transfronteirizas de Información Xuvenil de Verín

MEDIDA Nº 6**ENCONTRO GALEGO DE MOBILIDADE XUVENIL EUROPEA****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Os encontros galegos de mobilidade xuvenil europea son un espazo de intercambio de experiencias entre os mozos e mozas implicados nos distintos programas de mobilidade (Xuventude en Acción, Leonardo da Vinci...)

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

MEDIDA Nº 7**XÓVENES EMPRENDEDORES DA EURORREXIÓN. EMPRENDE****DESCRICIÓN DA MEDIDA**

Conxunto de accións destinadas a converter o espazo de Cooperación nun lugar atractivo para o asentamento e o desenvolvemento de novas actividades económicas e empresariais, creación de empresas e de emprego para a mocidade da eurorrexión.

ENTIDADES IMPLICADAS

→ Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar).

→ Outros entes implicados

- Oficina Información Europea para a Mocidade.
- Oficinas transfronteirizas de Información Xuvenil de Tui e Verín.

MEDIDA Nº 8**CIRCUÍTO DE CREATIVIDADE****DESCRIPCIÓN DA MEDIDA**

Desenvolvemento de intercambios interrexionais e transfronteirizo de artistas mozos para a promoción da creatividade das persoas mozas. Os novos creadores poderán mostrar en exposicións itinerantes as súas obras e os grupos noveis de música e teatro poderán actuar en directo en distintas vilas da Comunidade Autónoma, así como noutros puntos do territorio español e en Portugal.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar).
- Outros entes implicados
 - Concellos Galegos
 - Organismos portugueses.

OBXECTIVO OPERATIVO 5: Establecer mecanismos e servizos que permitan o achegamento entre a mocidade de Galicia e norte de Portugal.

MEDIDA Nº 1

UN ESPAZO NA NOVA AXENDA DE LISBOA (ESPAZO XUVENIL)

DESCRICIÓN DA MEDIDA

Actividades socioculturais, económicas e de emprego conxuntas entre Galicia e Portugal, para crear mais postos de traballo entre os mozos e mozas.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados
 - Oficina de Información Europea para a Mocidade
 - Oficinas transfronteirizas de Información Xuvenil de Tui e Verín

MEDIDA Nº 2

EUROCIDADE CHAVES-VERÍN

DESCRICIÓN DA MEDIDA


Creación e posta en marcha dunha Oficina Transfronteiriza de Información Xuvenil para xerar as bases dunha cooperación transfronteiriza entre Chaves-Verín co fin de mellorar a calidade de vida dos cidadáns.

ENTIDADES IMPLICADAS

- Entidade Promotora: D.X. de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros entes implicados
 - Oficina de Información Europea para a Mocidade
 - Oficinas transfronteirizas de Información Xuvenil de Verín

9.

**SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO III PLAN
ESTRATÉXICO DE XUVENTUDE, XUVENTUDE 2013:
UNHA ESTRATEXIA PARA A MOCIDADE GALEGA**



9.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

O seguimento e a avaliación constitúen dous aspectos fundamentais dentro do III Plan Estratégico de Xuventude, Xuventude 2013: Unha estratexia para a mocidade galega, en tanto que se erixen como instrumentos imprescindibles para coñecer os progresos acadados no que respecta ás medidas establecidas e ao propio cumprimento do Plan.,

O III Plan Estratégico de Xuventude, Xuventude 2013: Unha estratexia para a mocidade galega, será obxecto dun proceso de seguimento e avaliación continuo durante a súa vixencia coordinado pola Comisión Interdepartamental de Xuventude e responsabilidade directa do grupo coordinador do traballo interno, constituído no seno da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, co fin de:

- Coñecer o grado de execución do Plan, isto é, qué actividades se van desenvolvendo para dar cumprimento deste.
- Coñecer o grado de cumprimento do Plan, é dicir, determinar o que finalmente se fixo con respecto á planificación inicial (avaliación final).

Ambos obxectivos xerais evidencian unha diferenciación entre os procedementos de seguimento e avaliación:

- ⇒ seguimento fai referencia ao grado de execución, ao exame constante e intermitente das actuacións que se están a realizar.
- ⇒ Pola súa parte, a avaliación fai referencia ao grao de cumprimento e será aplicada tanto aos procesos como ao remate destes (avaliación de proceso e avaliación final).

No marco destas dúas grandes finalidades, coñecer o grao de execución e cumprimento do Plan, establecemos os seguintes obxectivos específicos respecto dos procesos de seguimento e avaliación:

- Dar a coñecer os resultados finais de cada medida proposta.
- Reflexar as debilidades e oportunidades que condicionaron a obtención deses resultados
- Analizar os aspectos positivos e negativos influentes na implantación das medidas
- Establecer os mecanismos axeitados para a superación dos resultados obtidos

Co gaio de dar cumprimento a estes obxectivos faise preciso establecer un mecanismo de medida para o cal tense deseñado unha proposta de sistema de indicadores, de acordo á seguinte:

Sistema de Indicadores

Indicadores cuantitativos

- Nº de mozos e mozas
- Presupuesto/orzamento invertido para cada medida
- *Nº de proxectos, campañas, programas...*

Indicadores cualitativos

- Grao de valoración
- Grao de satisfacción
- Grao de implicación

Indicadores de contexto

- Perfil sociodemográfico dos mozos e mozas participantes nas actuacións
- Lugares de realización (rural, urbano, costeiro...)

Indicadores de realización

- Norma reguladora
- Material editado
- Centro/Infraestrutura creada
- Campañas, tipos, medios, soportes...

Indicadores de resultados

- Obxectivos acadados
- Prospección con respecto a resultados precedentes
- Incidencia do Plan nos distintos departamentos implicados

A metodoloxía a implementar para a recompilación de información relativa tanto ao grao de execución das medidas propostas como do propio cumprimento do Plan implica a distribución dunha ficha de recollida de datos entre os distintos departamentos da Administración autonómica con actuación no desenvolvemento do Plan. Esta ficha, o modelo da cal se presenta de seguido, debe dar conta, alo menos, da análise dos indicadores previamente definidos.


Ilustración 9.1. Ficha de avaliación das actuacións do III Plan Estratéxico de Xuventude, Xuventude 2013: Unha estratexia para a mocidade galega,

FICHA DE AVALIACIÓN DAS ACTUACIÓNS DO III PLAN ESTRATÉXICO DE XUVENTUDE 2010-2013	
1. Departamento/ Consellería ou organismo	<input type="text"/>
2. Denominación da actuación/programa	<input type="text"/>
4. Número e descrición da poboación ou entidades destinatarias <i>(Descrición do colectivo ou grupo específico. Dar conta do número de persoas participantes desagregado por sexo)</i>	<input type="text"/>
5. Localidade de realización da actuación <i>(Indicar si se trata dunha zona do interior ou costeira, rural ou urbana...)</i>	<input type="text"/>
6. Tipo de actuación <i>(Descrición do tipo de actuación: cursos, estudos, guías, campañas... Indicar o número de edicións, soportes., segundo o tipo de actuación)</i>	<input type="text"/>
7. Obxectivos finalmente acadados <i>(Dar conta dos resultados)</i>	<input type="text"/>
8. Orzamento	<input type="text"/>
9. Data de realización da actividade	<input type="text"/>
10. Valoración cualitativa <i>(Dar conta de outros indicadores cualitativos: valoración do grao de satisfacción, nivel de implicación...)</i>	<input type="text"/>

As fichas avaliativas de cada unha das actuacións recollidas no presente Plan deben de achegarse á DXXV a través dos representantes permanentes de cada departamento ou órgano xestor. A periodicidade coa cal se deben presentar os datos establécese ao remate de cada exercicio, por tanto, podemos falar dunha periodicidade anual. Coas informacións recompiladas, o grupo coordinador interno da DXXV procederá a elaboración dun informe de avaliación por cada exercicio rematado que servirán de base para a elaboración do informe final de avaliación do III Plan Estratégico de Xuventude, Xuventude 2013: Unha estratexia para a mocidade galega. Tanto os informes de avaliación parciais como o final serán elevados á Comisión Interdepartamental de Xuventude. Así mesmo, a través da web da DXXV habilitarase un espazo de opinión onde mozos e mozas, como principais implicados, profesionais, organismos, entidades... vertan as súas opinións e suxestións respecto da implementación do III Plan Estratégico de Xuventude, Xuventude 2013: Unha estratexia para a mocidade galega, que serán incorporadas aos procesos de seguimento e avaliación deseñados.

10.

ENTIDADES COLABORADORAS



10.- ENTIDADES COLABORADORAS

Entidades promotoras

- Academia Galega de Seguridade Pública
- Asociación Galega de Desenvolvemento Rural
- Axencia Galega Desenvolvemento Rural (AGADER)
- Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC)
- Centro Galego de Arte Contemporanea
- Consellería de Cultura e Turismo
- Consellería de Economía e Industria
- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras
- Consellería do Mar
- Consellería de Traballo e Benestar
- Consello Galego de Cooperativas
- Colexio Oficial de Biólogos de Galicia
- Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos (Consellería Educación e Ordenación Universitaria)
- Dirección Xeral de Comercio (Consellería de Economía e Industria)
- Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal (Consellería de Traballo e Benestar)
- Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (Consellería do Mar)
- Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)
- Dirección Xeral de Formación e Colocación (Consellería de Traballo e Benestar)
- Dirección Xeral de Montes (Consellería de Medio Rural)
- Dirección Xeral de Promoción de Emprego (Consellería de Traballo e Benestar)
- Dirección Xeral de Producción Agropecuaria (Consellería de Medio Rural)
- Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea (Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza)
- Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación (Consellería de Sanidade)

- Dirección Xeral de Sostenibilidade e Paisaxe (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras)
- Dirección Xeral de Tributos (Consellería de Facenda)
- Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Fundación Deporte Galego
- Fundación Galicia Europa
- Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)
- Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA)
- Instituto Galego de Vivenda e Solo
- MeteoGalicia
- Oficina Información Europa para a Mocidade
- Parque Nacional MT Illas Atlánticas de Galicia. D.X. de Conservación da Natureza (Consellería de Medio Rural)
- Servizos de drogodependencias e trastornos aditivos. Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación (Consellería de Sanidade)
- Servizo de formación agroforestal. D.X. de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais (Consellería de Medio Rural)
- Servizo de formación do profesorado
- Secretaría Xeral da Igualdade (Presidencia)
- Secretaría Xeral da Emigración (Presidencia)
- Secretaría Xeral da Calidade e Avaliación Ambiental (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras)
- Secretaría Xeral de Medios (Presidencia)
- Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Presidencia)
- Secretaría Xeral para o Deporte (Presidencia)
- Secretaría Xeral de Política Lingüística (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)
- Secretaría Xeral de Universidades (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

- Servizo de Drogodependencias e trastornos aditivos. Dirección Xeral Saúde Pública e Planificación (Consellería de Sanidade)
- Servizo de Formación Agroforestal. Dirección Xeral Innovación e Industrias agrarias e forestais (Consellería de Medio Rural)
- Servizos+
- Servizo de estilos de vida saudables e educación para a saúde. Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación (Consellería de Sanidade)
- Servizo de Ordenación, Innovación e Orientación Universitaria
- Subdirección Xeral de Colocación. Dirección Xeral de Formación e Colocación (Consellería de Traballo e Benestar)
- Subdirección Xeral de Cooperación Exterior. Dirección Xeral de Relacións Exteriores coa Unión Europea (Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza)
- Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social. Dirección Xeral de Relacións Laborais (Consellería de Traballo e Benestar)
- Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado
- Subdirección Xeral de Promoción de Actividades

Outros entes colaboradores

- AINTEK AE de Grecia
- Algemeine Fryske Underrjotchs Kommissje de Holanda (AFUK)
- Anónimos Solidarios
- Agencia Española de Cooperación para el Desarrollo (AECID)
- Agrupacións de voluntarios de protección civil
- Área Central
- Asociación de colectivos con discapacidade funcional
- Asociación de Jóvenes Empresarios (AJE)
- Asociación de pais, profesionais e amigos das persoas con atraso intelectual de Galicia (SPECIAL OLYMPICS GALICIA)
- Asociación Teense pola Igualdade
- Asociacións xuvenís e de voluntariado

- Asociacións de Xóvenes Creadores
- Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC)
- Bibliotecas Públicas
- CDC Le Pacifique de Grenoble (Francia)
- Cámaras de Comercio
- Camping Cies
- Casas da Xuventude
- Centro Comercial Área Central
- Centros educativos e Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (ANPAS)
- COGAMI (Confederación Galega de Persoas con Discapacidade)
- Colectivos e asociacións
- Colexio Europa de Bruxas (Bélxica) ou Natolin (Polonia)
- Colexio Oficial de Biólogos de Galicia
- Colexios profesionais de Galicia
- Comarcas de Comercio
- Confederación de empresarios de hostalería de Galicia
- Confederacións e federacións de cooperativas
- Concellos
- Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
- Consello Económico e Social
- Consello Galego de Cooperativas
- Consello da Xuventude de Galicia
- Consorcio de Santiago
- Coordinador eTwinning en Galicia
- Clubes deportivos
- Dance Ireland de Dublin (Irlanda)
- Delegacións provinciais
- Dirección General de Tráfico (DGT)
- Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura (Consellería de Cultura e Turismo)
- Dirección Xeral de Relacións Laborais (Consellería de Traballo e Benestar)

- Dirección Xeral de Turismo (Consellería de Cultura e Turismo)
- Escola Galega de Administracións Públicas (EGAP)
- Empresas galegas
- Empresas e/ou entidades públicas de Belfast, Francia, Italia, Irlanda, Holanda, Reino Unido e Portugal
- Entidades financeiras
- Entidades privadas de iniciativa social sen ánimo de lucro
- Facultade de Ciencias Económicas (USC)
- Federacións deportivas
- Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP)
- Federación Galega de Xóvenes Empresarios (FEGAXE)
- Fiscalía General del Estado (FGE)
- Formation Tout au Long de la Vie (GIP)
- Fundación Fernando de la Torre
- Institucións comunitarias
- Instituto Galego de Consumo
- Kampanagel Tanzplan de Hamburgo (Alemaña)
- Lubelski Teatr Tanca de Lublin (Polonia)
- Mancomunidad de la Área Intermunicipal de Vigo (MAIV)
- Ministerio de Vivenda
- Navieras
- Oficinas de Información ao Consumidor
- Oficina de Información Europea para a Mocidade
- Oficinas transfronteirizas de Información Xuvenil de Tui e Verín
- OMIX dos Concellos
- Organismos públicos locais ou rexionais
- Organización de las Naciones Unidas para la Agricultura y la Alimentación (FAO)
- Organizacións empresariais
- Organizacións sindicais
- Parlamento de Galicia

- Plataforma Estatal de Voluntariado
- Rede de Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local
- Rede Española de Albergues Xuvenís
- Residencias xuvenís
- Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil
- S.A. Xestión do Plan Xacobeo
- Secretaría Xeral de Universidades (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)
- Secretaría Xeral de Turismo (Consellería de Cultura e Turismo)
- Servizo Galego de Saúde (SERGAS)
- Servizo de Inspección Educativa
- Servizos Lingüísticos dos concellos integrados na Rede de Dinamización Lingüística
- Sociedades de Garantía Recíproca
- Turgalicia
- United Nations Development Fund for Women (UNIFEM)
- Universidade Católica de Louvain (Kul)
- Universidade Libre de Bruxelas (ULB)
- Universidades do SUG
- Tive Madrid